

INFORME DOS
ORZAMENTOS EN TERMOS
DE OBXECTIVOS DA
AXENDA 2030 E DENDE A
PERSPECTIVA DA
INFANCIA E ADOLESCENCIA



Informe dos orzamentos en termos de obxectivos da axenda 2030 e dende a perspectiva da infancia e adolescencia

CONTIDO

I.	INTRODUCCIÓN: ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBTXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE	7
I.1.	AXENDA 2030: SITUACIÓN ACTUAL A NIVEL MUNDIAL.	9
I.2.	AXENDA 2030: IMPLANTACIÓN E SITUACIÓN ACTUAL EN ESPAÑA.	10
I.3.	AXENDA 2030: IMPLANTACIÓN E SITUACIÓN ACTUAL EN GALICIA.	13
II.	ALCANCE, METODOLOXÍA EMPLEADA E ESTRUCTURA DO INFORME	15
II.1.	ALCANCE E AMBITO DO INFORME.	17
II.2.	METODOLOXÍA EMPREGADA.	18
II.3.	ESTRUTURA.	22
III.	RESUMO EXECUTIVO	25
IV.	ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS COS ODS DA AXENDA 2030	31
IV.1.	PRIMEIRA APROXIMACIÓN E BALANCE XERAL.	33
IV.2.	ALIÑAMENTO COS 17 ODS E AS CATRO DIMENSIONS ESPECÍFICAS DA AXENDA 2030.	37
V.	ORZAMENTO EN VERDE	115
V.1.	INTRODUCCIÓN	117
V.2.	ALCANCE E MÉTODO EMPREGADO	117
V.3.	ANÁLISE DOS RESULTADOS	121
VI.	ANEXO I	125
VII.	O ORZAMENTO 2026 DENDE A PERSPECTIVA DA INFANCIA E ADOLESCENCIA	129
VII.1.	XUSTIFICACIÓN DO INFORME	131
VIII.	SITUACIÓN DA INFANCIA EN GALICIA	135
IX.	ANÁLISE DA INFORMACIÓN	147

IX.1.	RESULTADOS XERAIS _____	149
IX.2.	A ESTRUCTURA POR CATEGORÍA PRINCIPAL DE GASTO _____	152
IX.3.	CLASIFICACIÓN DOS PROXECTOS _____	152
X.	ORZAMENTO EN INFANCIA E ADOLESCENCIA SEGUNDO O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG) _____	155
XI.	CONCLUSIÓN _____	159
XII.	BIBLIOGRAFÍA _____	163



INTRODUCCIÓN: ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

I. INTRODUCCIÓN: ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA COS OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

I.1. AXENDA 2030: SITUACIÓN ACTUAL A NIVEL MUNDIAL.

En setembro de 2015, na cume celebrada en Nova York polos Estados membros das Nacións Unidas, aprobouse, por unanimidade, o documento “Transformando o noso mundo: a Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable”.

A Axenda é un plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade, integrada por 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (en diante, ODS), 169 metas e 232 indicadores a acadar en 15 anos. Pero, a diferenza doutros obxectivos de desenvolvemento formulados en ocasións anteriores, son universais e afectan tanto a países desenvolvidos coma aos países en desenvolvemento, son de carácter integrado e indivisible, e conxugan as tres dimensións do Desenvolvemento Sustentable: económica, social e ambiental.

Ilustración 1. Obxectivos de desenvolvemento sustentable definidos por Nacións Unidas.



Fonte: Nacións Unidas.

No Informe dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), de periodicidade anual, (elaborado polo Departamento de Asuntos Económicos e Sociais das Nacións Unidas, con achegas das organizacións internacionais e rexionais, así como os fondos, os programas e os organismos do sistema das Nacións Unidas) proporciónase un panorama xeral dos esforzos realizados ata a data para a súa aplicación en todo o mundo, subliñando as esferas de progreso e as esferas nas que se deben tomar máis medidas para garantir que ninguén quede atrás.

○ último **Informe publicado polo Consello Económico e Social das Nacións Unidas sobre os Progresos para lograr os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (1)**, alerta de que, a pouco máis de 6 anos da data límite para a Axenda 2030, a pandemia polo COVID-19, o incremento das tensións xeopolíticas e os desastres relacionados co clima ameazan o progreso logrado para cumprir os ODS.

Aínda que en nalgúns ámbitos se rexistran avances, sinala o informe que, das metas establecidas nos ODS, só o 18% das mesmas avanzaron axeitadamente e o 17% avanzou de xeito moderado, mentres que un 31% ten melloras mínimas e o 35% restante permanece estancado ou incluso involucionou ata situarse por debaixo da base de referencia de 2015.

Debido á pandemia, en 2020 produciuse o primeiro incremento global nos niveis de pobreza extrema en décadas, o cal aínda non se conseguiu reverter; se proseguen as tendencias actuais, en 2030 seguirán vivindo na pobreza extrema o 8,9% da poboación mundial e un de cada cinco países cumpriran a meta de reducir a metade o nivel nacional de pobreza. Os prezos dos alimentos son moderada ou anormalmente elevados no 50% dos países, mellorando o 60% rexistrado en 2022 (ao que facía referencia o informe de 2024), pero seguen sendo tres veces máis países que no período 2015-2019, ao verse empeorada a situación nos países do sueste asiático, derivado de problemas meteorolóxicos, acumulacións de stocks e restricións comerciais.

En relación co obxectivo 5, igualdade de xénero, os avances seguen sendo moi escasos; a modo de exemplo, co ritmo de mellora actual, requiriríanse cerca de 100 anos para alcanzar a igualdade en postos directivos, se ben supón unha mellora respecto de anos anteriores; destacan neste sentido as grandes diferenzas entre rexións, sendo as máis desiguais Asía e o norte de África. Ademais, segundo resalta o informe, as mulleres continúan a destinar 2,5 veces máis tempo ás tarefas do fogar que os homes.

E no ámbito da educación, observase un avance moi lento nas metas perseguidas, sendo especialmente preocupante a caída nas puntuacións relativas ás competencias de lectura e matemáticas que pon de manifesto o informe PISA relativo ao ano 2022.

1.2. AXENDA 2030: IMPLANTACIÓN E SITUACIÓN ACTUAL EN ESPAÑA.

O proceso de implantación da Axenda 2030 en España iniciouse coa celebración do Consello de Ministros do 29 de xuño de 2018 (2), onde tivo lugar a aprobación do “Plan de Acción para a implantación da Axenda 2030: Cara a unha Estratexia Española de Des-

1

Informe de los Objetivos de Desarrollo Sostenible. 2025.

<https://unstats.un.org/sdgs/report/2025/>

2

Con anterioridade a esta data, creouse un Grupo de Alto Nivel onde se reunían os representantes autonómicos co goberno anterior para debater o mellor enfoque de implantación de la Axenda 2030. Sen embargo, pódese dicir que foi coa celebración deste Consello de Ministros coa que se materializou a Axenda 2030 de maneira efectiva en España.

envolvemento Sustentable", en cuxa elaboración participaron todos os Departamentos Ministeriais, así como as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais e organizacións representativas da sociedade civil. No plan propoñíase unha batería de políticas prioritarias, nove políticas panca, que desempeñaron un papel moi relevante á hora de canalizar os esforzos cara ao avance da Axenda 2030.

Posteriormente, a través da Orde PCI/169/2019, de 22 de febreiro, creouse o Consello de Desenvolvemento Sustentable, órgano asesor, de colaboración da participación da sociedade civil para o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable e a Axenda 2030. O Consello estivo adscrito ata xaneiro de 2020 á Oficina do Alto Comisionado para a Axenda 2030, órgano suprimido en xaneiro de 2020 sendo as súas funcións asumidas pola Secretaría de Estado para a Axenda 2030.

A Axenda 2030 supón un compromiso de todos os sectores –públicos e privados, individuais e colectivos- que conforman a sociedade española. Pero deben ser os poderes públicos e as administracións públicas os que exerzan un maior liderado e asuman a responsabilidade do seu impulso.

Unha das mellores formas de exercer este liderado é a través do deseño e execución das políticas de gasto contidas nos orzamentos públicos e a súa contribución aos distintos ODS. Os orzamentos son, en efecto, un instrumento esencial na planificación das políticas públicas.

A contribución dos orzamentos públicos ao desenvolvemento sustentable realízase a través dos seus catro funcións principais:

- a función redistributiva da renda e a riqueza;
- o fomento do crecemento económico;
- a función de asignación dos recursos públicos incentivando aquelas actuacións que se consideran beneficiosas para o interese xeral e desincentivando aquelas que teñen efectos externos negativos como as actividades contaminantes;
- e por último a función de estabilización económica.

Todo iso permite afirmar que é a iniciativa pública, a través do exercicio das súas competencias, a principal panca no impulso dos ODS.

En tal sentido, o Plan de Acción contempla dez medidas transformadoras, que poden definirse como accións e iniciativas políticas de rápida implementación cunha capacidade de transformación extraordinariamente alta para sentar as bases para un desenvolvemento exitoso das políticas panca e da Estratexia de Desenvolvemento Sostible. En concreto a medida transformadora VII, baixo o título de "Orzar para os ODS", determina o man-

dato de establecer nos Orzamentos a aliñación das políticas de gasto ao logro dos ODS. En concreto, esta medida establece que debe realizarse unha análise funcional do gasto e determinar se ten como finalidade contribuír ao desenvolvemento sustentable.

En desenvolvemento desta medida transformadora VII, a Orde ministerial pola que se ditan as normas para a elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado para 2021 (PGE 2021) inclúe, como parte da documentación que debe acompañar aos orzamentos, o *Informe de aliñamento dos Orzamentos Xerais do Estado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030*. Os Orzamentos Xerais do Estado para 2021 son, por tanto, os primeiros que incluíron un informe de aliñamento das políticas de gasto que integran devanditos Orzamentos cos ODS da Axenda 2030.

Para o exercicio 2022, a Orde Ministerial HAC/669/2021, de 25 de xuño de 2021, pola que se ditan as normas para a elaboración dos Orzamentos Xerais do Estado para 2022, introduciuse unha novidade en relación ao informe de aliñamento, en concreto co que ten que ver coa recollida de información, o formato, as instrucións e a forma de remisión da información relativa á contribución das políticas públicas á consecución dos ODS (3).

Con respecto ao exercicio 2023, o informe pon de manifesto as melloras producidas con respecto aos dous informes anteriores, grazas á colaboración e recomendacións recibidas doutras institucións, tanto en aspectos técnicos de elaboración dos contidos como na divulgación e comunicación dos resultados do informe. En particular debe mencionarse a asistencia técnica desenvolvida no marco do programa da Comisión Europea (DG Reform): Structural Report Support Programme (SRSP).

O aliñamento orzamentario aos ODS supón un novo enfoque do Orzamento, transversal e estratéxico, que permite enmarcar a acción política en resposta aos retos presentes e futuros da sociedade española, especialmente naqueles ámbitos que están e van seguir marcando o devir da axenda social, económica e ambiental dos próximos anos.

Esta visión resulta especialmente relevante nesta difícil etapa que todos os países están a afrontar para superar os efectos persistentes da Covid-19, os impactos da crise climática e as guerras en Ucraína e en Oriente Próximo. Neste contexto, a Axenda 2030 cobra se cabe máis importancia e debe ser a folla de ruta imprescindible para abordar a reconstrución social e económica do país.

De xeito paralelo ao informe anual de seguimento dos ODS elaborado pola ONU, o goberno español tamén procedeu a redactar o *Exame nacional voluntario 2024* (4) para o noso país. Este exame supón unha continuación da avaliación realizada no Informe de

3 Resolución relativa ao Informe de aliñamento dos Orzamentos do 2022 aos ODS
4 Exame nacional voluntario 2024 - España

Progreso 2022 e 2023, que constituíron os dous primeiros informes elaborados trala aprobación da Estratexia de Desenvolvemento Sustentable 2030 (EDS 2030).

No exame detállanse os avances realizados nas prioridades de actuación comprometidas na Estratexia de Desenvolvemento Sustentable 2030. Así, na primeira sección, cada capítulo abarca as principais actuacións correspondentes a cada un dos oito Retos principais nos que se articula a EDS 2030, analizando avances e retrocesos. Nunha segunda sección, analízanse as medidas e estratexias adoptadas para a consecución dos retos fixados, así como os futuros pasos a tomar, dividindo estas medidas en 4 eixes de actuación. Nunha terceira sección, incorpórase un enfoque territorial, no que se analiza a implantación da Axenda 2030 tanto a nivel de comunidades autónomas como de entidades locais, e que inclúe a contribución destes entes ás distintas políticas aceleradoras.

Na seguinte sección do exame destácanse os avances na posta en marcha do sistema integral de Coherencia de Políticas para o Desenvolvemento Sustentable (CPDS), tales como o aliñamento orzamentario e normativo, a capacitación dos empregados públicos e o desenvolvemento de espazos de participación e colaboración necesarios para obter a visión integradora necesaria para a CPDS.

Remata o exame cun breve análise dos eixes prioritarios para unha sociedade do benestar, centrándose naqueles ámbitos nos que España enfronta retos persistentes nos que se deben reforzar as políticas públicas para acelerar o cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030; estes retos están vinculados coa eliminación da pobreza, a loita contra o cambio climático, a eliminación da precariedade laboral, a mellora dos coidados á cidadanía e a adopción dunha fiscalidade máis xusta.

I.3. AXENDA 2030: IMPLANTACIÓN E SITUACIÓN ACTUAL EN GALICIA.

A primeira referencia que se ten da Axenda 2030 en Galicia foi no ano 2018, ano no que se realizou un documento de análise sobre a implantación e as implicacións e efectos que supoñía a mesma en Galicia⁽⁵⁾. Do documento extraeuse que Galicia situábase nun bo punto de partida respecto a moitas das metas expostas polos ODS, algunhas das cales aluden a retos mesmo xa superados por parte da sociedade galega. Con todo, existe un amplo conxunto de metas que supoñen desafíos presentes na realidade galega.

Tamén é necesario poñer de manifesto que moitas das citadas metas xa foron identificadas no Plan Estratéxico Galicia (PEG) ou en diversos plans e estratexias sectoriais (Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia, Estratexia Galega de Cambio Climático e Energía 2050, Estratexia Galega de Economía Circular 2030, Estratexia de Inclusión Social

⁵ Previa a elaboración deste documento, a Xunta de Galicia, en concreto, a Consellería de Medio Ambiente, mantivera reunións no denominado Grupo de alto Nivel, con representantes do goberno anterior e os demais representantes autonómicos, co fin de definir o enfoque para a implantación da axenda 2030.


de Galicia 2014-2020, IV Plan Director da cooperación galega 2018-2021, entre outros). Existe, pois, unha notable conexión entre as políticas públicas aplicadas na rexión e a axenda internacional de desenvolvemento. Neste sentido, pode dicirse que desde moitas áreas de goberno xa se está traballando na consecución dos ODS, aínda que a vinculación total non sexa o suficientemente visible.

Para levar a cabo a implantación da Axenda dunha maneira máis efectiva, fíxose necesaria a creación dun instrumento de coordinación entre os diferentes departamentos da Xunta de Galicia. Así, por proposta da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día trinta e un de outubro de 2019, produciuse a creación da Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030, así como a regulación da súa composición, das súas funcións e o réxime de funcionamento.

Tendo en conta todo o anterior, e de xeito paralelo ao mandato estatal de realizar un aliñamento dos orzamentos aos ODS, na ORDE de 9 de outubro de 2020 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 establécese que un “Grupo de traballo ODS 2030” asignará os proxectos de gasto coa lóxica da estratexia de sustentabilidade 2030. Polo tanto, ao igual que ocorreu no ámbito estatal, o ano 2021 foi o primeiro exercicio no que o orzamento incluíu un informe das cifras orzamentarias en clave de obxectivos da Axenda 2030.

En liña cos exercicios anteriores, a ORDE do 23 de xuño do 2025 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, incorpora de novo o mandato da realización do presente informe.

Ademais, a Consellería de Medio Ambiente realiza anualmente un informe de seguimento da Axenda 2030; no último informe dispoñible, trasladado ao Parlamento en xuño do 2024, analízase o avance de Galicia no cumprimento dos obxectivos da Axenda mediante o uso de 172 indicadores repartidos entre 60 metas diferentes, que cobren 16 dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible. Durante o período 2015-2020 analizado no dito informe, a meirande parte dos indicadores tiveron unha tendencia positiva, aínda a pesar da incidencia da pandemia do Covid-19; ademais, os indicadores tamén mostraron un mellor desempeño en comparación cos seus equivalentes estatais.



ALCANCE, METODOLOGÍA EMPLEADA E ESTRUCTURA DO INFORME

II. ALCANCE, METODOLOXÍA EMPLEADA E ESTRUCTURA DO INFORME

II.1. ALCANCE E AMBITO DO INFORME.

II.1.1. *Alcance do informe.*

O aliñamento dos orzamentos públicos cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) constitúe un dos elementos fundamentais para orientar as políticas públicas cara ao desenvolvemento sustentable na súa tripla dimensión social, ambiental e económica, xunto á dimensión institucional como elemento de cohesión.

O principal obxectivo deste informe é reflectir a relación entre os ODS e as políticas e programas orzamentarios previstos nos Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2026.

O cumprimento deste obxectivo esixe unha estratexia de implantación gradual, tendo en conta tanto a diversa tipoloxía dos subsectores e entidades que forman parte dos orzamentos da Comunidade Autónoma, como o carácter innovador que ten a elaboración deste informe, xa que conta con poucos precedentes no panorama nacional e internacional. Estanse a producir avances na recompilación da información por parte de todos os órganos xestores, de xeito que a colaboración conxunta de todos os departamentos estase a manifestar nunha mellora na calidade da información empregada para levar a cabo a vinculación dos créditos orzamentarios.

II.1.2. *Ámbito subxectivo.*

O presente Informe de aliñamento dos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 circunscríbese ás entidades con orzamento limitativo, é dicir o denominado Orzamento consolidado que, de acordo co artigo I da lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, integra:

- a) Os orzamentos da Administración xeral, na cal se incorporan os órganos estatutarios e consultivos.
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos.
- c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para os efectos orzamentarios.
- d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.

e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas a que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico a que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do Sistema europeo de contas, agás as universidades públicas.

II.1.3. Ámbito obxectivo.

Dende o punto de vista obxectivo, o ámbito do Informe refírese aos estados de gastos dos Orzamentos **consolidados**. Ademais, o Informe de aliñamento realizouse en termos de políticas e programas de gasto. Para ese efecto, consideráronse todas as políticas de gasto que forman parte do orzamento consolidado, *cunha excepción*: atendendo á clasificación económica, non se teñen en conta os capítulos 8 e 9 de activos e pasivos financeiros. En definitiva, o gasto que se está a analizar é gasto non financeiro.

II.2. METODOLOXÍA EMPREGADA.

A definición das políticas orzamentarias responde á necesidade de reflectir a finalidade de última que persegue a acción da administración pública no uso das dotacións dos créditos do orzamento. A combinación de ambos elementos define e delimita a clasificación do gasto en función da súa finalidade e é o que se denomina clasificación funcional do gasto.

Tomando como referencia o contido da encomenda que fai a medida transformadora VII para o ámbito estatal (6), a mesma expón a realización dunha análise funcional do gasto atendendo a aquel que teña como finalidade o desenvolvemento sustentable. Polo tanto, o obxectivo deste informe pretende aliñar cada un dos programas de gasto cos 17 ODS recollidos na Axenda 2030.

6 O proceso de implantación da Axenda 2030 en España iniciouse coa celebración do Consello de Ministros do 29 de xuño de 2018, onde tivo lugar a aprobación do “Plan de Acción para a implantación da Axenda 2030: Cara a unha Estratexia Española de Desenvolvemento Sustentable. O Plan de Acción estatal contempla a medida transformadora VII, baixo o título de “Orzar para os ODS”, que se concreta no mandato de establecer nos Orzamentos a aliñación das políticas de gasto ao logro dos ODS.

Sen embargo, hai que ter en conta que o *concepto de desenvolvemento sustentable* que realiza a Axenda 2030, a diferenza do que ocorre coas partidas orzamentarias definidas a partir das clasificacións da Lei Xeral Orzamentaria, fundaméntase nas externalidades positivas que se desprenden dos ODS e a interrelación existente entre os mesmos, de forma que o “desenvolvemento sustentable” é un concepto máis amplo que incorpora na súa consecución unha serie de sinerxías que son de difícil cuantificación.

A problemática dos efectos directos ou inmediatos que producen as accións levadas a cabo dentro dun programa de gasto podería resolverse se a súa cuantificación se aproxima ao seu custo. Sen embargo os efectos indirectos que se derivan máis aló do seu fin inmediato producen un **valor engadido adicional**, cunha cuantificación económica que implica unha maior complexidade.

Se temos en conta o anterior, o simple aliñamento dos programas a un só ODS non estaría reflectindo a verdadeira aportación do orzamento aos mesmos, tanto por obviar os efectos indirectos e sinerxías como por non ter en conta o feito de que moitos dos recursos empregados poden ter repercusión na consecución simultánea, aínda que en distinto grao, de varios obxectivos de desenvolvemento sustentable.

En definitiva, o concepto de aliñamento orzamentario non pode identificarse unicamente coa asignación cuantitativa dos créditos orzamentarios, xa que como xa se comentou, o concepto de aliñamento implica engadir ao estudo criterios cualitativos. Agora ben, esta vertente cualitativa derivada das actuacións de gasto é de difícil análise dende un punto de vista orzamentario –cunha visión fundamentalmente cuantitativa-. Faise polo tanto necesario un análise cualitativo a través de indicadores de seguimento que están a ser desempeñados por outros organismos competentes (7), e que polo tanto, non son obxecto deste informe.

Finalmente, debe sinalarse que **non necesariamente todos os créditos orzamentarios teñen que estar directamente aliñados con algún ODS**. Trataríase de actuacións de carácter instrumental ou horizontal que non poden identificarse cun ou outro Obxectivo, ou de actuacións que non teñen incidencia significativa no cumprimento da Axenda 2030. En concreto, non se terán en conta os gastos de funcionamento dos órganos que levan a cabo a as actuacións, pero si os gastos operativos.

Tendo en conta todas estas consideracións, o obxectivo do presente informe é por de manifesto o *grao de contribución* das políticas dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia á consecución dos ODS, pero non pretende avaliar a consecución en si mesma.

Para recompilar a información necesaria, introduciuse unha nova necesidade de subministro de información no momento de elaboracións dos orzamentos xerais de co-

7

Fundamentalmente a Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030 e o Instituto Galego de Estatística. A nivel estatal tamén se levan a cabo labores de análise polo Instituto Nacional de Estatística, e de maneira comparada entre os distintos países, polas Nacións Unidas.

munidade autónoma. Deste xeito, no momento de carga dos proxectos no aplicativo informático empregado, os xestores teñen a encomenda de cubrir un apartado adicional: a contribución aos ODS da Axenda 2030.

Os pasos a seguir para facilitar a información poden resumirse nos seguintes catro pasos:

1. En primeiro lugar, o xestor debe identificar se o proxecto de gasto contribúe, nalguna medida, á consecución das metas da Axenda 2030.
2. Identificada a parte do proxecto que contribúe directamente á Axenda 2030, analizaranse cales son os ODS afectados.
3. Identificados os ODS, deberán seleccionaranse as metas concretas ás que o proxecto contribúe, identificando tantas metas como actuacións relacionadas.
4. Para poder coñecer o grao de contribución, o xestor distribuirá o importe do proxecto de gasto entre as metas seleccionadas.

Esta cuantificación correspóndese cunha “contribución directa” entendendo como tal cando a actuación orzada constitúe o obxectivo ou obxectivos principais dunha meta da Axenda 2030, sen prexuízo de que existan outros obxectivos de menor prioridade ou indirectos.

Como xa se adiantou, o nivel de análise levouse a cabo ao detalle de proxecto, observando a conexión das actuacións de cada un deles coas metas específicas recollidas en cada ODS. En concreto, levouse a cabo o aliñamento de máis de *2.150 proxectos, recollidos en 113 programas de gasto*, clasificados á súa vez nas *21 prioridades de actuación* do Plan Estratéxico de Galicia 22-30 (PEG). No anexo I se detalla a estrutura deste documento estratéxico.

Sen embargo, hai que recordar que, debido á relación existente entre os propios obxectivos de desenvolvemento sustentable, unha mesma actuación pode contribuír de forma indirecta á consecución de varios obxectivos. Debido á complexidade que suporía identificar esta contribución indirecta ou externalidade positiva por cada proxecto de gasto, neste informe só se está a analizar a relación ou contribución directa..

Ilustración 2. Contribución das políticas de gasto aos ODS.



Como consecuencia no cambio na metodoloxía empregada, os datos dos anos anteriores non son directamente comparables cos resultados da presente anualidade. O maior coñecemento das actuacións levadas a cabo para a aliñación e a necesaria vinculación

cunha meta concreta dun ODS supón melloras no análise dos datos, pero implica tamén pequenas diferencias con respecto aos criterios dos exercicios anteriores.

É importante matizar de novo, que o esforzo orzamentario non pretende analizar o maior ou menor grao de consecución dos ODS da Axenda 2030. Esta análise debe realizarse a través da avaliación e seguimento dos 17 ODS e as súas 169 metas, principalmente a través dos indicadores de Nacións Unidas.

II.3. ESTRUCTURA.

Con respecto á estrutura do informe, vaise levar a cabo unha primeira aproximación, para distinguir a parte do orzamento que si estaría aliñada cos 17 ODS da Axenda 2030.

Segundo as Nacións Unidas, a Axenda representa “o compromiso internacional para facer fronte aos retos sociais, económicos e ambientais da globalización, poñendo no centro ás persoas, o planeta, a prosperidade e a paz”(8).


Como consecuencia, pódese extraer que os tres alicerces que sustentan o Desenvolvemento Sustentable son:

- o crecemento económico inclusivo,
- o benestar e xustiza social
- e a protección do medio ambiente.

Estes tres alicerces enmárcanse ademais nunha dimensión institucional, configurada como elemento de cohesión que posibilita o desenvolvemento das políticas orientadas ao logro dos obxectivos da Axenda 2030.

Cada unha das **dimensións** concentra por tanto varios ODS dos 17 previstos da Axenda 2030.

Ilustración 3. Dimensións diferenciadas dentro do conxunto dos ODS.



Fonte: Nacións Unidas


Unha vez diferenciadas as **catro dimensións** fundamentais nas que se basea o desenvolvemento sustentable, levarase a cabo unha análise de cada unha delas, amosando as prioridades de actuación e os programas de gasto vinculados a cada una, cos seus importes correspondentes.

Dentro do análise de cada dimensión, realizarase unha avaliación máis detallada de cada un dos ODS, tendo en conta as principais metas que establecen as Nacións Unidas para á consecución dos obxectivos, así coma un pequeno diagnóstico da situación actual de Galicia en cada ámbito de actuación.

Para abordar a labor de análise levouse a cabo unha colaboración co **Instituto Galego de Estatística (IGE)**, organismo que difunde os **Indicadores estatísticos da Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable en Galicia**. Esta actividade proporciona series de datos estatísticos procedentes de fontes de información oficiais que permiten medir en Galicia os indicadores definidos polas Nacións Unidas. Existen obxectivos e metas para os que aínda non se dispón de ningunha serie de datos que permita monitorizar a súa evolución, pero iranse incorporando de forma progresiva a medida que se analicen outras fontes de información oficiais dispoñibles ou se acometan novas estatísticas destinadas a satisfacer aquelas necesidades sobre as que actualmente non existe información (9).

⁹ Os indicadores difundidos teñen unha metodoloxía harmonizada polos órganos centrais de estatística das comunidades autónomas, o que garante a súa comparabilidade a nivel autonómico.

Así mesmo, contamos coa colaboración e os datos ofrecidos pola Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda. É importante matizar que o obxectivo fundamental deste informe é o aliñamento dos créditos orzamentarios, e non a avaliación do grado de consecución dos ODS, labor que leva a cabo a Comisión Interdepartamental para o Seguimento da Axenda 2030, a través do informe de “Diagnóstico dos Indicadores Axenda 2030”.



RESUMO EXECUTIVO

III. RESUMO EXECUTIVO

En setembro de 2015, os Estados membros das Nacións Unidas aprobaron por unanimidade, unha resolución na que se recoñece que o maior desafío do mundo actual é a erradicación da pobreza e afirman que sen lograla, non pode haber desenvolvemento sustentable.

A Axenda é un plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade, integrada por 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (en diante, ODS), 169 metas e 232 indicadores a acadar no ano 2030.

A primeira referencia que se ten da Axenda 2030 en Galicia foi no ano 2018, ano no que se realizou un documento de análise sobre a implantación e as implicacións e efectos que supoñía a mesma en Galicia. Do documento extraeuse que Galicia situábase nun bo punto de partida respecto a moitas das metas expostas polos ODS, algunhas das cales aluden a retos mesmo xa superados por parte da sociedade galega. Con todo, existe un amplo conxunto de metas que supoñen desafíos presentes na realidade galega.

Co fin de mellorar na xestión actual vinculada á Axenda 2030, no ano 2021 elaborouse por primeira vez o *Informe de aliñamento dos Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia*, de acordo co previsto na Orde de 9 de outubro de 2020 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021. En liña coa labor realizada nos exercicios anteriores, para os orzamentos de 2026, establécese na Orde de elaboración dos mesmos, que, de novo, un “Grupo de traballo ODS 2030” asignará os proxectos de gasto coa lóxica da estratexia de sustentabilidade 2030.

O principal obxectivo deste informe é reflectir a relación entre os ODS e as políticas e programas orzamentarios previstos nos Orzamentos Xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2026. En concreto, o que se pretende é por de manifesto o grao de contribución das políticas dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia á consecución dos obxectivos.

Para determinar o grao de contribución de cada política de gasto no logro dos ODS, identificáronse en primeiro lugar os ODS que teñen unha relación directa coas actuacións contempladas dentro de cada unha das políticas. Para o citado análise identificamos as políticas de gasto coas prioridades de actuación que recolle o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 (PEG 22-30); e o nivel de análise levouse a cabo ao detalle de proxecto, observando a conexión das actuacións de cada un deles coas metas específicas recollidas en cada ODS. En concreto, levouse a cabo o aliñamento de máis de 2.150 proxectos, recollidos en 113 programas de gasto, clasificados á súa vez nas 21 prioridades de actuación do PEG 22-30.

Para poder realizar unha comparación efectiva entre políticas de gasto, introduciuse o termo de esforzo orzamentario, que ten en conta o grao de contribución directa a un ODS en relación á dotación total de cada política de gasto.

A Axenda representa “o compromiso internacional para facer fronte aos retos sociais, económicos e ambientais da globalización, poñendo no centro ás persoas, o planeta, a prosperidade e a paz”.


Do mencionado anteriormente pódese extraer que os tres alicerces que sustentan o Desenvolvemento Sustentable son: o crecemento económico inclusivo, o benestar e xustiza social e a protección do medio ambiente.

Estes tres alicerces enmárcanse ademais nunha dimensión institucional, configurada como elemento de cohesión que posibilita o desenvolvemento das políticas orientadas ao logro dos obxectivos da Axenda 2030.

Non necesariamente todos os créditos orzamentarios teñen que estar directamente aliñados con algún obxectivo de desenvolvemento sustentable. É o caso de actuacións de carácter instrumental ou horizontal que non poden identificarse cun obxectivo concreto ou ben de actuacións que non teñen incidencia significativa no cumprimento da Axenda 2030.

Como se pode observar na táboa seguinte, en torno o 8% non estaría aliñado cos obxectivos de desenvolvemento sustentable, tratándose fundamentalmente de diversos gastos operativos e de funcionamento da administración xeral. Así mesmo, existen unha serie de proxectos nas distintas prioridades de actuación que non amosan contribución directa ás metas específicas previstas dentro de cada un dos ODS.

Cadro 1. Porcentaxe de aliñamento do orzamento 2026 aos ODS.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública


Unha vez delimitado o gasto aliñado aos obxectivos da Axenda 2030, recóllese na seguinte táboa a distribución cuantitativa do orzamento tendo en conta a contribución das política de gasto a un só obxectivo de desenvolvemento sustentable principal.

Cadro 2. Distribución por dimensións temáticas

	2026	% sobre o total
Dimensión social	10.065.754.183	71%
Dimensión económica	1.632.385.033	11%
Dimensión medioambiental	1.144.411.705	8%
Dimensión institucional	290.074.520	2%
Non aliñado	1.107.037.856	8%
	14.239.663.297	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Como se pode observar na táboa anterior, a dimensión social é a que concentra o maior importe orzamentario con moita diferenza con respecto ás outras tres dimensións, representando un 71% sobre o total.



ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS COS ODS DA AXENDA 2030

IV. ALIÑAMENTO DOS ORZAMENTOS COS ODS DA AXENDA 2030

Neste apartado do informe preséntase o aliñamento dos *Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026* de acordo coa metodoloxía descrita no apartado anterior, e tendo en conta cada unha das dimensións citadas: social, económica, medioambiental e institucional.


IV.1. PRIMEIRA APROXIMACIÓN E BALANCE XERAL.

Para levar a cabo a análise, do total do orzamento consolidado non se terán en conta os capítulos de gasto VIII e IX de activos e pasivos financeiros.

Como xa se adiantou no apartado anterior, non necesariamente todos os créditos orzamentarios teñen que estar directamente aliñados con algún obxectivo de desenvolvemento sustentable. É o caso de actuacións de carácter instrumental ou horizontal que non poden identificarse cun obxectivo concreto ou ben de actuacións que non teñen incidencia significativa no cumprimento da Axenda 2030.

Como se pode observar na táboa seguinte, e xa se adiantou no apartado anterior, ao redor dun 8% non estaría aliñado cos obxectivos de desenvolvemento sustentable, tratándose fundamentalmente de diversos gastos operativos e de funcionamento da administración xeral. Así mesmo, existen unha serie de proxectos nas distintas prioridades de actuación que non amosan contribución directa ás metas específicas previstas dentro de cada un dos ODS.

Cadro 3. Porcentaxe de aliñamento do orzamento aos ODS.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Unha vez delimitado o gasto aliñado aos obxectivos da Axenda 2030, recóllese na seguinte táboa a distribución cuantitativa do orzamento por dimensións, tendo en conta a contribución das política de gasto a un só obxectivo de desenvolvemento sustentable principal.


Cadro 4. Distribución cuantitativa por dimensións temáticas dos orzamentos xerais da CA de Galicia 2026.

	2026	% sobre o total
Dimensión social	10.065.754.183	71%
Dimensión económica	1.632.385.033	11%
Dimensión medioambiental	1.144.411.705	8%
Dimensión institucional	290.074.520	2%
Non aliñado	1.107.037.856	8%
	14.239.663.297	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Un 71% do total do orzamento está vinculado á dimensión social, un 11% á dimensión económica, un 8% á dimensión medioambiental e finalmente, un 2% á dimensión institucional.

Gráfico 1. Porcentaxe de aliñamento do orzamento aos ODS, por dimensións de actuación.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública


Se temos en conta o reparto dos créditos orzamentarios entre os 17 ODS, o ODS 3, relacionado coa vida saudable e o benestar, é o ODS que concentra a maior contía respecto do total (un 39,9%), seguido polo ODS 4 relacionado coa educación e a formación (un 21%), ambos ODS pertencentes á dimensión social.

Cadro 5. Distribución por ODS dos orzamentos xerais da CA de Galicia 2026.

	Obxectivos de desenvolvemento sustentable	Orzamento 2026	% sobre o total
	1. Fin da pobreza	56.920.701	0,4%
	2. Fame cero, nutrición e agricultura sustentable	166.780.616	1,2%
	3. Vida saudable e benestar	5.678.998.794	39,9%
	4. Educación de calidade	2.987.903.751	21,0%
	5. Igualdade de xénero	92.691.351	0,7%
	10. Redución das desigualdades	1.082.458.970	7,6%
	8. Traballo decente e crecemento económico	908.122.182	6,4%
	9. Industria, innovación e infraestruturas	724.262.851	5,1%
	6. Auga limpa e saneamento	52.589.722	0,4%
	7. Enerxía asequible e sustentable	105.153.688	0,7%
	11. Cidades e comunidades sustentables	450.399.342	3,2%
	12. Produción e consumo responsables	24.462.828	0,2%
	13. Acción polo clima	257.679.533	1,8%
	14. Vida submarina	103.063.699	0,7%
	15. Vida dos ecosistemas terrestres	151.062.893	1,1%
	16. Paz, xustiza e institucións sólidas	266.154.558	1,9%
	17. Alianzas para cumprir os obxectivos	23.919.962	0,2%
	Non aliñado	1.107.037.856	7,8%
	Total	14.239.663.297	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 2. Distribución por ODS dos orzamentos xerais da CA de Galicia 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.2. ALIÑAMENTO COS 17 ODS E AS CATRO DIMENSIONS ESPECÍFICAS DA AXENDA 2030.

A continuación, farase un análise global de cada unha das dimensións principais de actuación a Axenda 2030, así coma unha descrición das principais metas previstas en cada un dos ODS xunto coa súa contrapartida orzamentaria para o ano 2026.

IV.2.1. DIMENSION SOCIAL

Neste primeiro grupo inclúense o seguintes seis obxectivos de desenvolvemento sustentable:



- ODS 1. Poñer fin á pobreza en todas as súas formas e en todo o mundo
- ODS 2. Poñer fin á fame, lograr a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sustentable
- ODS 3. Garantir unha vida saudable e promover o benestar de todos a todas as idades
- ODS 4. Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos
- ODS 5. Lograr a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e as nenas
- ODS 10. Reducir a desigualdade nos países e entre eles.

O total do orzamento aliñado coa dimensión social situase nos 10.065,7 millóns de euros, supoñendo un 71% do total dos orzamentos xerais para 2026.

Dentro do conxunto dos ODS mencionados, é o relativo á Saúde e benestar o que goza dunha maior importancia en contía económica, seguido da educación.


Cadro 6. Orzamento exercicio 2026 correspondente aos ODS da dimensión social.

Dimensión social	2026	% sobre o total
1. Fin da pobreza	56.920.701	0,6%
2. Fame cero, nutrición e agricultura sustentable	166.780.616	1,7%
3. Vida saudable e benestar	5.678.998.794	56,4%
4. Educación de calidade	2.987.903.751	29,7%
5. Igualdade de xénero	92.691.351	0,9%
10. Redución das desigualdades	1.082.458.970	10,8%
Total	10.065.754.183	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública


Tendo en conta o **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030** (en diante PEG), os cinco eixes están relacionados coa Axenda 2030 do seguinte xeito: a maior contribución da estratexia do goberno galego á dimensión social procede dos **eixes I e 4 do PEG**, pois é nestes eixes onde se aborda o relativo á sanidade (eixe I) e a educación (eixe 4), principais áreas desta dimensión (concentrando da contorna do 98% do total da mesma).

Gráfico 3. Relación dos eixes do PEG 22-30 coa dimensión social da Axenda 2030. Orzamentos 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 4. Relación das prioridades de actuación do PEG 22-30 coa dimensión social da Axenda 2030. Orzamentos 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Como é lóxico, son as prioridades de actuación relacionadas coas materias en cuestión (sanidade, educación e servizos sociais) as que acaparan unha maior contía económica. Sen embargo, tamén hai proxectos que permiten acadar as metas previstas no ámbito social, aínda que están fundamentalmente encamiñadas á consecución doutros obxectivos de desenvolvemento sustentable.

A continuación, vanse avaliar con maior grado de detalle cada un dos ODS previstos nesta dimensión social.



ODS 1. Poñer fin á pobreza en todas as súas formas e en todo o mundo

A nivel mundial, o número de persoas que viven en situación de extrema pobreza diminuíu dende un 36% en 1990 ata un 10% en 2015. Con todo, o ritmo ao que se produce este cambio está a diminuír, e a crise da COVID-19 produciu incluso un incremento nas taxas de pobreza, que, se ben foi xa revertido, impide que as taxas alcancen o seu mínimo histórico, e pon en dúbida o obxectivo de alcanzar só un 3% de pobreza extrema en 2030 (10).

Na actualidade, os países en desenvolvemento son os de maior risco de incremento, xa que son os máis vulnerables en termos de crisis sanitarias, sociais e económicas, dado que, se ben estas afectan a todos os países, os menos desenvolvidos contan con menos capacidade para adoptar medidas de protección para a súa poboación

Dentro do ODS 1, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 7. Obxectivos específicos dentro do ODS 1: fin da pobreza.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
1.1	De aquí a 2030, erradicar para todas as persoas e en todo o mundo a pobreza extrema
1.2	De aquí a 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións conforme as definicións nacionais
1.3	Implementar a nivel nacional sistemas e medidas apropiados de protección social para todos, incluídos niveis mínimos, e, de aquí a 2030, lograr unha ampla cobertura das persoas pobres e vulnerables
1.4	De aquí a 2030, garantir que todos os homes e mulleres, en particular os pobres e os vulnerables, teñan os mesmos dereitos aos recursos económicos e acceso aos servizos básicos, a propiedade e o control da terra e outros bens, a herdanza, os recursos naturais, as novas tecnoloxías apropiadas e os servizos financeiros, incluída a microfinanciación
1.5	De aquí a 2030, fomentar a resiliencia dos pobres e as persoas que se atopan en situacións de vulnerabilidade e reducir a súa exposición e vulnerabilidade aos fenómenos extremos relacionados co clima e outras perturbacións e desastres económicos, sociais e ambientais
1.a	Garantir unha mobilización significativa de recursos procedentes de diversas fontes, mesmo mediante a mellora da cooperación para o desenvolvemento, a fin de proporcionar medios suficientes e previsibles aos países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, para que implementen programas e políticas encamiñados a poñer fin á pobreza en todas as súas dimensións
1.b	Crear marcos normativos sólidos nos planos nacional, rexional e internacional, sobre a base de estratexias de desenvolvemento en favor dos pobres que teñan en conta as cuestións de xénero, a fin de apoiar o investimento acelerado en medidas para erradicar a pobreza

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As metas esenciais para Galicia, de todas as recollidas no ODS, son a 1.2 centrada na redución da pobreza, e a meta 1.5 centrada na redución da vulnerabilidade da poboación en situación de pobreza. Para esta última, non hai datos comparables a través dun indicador estandarizado, pero se facilita información detallada no “Diagnóstico de Indicadores da Axenda 2030”, recollidos fundamentalmente polo IGE e a Axencia Galega de emerxencias.

En relación coa meta 1.2, e segundo os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística, os datos relativos á situación de pobreza en Galicia son os seguintes:

Cadro 8. Indicadores relacionados coa meta 1.2.


Meta 1.2. De aquí a 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións conforme as definicións nacionais											
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	
Proporción de persoas en risco de pobreza relativa (considerando umbral autonómico de	Galicia	Porcentaxe	15,9	15,5	15,2	16,1	15,1	14,5	13,6	...	
	España		20,2	19,5	19,7	20,6	19,4	18,3	18,7	...	
Proporción de persoas en risco de pobreza ou exclusión social: indicador AROPE	Galicia	Porcentaxe	21,6	19,5	19,4	19,9	19,2	18,6	17,3	...	
	España		26,6	25,6	26,1	27,2	25,3	25,1	25,1	...	

Fonte: IGE

Como se pode apreciar, a evolución de ambos indicadores é positiva nos períodos considerados, experimentando unha redución do 14,5% e 20% respectivamente para o caso de Galicia. A redución no caso de España, para ambos casos, sitúase no 7,4% e 5,7% respectivamente.

Tendo en conta o contexto actual, onde aínda se arrastran os efectos da pandemia no ámbito sanitario, económico e social, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 manteñen os esforzos para a erradicación da pobreza, destinando a esta materia case **57,8 millóns de euros**.

Gráfico 5. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 1.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Dentro das metas específicas, o maior importe do esforzo orzamentario concéntrase nas metas 1.2 e 1.3, con máis do 90% do total, destinadas á protección social e a garantir

a igualdade de recursos económicos e de servizos a toda a poboación, e especialmente a máis vulnerable.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 9. Programas de gasto que contribúen ao ODS 1.

Programa de gasto	Orzamento 2026
312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	34.366.149
312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	2.961.486
312E - PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES	113.600
312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	452.327
313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	19.961.172

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Son os proxectos relacionados coa Renda de Inserción Social de Galicia, ademais de outras prestacións económicas ou subsidios os que concentran maior contía (en torno a 40 millóns de euros).



ODS 2. Poñer fin á fame, lograr a seguridade alimentaria e a mellora da nutrición e promover a agricultura sustentable

O acceso aos alimentos é un dereito humano, sen embargo, a desnutrición segue a ser unha realidade e constitúe unha barreira para o desenvolvemento sostible. Un mundo con fame cero pode ter un impacto positivo nas nosas economías, saúde, educación, igualdade e desenvolvemento social. Lograr o Obxectivo 2 é unha peza crave para construír un futuro mellor para todos.

Tras as perturbacións provocadas pola guerra de Ucraína, especialmente no suministro mundial de cereais, a fame global e a inseguridade alimentaria declinaron tanto no 2023 como no 2024, se ben seguen por riba dos niveis previos á pandemia; ademais, o porcentaxe de países que sofren altos prezos alimentarios baixou ata o 50% en 2023, se ben seguen a ser 3 veces máis que os previos á pandemia.

Dentro do ODS 2, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 10. Obxectivos específicos dentro do ODS 2: Fame cero.

Objetivos	Denominación Objetivos
2.1	De aquí a 2030, poñer fin á fame e asegurar o acceso de todas as persoas, en particular os pobres e as persoas en situacións de vulnerabilidade, incluídos os nenos menores de 1 ano, a unha alimentación sa, nutritiva e suficiente durante todo o ano
2.2	De aquí a 2030, poñer fin a todas as formas de malnutrición, incluso logrando, como moito tarde en 2025, as metas convidadas internacionalmente sobre o atraso do crecemento e a emaciación dos nenos menores de 5 anos, e abordar as necesidades de nutrición das adolescentes, as mulleres embarazadas e lactantes e as persoas de idade
2.3	De aquí a 2030, duplicar a produtividade agrícola e os ingresos dos produtores de alimentos en pequena escala, en particular as mulleres, os pobos indíxenas, os agricultores familiares, os gandeiros e os pescadores, entre outras cousas mediante un acceso seguro e equitativo ás terras, a outros recursos e insumos de produción e aos coñecementos, os servizos financeiros, os mercados e as oportunidades para engadir valor e obter empregos non
2.4	De aquí a 2030, asegurar a sustentabilidade dos sistemas de produción de alimentos e aplicar prácticas agrícolas resilientes que aumenten a produtividade e a produción, contribúan ao mantemento dos ecosistemas, fortalezan a capacidade de adaptación ao cambio climático, os fenómenos meteorolóxicos extremos, as secas, as inundacións e outros desastres, e melloren progresivamente a calidade da terra e o chan
2.5	De aquí a 2020, manter a diversidade xenética das sementes, as plantas cultivadas e os animais de granxa e domésticos e as súas correspondentes especies silvestres, entre outras cousas mediante unha boa xestión e diversificación dos bancos de sementes e plantas a nivel nacional, rexional e internacional, e promover o acceso aos beneficios que se deriven da utilización dos recursos xenéticos e os coñecementos tradicionais conexos e a
2.a	Aumentar, mesmo mediante unha maior cooperación internacional, os investimentos en infraestrutura rural, investigación e servizos de extensión agrícola, desenvolvemento tecnolóxico e bancos de xenes de plantas e gañado a fin de mellorar a capacidade de produción agropecuaria nos países en desenvolvemento, particularmente nos países menos adiantados
2.b	Corrixir e previr as restricións e distorsións comerciais nos mercados agropecuarios mundiais, mesmo mediante a eliminación paralela de todas as formas de subvención ás exportacións agrícolas e todas as medidas de exportación con efectos equivalentes, de conformidade co mandato da Rolda de Doha para o Desenvolvemento
2.c	Adoptar medidas para asegurar o bo funcionamento dos mercados de produtos básicos alimentarios e os seus derivados e facilitar o acceso oportuno á información sobre os mercados, mesmo sobre as reservas de alimentos, a fin de axudar a limitar a extrema volatilidade dos prezos dos alimentos

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Dentro deste ODS podemos diferenciar, a grandes trazos, dúas cuestións fundamentais, por un lado o tema da fame e mal nutrición e por outro, o que ten que ver coa produción alimentaria sostible e resiliente (2.4 e 2.5 fundamentalmente).

Con respecto á alimentación, a meta focalízase na eliminación da malnutrición e os efectos derivados a nivel de crecemento. Sobre este tema inflúen tanto aspectos sociais como económicos, e non só hai que ter en conta un peso insuficiente, senón tamén o porcentaxe de poboación con sobrepeso (tema de maior preocupación non países desenvolvidos). En Galicia, no ano 2023 (último dispoñible) a proporción de menores de 2 a 17 anos con obesidade⁽¹¹⁾ foi dun 8,4%; a proporción de menores de 2 a 17 anos con sobrepeso⁽¹²⁾ foi do 17,6%; a Proporción de menores de 2 a 17 anos con peso insuficiente⁽¹³⁾ foi do 9,4%.

¹¹ Obesidade considerada cando: $IMC \geq 30$ kg/m². Datos da Enquisa Nacional de Saúde para o último ano dispoñible, 2023.

¹² Sobrepeso considerado cando: $25 \text{ kg/m}^2 \leq IMC < 30 \text{ kg/m}^2$. Datos da Enquisa Nacional de Saúde 2023.

¹³ Peso insuficiente considerado cando: $IMC < 18,5 \text{ kg/m}^2$. Datos da Enquisa Nacional de Saúde 2023.

En total, e como se pode observar na seguinte táboa, case un 35% dos menores de 17 presentan problemas relacionados co peso, aínda que este dato sitúase por debaixo da media nacional, que amosa un dato moi preocupante.

Cadro 11. Indicadores relacionados coa meta 2.2

Meta 2.2. De aquí a 2030, poñer fin a todas as formas de malnutrición, incluso logrando, como moi tarde en 2025, as metas convidas internacionalmente sobre o atraso do crecemento e o enfraquecemento dos nenos menores de 5 anos, e abordar as necesidades de nutrición das adolescentes, as mulleres embarazadas e lactantes e as persoas de idade										
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción de menores entre 2 e 17 anos con obesidade, sobrepeso ou peso insuficiente	Galicia	Porcentaxe	33,8	..	..	..	..	..	35,4	..
	España		41,9	..	..	..	..	..	35,0	..

Con respecto á agricultura sustentable, despois dos bos datos dos anos 2018 e 2019, en 2020 e 2021 baixa ata situarse no 2,6%, para recuperarse por riba do 3% no 2022 e 2023, pero por debaixo do dato a nivel nacional e tamén dos datos dos anos 2018 e 2019.


Cadro 12. Indicadores relacionados coa meta 2.4

Meta 2.4. De aquí a 2030, asegurar a sustentabilidade dos sistemas de produción de alimentos e aplicar prácticas agrícolas resilientes que aumenten a produtividade e a produción, contribúan ao mantemento dos ecosistemas, fortalezan a capacidade de adaptación ao cambio climático, aos fenómenos meteorolóxicos										
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción da superficie agrícola en que se practica unha agricultura produtiva e sustentable	Galicia	Porcentaxe	3,9	4,1	4,3	3,9	2,6	3,6	3,1	...
	España		8,2	8,9	9,3	9,7	10,4	10,6	11,8	...

Fonte: IGE

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 destinan á fame, á seguridade alimentaria, á mellora da nutrición e á agricultura sustentable **169,3 millóns de euros**, o que supón o 1,7% do total da dimensión social.

Gráfico 6. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 2.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Tendo en conta as metas específicas, o 87,7% do total do ODS 2 destínase á asegurar a sostibilidade dos sistemas de produción de alimentos e a aplicar prácticas agrícolas resilientes, que aumenten a produtividade e a produción, ao tempo que contribúen ao mantemento dos ecosistemas (meta 2.4).

A meta 2.1 destínase á loita contra a fame e a mal nutrición, onde destacan os case 4,4 millóns para loitar contra a privación severa e 11 millóns de euros no marco da RISGA.

Relacionado coas prácticas sostibles, destínanse a meta 2.5 o 1,6% e a 2.2 o 0,4%, con un total de máis de 3 millóns de euros

Os principais programas de gasto que contribúen á consecución deste obxectivo son fundamentalmente o 713E e o 712B, onde se concentran as actuacións en agricultura sostible.

Cadro 13. Programas de gasto que contribúen ao ODS 2.

Programa de gasto	Orzamento 2026
312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	17.490.483
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	45.288
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	2.347.331
711A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	2.011.198
712B - MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	81.758.916
713C - IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES	6.502.461
713D - MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA	3.502.451
713E - BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL	54.957.524
713F - REGULACIÓNS DAS PRODUCIÓNS AGRARIAS E APOIO Á RENDA DOS AGRICULTORES	648.219

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



ODS 3. Garantir unha vida saudable e promover o benestar de todos a todas as idades

Actualmente, estamos a recuperarnos dunha crise sanitaria mundial sen precedentes, a COVID-19, que non só tivo efectos na saúde senón que desestabilizou a economía mundial e cambiando drasticamente as vidas de miles de millóns de persoas en todo o mundo.

Antes da pandemia, conseguíronse grandes avances na mellora da saúde de millóns de persoas. En concreto, estes grandes avances alcanzáronse ao aumentar a esperanza de vida e reducir algunhas das causas de morte comúns asociadas coa mortalidade infantil e materna. Con todo, necesítanse máis esforzos para erradicar por completo unha gran variedade de enfermidades e abordar un gran número de problemas de saúde, tanto constantes como emerxentes. A través dun financiamento máis eficiente dos sistemas sanitarios, un maior saneamento e hixiene, e un maior acceso ao persoal médico, poderanse conseguir avances significativos á hora de axudar a salvar as vidas de millóns de persoas.

As emerxencias sanitarias, como a derivada da COVID-19, supoñen un risco mundial e demostran que a preparación e unha boa dotación de medios destinados á sanidade é vital. O Programa das Nacións Unidas para o Desenvolvemento sinalou as grandes diferenzas relativas ás capacidades dos países para lidar coa crise da COVID-19 e recuperarse da mesma. A pandemia constitúe un punto de inflexión no referente á preparación para as emerxencias sanitarias e o investimento en servizos públicos vitais do século XXI (14).

Dentro do ODS 3, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 14. Obxectivos específicos dentro do ODS 3: vida saudable e benestar social.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
3.1	De aquí a 2030, reducir a taxa mundial de mortalidade materna a menos de 70 por cada 100.000 nados vivos
3.2	De aquí a 2030, poñer fin ás mortes evitables de recentemente nados e de nenos menores de 5 anos, logrando que todos os países tenten reducir a mortalidade neonatal polo menos a 12 por cada 1.000 nados vivos e a mortalidade dos nenos menores de 5 anos polo menos a 25 por cada 1.000 nados vivos
3.3	De aquí a 2030, poñer fin ás epidemias da SIDA, a tuberculose, a malaria e as enfermidades tropicais desatendidas e combater a hepatite, as enfermidades transmitidas pola auga e outras enfermidades transmisibles
3.4	De aquí a 2030, reducir nun terzo a mortalidade prematura por enfermidades non transmisibles mediante a súa prevención e tratamento, e promover a saúde mental e o benestar
3.5	Fortalecer a prevención e o tratamento do abuso de substancias aditivas, incluído o uso indebido de estupefacientes e o consumo nocivo de alcohol
3.6	3.6 De aquí a 2020, reducir á metade o número de mortes e lesións causadas por accidentes de tráfico en o mundo
3.7	De aquí a 2030, garantir o acceso universal aos servizos de saúde sexual e reprodutiva, incluídos os de planificación familiar, información e educación, e a integración da saúde reprodutiva nas estratexias e os programas nacionais
3.8	Lograr a cobertura sanitaria universal, incluída a protección contra os riscos financeiros, o acceso a servizos de saúde esenciais de calidade e o acceso a medicamentos e vacúas inocuos, eficaces, alcanzables e de calidade para todos
3.9	De aquí a 2030, reducir considerablemente o número de mortes e enfermidades causadas por produtos químicos perigosos e pola polución e contaminación do aire, a auga e o chan
3.a	Fortalecer a aplicación do Convenio Marco da Organización Mundial da Saúde para o Control do Tabaco en todos os países, segundo proceda
3.b	Apoiar as actividades de investigación e desenvolvemento de vacinas e medicamentos contra as enfermidades transmisibles e non transmisibles que afectan primordialmente aos países en desenvolvemento e facilitar o acceso a medicamentos e vacinas esenciais alcanzables de conformidade coa Declaración relativa ao Acordo sobre os Aspectos dos Dereitos de Propiedade Intelectual Relacionados co Comercio e a Saúde Pública, na que se afirma o
3.c	Aumentar considerablemente o financiamento da saúde e a contratación, o perfeccionamento, a capacitación e a retención do persoal sanitario nos países en desenvolvemento, especialmente nos países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento
3.d	Reforzar a capacidade de todos os países, en particular os países en desenvolvemento, en materia de alerta temperá, redución de riscos e xestión dos riscos para a saúde nacional e mundial

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

En Galicia, a taxa de mortalidade materna foi 0 nos últimos anos, pois non houbo mortes de mulleres debido a complicacións no embarazo, parto ou no puerperio. Polo tanto, cómpre sinalar que se cumpre co obxectivo da meta de reducir a taxa mundial de mortalidade materna a menos de 70 por cada 100.000 nados vivos. A evolución da taxa de mortalidade en nenos menores de 5 anos (2023: 1,14 defuncións por cada 1000 nados vivos) e a taxa de mortalidade neonatal (2023: 2,21 defuncións por mil nados vivos) mantense en niveis reducidos, moi inferiores á media da OCDE..

A continuación recóllense os valores dos indicadores empregados para avaliar as metas específicas 3.4, 3.6, 3a e 3c. Se observamos a evolución das taxas de mortalidade, a evolución é positiva para a taxa de mortalidade por enfermidades cardiovasculares, e cancro. Preocupa especialmente o repunte nos datos do 2022 da mortalidade por diabetes e por enfermidades respiratorias crónicas, así como a mortalidade por suicidio, que continua coa tendencia ascendente. Os programas de prevención do suicidio, especialmente derivados da Covid ("prevención do suicidio post-covid) pretenden reverter esta tendencia e mellorar a saúde mental de todos os galegos, destinando a esta materia case 1,3 millóns de euros.

Cadro 15. Indicadores relacionados co ODS 3.

Meta 3.4. De aquí a 2030, reducir nun terzo a mortalidade prematura por enfermidades non transmisibles mediante a súa prevención e tratamento, e promover a saúde mental e o benestar										
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Taxa de mortalidade atribuída ás enfermidades cardiovasculares	Galicia	Tanto por	363,1	358,1	340,5	352,2	355,2	350,9	...	...
	España	100.000	263,2	258,6	247,6	253,1	251,8	254,0	239,8	...
Taxa de mortalidade atribuída ao cancro	Galicia	Tanto por	312,5	303,6	298,9	303,1	302,6	300,9	...	...
	España	100.000	234,4	232,3	231,1	229,2	231,1	231,6	230,4	...
Taxa de mortalidade atribuída á diabetes	Galicia	Tanto por	22,1	19,6	17,5	21,1	23,0	30,1	...	...
	España	100.000	21,0	21,2	20,5	23,9	22,7	23,2	22,2	...
Taxa de mortalidade atribuída a enfermidades respiratorias crónicas	Galicia	Tanto por	114,9	121,3	101,5	90,2	88,4	104,0	...	...
	España	100.000	82,8	85,0	74,5	65,6	58,9	66,8	69,3	...
Taxa de mortalidade por suicidio	Galicia	Tanto por	12,3	10,7	11,0	11,2	12,5	12,2	...	...
	España	100.000	7,9	7,6	7,8	8,3	8,5	8,9	8,5	...

Meta 3.6. De aquí a 2020, reducir á metade o número de mortes e lesións causadas por accidentes de tráfico no mundo										
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Taxa de mortalidade por lesións debidas a accidentes de tráfico	Galicia	Tanto por	4,9	5,8	5,0	4,0	4,2	4,1	...	..
	España	100.000	4,2	4,1	3,9	3,1	3,4	3,8	3,8	..

Meta 3.a. Fortalecer a aplicación do Convenio Marco da Organización Mundial da Saúde para o Control do Tabaco en todos os países, segundo proceda										
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción de persoas de 15 e máis anos que fuman a diario	Galicia	Porcentaxe	17,8	..	..	17,7	..	..	14,9	..
	España		22,1	..	..	19,8	..	..	16,6	..

Meta 3.c. Aumentar considerablemente o financiamento da saúde e a contratación, o perfeccionamento, a capacitación e a retención do persoal sanitario nos países en desenvolvemento, especialmente nos países menos adelantados e os pequenos estados insulares en desenvolvemento										
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Número de persoas colexiadas en medicina por cada 10.000 habitantes	Galicia	Tanto por	51,0	52,3	52,9	54,9	56,3	57,6	59,1	60,3
	España	10.000	54,4	55,5	56,6	58,3	59,8	60,8	62,1	63,3
Número de persoas colexiadas en enfermaría por cada 10.000 habitantes	Galicia	Tanto por	52,9	53,8	54,2	53,3	52,2	51,6	52,1	52,4
	España	10.000	64,3	65,6	66,8	68,6	69,7	69,9	71,2	72,0

Fonte: IGE


Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 continúan destinando significativos os esforzos para mellorar o sistema de saúde e o benestar dos cidadáns, destinando a este obxectivo máis de **5.679 millóns de euros**. Este obxectivo representa o 56,4% do orzamento total vinculado á dimensión social, sendo o ODS que

acapara a maior cifra orzamentaria dos 17 obxectivos totais (o 39,9% do total do orzamento).

Do total, o **98,6% destínase á cobertura sanitaria universal**, en particular a protección contra os riscos financeiros, o acceso a servizos de saúde esenciais de calidade e o acceso a medicamentos e vacúas seguros, eficaces, alcanzables e de calidade para todos (meta 3.8)

Pero, sen ter en conta esta meta, os orzamentos recollen actuacións por 80 millóns de euros que contribúen á consecución doutras metas dentro do ODS 3, e que se distribúen do seguinte xeito:

Gráfico 7. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 3.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Unha parte moi importante destínase a meta 3.4 para prever enfermidades non transmisibles e promover a saúde mental e o benestar, con máis de 50 millóns de euros.

Por outra banda, a seguinte meta por peso nos orzamentos do ano 2026 é a meta 3.d acumula 13 millóns de euros para contribuír á alerta temperá e á redución e xestión de riscos. fortalecer a prevención e o tratamento do abuso de sustancias aditivas, para o plan de saúde mental, así como para prever a obesidade.

Finalmente, destacan os preto de 11 millóns destinados a fortalecer a prevención e o tratamento do abuso de sustancias aditivas, para o plan de saúde mental, así como para prever a obesidade (meta 3.5).

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son fundamentalmente o 412A e B de atención primaria e hospitalaria, que acumulan máis de 5.300 millóns de euros. Séguelle o programa 413A de protección e promoción da saúde pública, con 126 millóns de euros.

Cadro 1.6. Programas de gasto que contribúen ao ODS 3.

Programa de gasto	Orzamento 2026
131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	2.341.375
212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	90.000
311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	2.659.035
312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	92.308
312E - PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES	173.500
313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	921.998
324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	1.173.710
411A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE SANIDADE	67.924.452
412A - ATENCIÓN HOSPITALARIA	3.594.173.538
412B - ATENCIÓN PRIMARIA	1.747.585.670
413A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA SAÚDE PÚBLICA	126.008.250
414A - FORMACIÓN DE GRADUADOS E POSGRADUADOS	94.226.053
421A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	225.000
422M - ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	27.766
441A - PROMOCIÓN DA ACTIVIDADE DEPORTIVA	35.791.344
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	5.584.796

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Con respecto á *investigación sanitaria*, por unificación do criterio, vai todo destinado ao ODS 9, en concreto na meta 5, destinado a aumentar a investigación científica e a capacidade tecnolóxica, que aínda que fai referencia á industria, sería extensible ao ámbito sanitario. Polo tanto, toda a investigación sanitaria acumularíase ao resto de gasto de I+D+i, no citado ODS 9.



ODS 4. Garantir unha educación inclusiva e equitativa de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe permanente para todos

Segundo as Nacións Unidas, a educación permite unha mobilidade socioeconómica ascendente e ademais é clave para saír da pobreza. Durante a última década, conseguíronse grandes avances á hora de ampliar o acceso á educación e as taxas de matriculación nas escolas en todos os niveis, especialmente para as nenas.

En 2020, a medida que a pandemia da COVID-19 propagábase por todo o planeta, a maior parte dos países anunciaron o peche temporal das escolas, o que afectou a máis do 91 % dos estudantes en todo o mundo. Tras esta situación, en 2023 e pese a unha gran recuperación, 272 millóns de nenos e nenas continúan fóra das escolas; adicionalmente, as taxas de finalización elevaronse en todos os niveis de educación, se ben a disparidade entre rexións é moi relevante.

Dentro do ODS 4, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 17. Obxectivos específicos dentro do ODS 4: Educación de calidade.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
4.1	De aquí a 2030, asegurar que todas as nenas e todos os nenos terminen o ensino primario e secundario, que ha de ser gratuíta, equitativa e de calidade e producir resultados de aprendizaxe pertinentes e efectivos
4.2	De aquí a 2030, asegurar que todas as nenas e todos os nenos teñan acceso a servizos de atención e desenvolvemento na primeira infancia e educación preescolar de calidade, #a fin de que estean preparados para o ensino primario
4.3	De aquí a 2030, asegurar o acceso igualitario de todos os homes e as mulleres a unha formación técnica, profesional e superior de calidade, incluída o ensino universitario
4.4	De aquí a 2030, aumentar considerablemente o número de mozos e adultos que teñen as competencias necesarias, en particular técnicas e profesionais, para acceder ao emprego, o traballo decente e o emprendemento
4.5	De aquí a 2030, eliminar as disparidades de xénero na educación e asegurar o acceso igualitario a todos os niveis do ensino e a formación profesional para as persoas vulnerables, incluídas as persoas con discapacidade, os pobos indíxenas e os nenos en situacións de vulnerabilidade
4.6	De aquí a 2030, asegurar que todos os mozos e unha proporción considerable dos adultos, tanto homes como mulleres, estean alfabetizados e teñan noções elementais de aritmética
4.7	De aquí a 2030, asegurar que todos os alumnos adquiran os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sustentable, entre outras cousas mediante a educación para o desenvolvemento sustentable e os estilos de vida sustentables, os dereitos humanos, a igualdade de xénero, a promoción dunha cultura de paz e non violencia, a cidadanía mundial e a valoración da diversidade cultural e a contribución da cultura
4.a	Construír e adecuar instalacións educativas que teñan en conta as necesidades dos nenos e as persoas con discapacidade e as diferenzas de xénero, e que ofrezan contornas de aprendizaxe seguros, non violentos, inclusivos e eficaces para todos
4.b	De aquí a 2020, aumentar considerablemente a nivel mundial o número de bolsas dispoñibles para os países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países africanos, #a fin de que os seus estudantes poidan matricularse en programas de ensino superior, incluídos programas de formación profesional e programas técnicos, científicos, de enxeñería e de tecnoloxía da
4.c	De aquí a 2030, aumentar considerablemente a oferta de docentes cualificados, mesmo mediante a cooperación internacional para a formación de docentes nos países en desenvolvemento, especialmente os países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

En Galicia, para comprender o diagnóstico actual relacionado con este ODS podemos observar os seguintes indicadores:

- Taxa de abandono educativo temperán da poboación entre 18 e 24 anos (2023): 10,8%. Esta taxa descendeu na contorna dun 50% nos últimos 10 anos e está por debaixo da media estatal. Cómpre destacar que hai unha diferenza notable entre sexos: 6,5% para as mulleres e 15% nos homes.

- As taxas brutas de alumnado que se gradúa aumentaron notablemente en todas ás áreas (ESO, bacharelato, técnico e técnico superior) nos últimos 13 anos:

	ESO	Bacharelato/ COU	Técnico/ Técnico auxiliar	Técnico superior/Téc nico especialista
2010	77,7	52,1	19,9	22,4
2023	82,4	63,9	29,2	36,5

- Porcentaxe da poboación adulta (25-64 anos) que completou polo menos o nivel de educación secundaria (2024): 65,6%.

Se temos en conta os indicadores da Axenda 2030 para este ODS, tanto para España como para a nosa comunidade, os datos son os seguintes:


Cadro 18. Indicadores relacionados co ODS4

Meta 4.3. De aquí a 2030, asegurar o acceso igualitario de todos os homes e as mulleres a unha formación técnica, profesional e superior de calidade, incluída a ensinanza universitaria	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción de persoas entre 18 e 64 anos que realizaron actividades educativas nos últimos 12 meses	Galicia	Porcentaxe	..	..	..	..	..	48,4	...	...
	España		..	..	..	..	..	53,5	...	...
Meta 4.4. De aquí a 2030, aumentar considerablemente o número de xoves e adultos que teñen as competencias necesarias, en particular técnicas e profesionais, para acceder ao emprego, o traballo decente e o emprendemento	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción de persoas entre 16 e 74 anos que empregaron algunha habilidade informática nos últimos 12 meses	Galicia	Porcentaxe	61,2	..	62,9	63,3	71,2	..	74,5	...
	España		67,5	..	70,8	72,8	76,2	..	77,8	...
Meta 4.5. De aquí a 2030, eliminar as disparidades de xénero na educación e asegurar o acceso igualitario a todos os niveis do ensino e á formación profesional para as persoas vulnerables, incluídas as persoas con discapacidade, os pobos indíxenas e os nenos en situacións de vulnerabilidade	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Índice de paridade entre mulleres e homes da poboación entre 18 e 64 anos que realizou estudos ou formación nas últimas catro	Galicia	Índice	1,09	1,09	1,13	1,12	1,09	1,17	1,19	1,18
	España		1,07	1,10	1,12	1,12	1,15	1,14	1,14	1,13
Índice de paridade entre persoas pertencentes a fogares que se atopan no nivel de ingresos inferior e superior da poboación entre 18 e 64 anos que realizou actividades educativas nos últimos 12 meses	Galicia	Índice	..	..	..	..	..	0,4	...	...
	España		..	..	..	..	..	0,6	...	...

Fonte: IGE

En termos orzamentarios, a Xunta de Galicia destina á educación e formación no ano 2026 máis de **2.987,9 millóns de euros**, un 29,7% do total da dimensión social, e en torno a un 21% se temos en conta o total do orzamento.

Gráfico 8. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 4.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A principal meta a que contribúe o orzamento é, como se pode observar no gráfico, a meta 4.1, co case o 65%, seguida da meta 4.3, con case o 19%. A continuación destaca a meta 4.2 co 6,3% do total do ODS.

Na meta 4.1, destinada a asegurar que todas as nenas e nenos terminen o ensino primario e secundario, que a educación sexa gratuíta, equitativa e de calidade, e producir resultados de aprendizaxe pertinentes e efectivos (que acumula 1.670 millóns de euros), están os gastos operativos da ensinanza e mais de 247 millóns destinados a subvencións á gratuidade de centros de estudo de primaria e ESO.

Na meta 4.3, dedicada a asegurar o acceso igualitario de todos os homes e mulleres a unha formación técnica, profesional e superior de calidade, incluída a ensinanza universitaria, acumula 561 millóns de euros, onde o maior importe se destina á financiamento das universidades galegas.

O resto, 491 millóns de euros, repártense entre as restantes metas recollidas no gráfico, fundamentalmente as 4.2, primeira infancia (190M€), 4.4 relativo á adquisición de competencias para o traballo e o emprendemento (65M€), e 4.5 relativa a garantir a igualdade no ámbito educativo, especialmente no colectivo de persoas máis vulnerables (113M€), e onde as partidas máis importante neste último caso teñen que ver coa prevención do abandono escolar e a educación especial.

Finalmente, tamén cómpre resaltar que se destinarán 75 millóns de euros á meta 4.a, é dicir, a construír e adecuar instalacións educativas para convertelos en entornos de aprendizaxe seguros, non violentos, inclusivos e eficaces para todos.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son fundamentalmente os dedicados á actividade propia de ensinanza (primaria, secundaria e universitaria), concentrando 2.523 millóns de euros.

Como se recolle na táboa seguinte, están presentes outros programas fóra da educación obrigatoria e universitaria, como son “ensinanzas pesqueiras” ou “capacitación e extensión agro forestal” porque nestes programas se recolle o relativo á formación para a capacitación para o emprego.

Cadro 19. Programas de gasto relacionados co ODS 4.

Programa de gasto	Orzamento 2026
312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	77.321.096
312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	2.550.000
313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	2.589.781
322C - PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	272.300
324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	15.000
324C - PROMOCIÓN DA ECONOMIA SOCIAL	198.960
421A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EDUCACIÓN	43.095.691
422A - EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO	1.038.438.814
422C - ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	439.788.245
422D - EDUCACIÓN ESPECIAL	60.318.373
422E - ENSINANZAS ARTÍSTICAS	46.594.398
422G - ENSINANZAS ESPECIAIS	23.705.919
422I - FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO DO PROFESORADO	2.289.565
422K - ENSINANZAS PESQUEIRAS	12.384.249
422L - CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	7.343.848
422M - ENSINANZA SECUNDARIA , FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	1.044.896.561
423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	105.738.433
423B - PREVENCIÓN DO ABANDONO ESCOLAR	28.966.412
432A - BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS	28.033.371
432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS	14.221.920
541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	443.789
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	249.812
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	7.243.260
722A - PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.	418.000
723A - COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	16.664
761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	769.290

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

**ODS 5. Lograr a igualdade de xénero e empoderar a todas as mulleres e as nenas**

A igualdade de xénero non só é un dereito humano fundamental, senón que é un dos fundamentos esenciais para construír un mundo pacífico, próspero e sostible.

A pesar destes logros, aínda existen moitas dificultades: as leis e as normas sociais discriminatorias continúan sendo xeneralizadas, as mulleres seguen estando infrarrepresentadas a todos os niveis de liderado político, e só o 56% das mulleres casadas de entre 15 e 49 anos afirman ter un poder de decisión total sobre a súa saúde sexual e reprodutiva, con grandes disparidades entre rexións, sendo a máis preocupante a África subsahariana, con só un 37%(15).

Dentro do ODS 5, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 20. Obxectivos específicos do ODS 5: igualdade de xénero.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
5.1	Poñer fin a todas as formas de discriminación contra todas as mulleres e as nenas en todo o mundo
5.2	Eliminar todas as formas de violencia contra todas as mulleres e as nenas nos ámbitos público e privado, incluídas a trata e a explotación sexual e outros tipos de explotación
5.3	Eliminar todas as prácticas nocivas, como o matrimonio infantil, precoz e forzado e a mutilación xenital feminina
5.4	Recoñecer e valorar os coitados e o traballo doméstico non remunerados mediante servizos públicos, infraestruturas e políticas de protección social, e promovendo a responsabilidade compartida no fogar e a familia, segundo proceda en cada país
5.5	Asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado a todos os niveis decisorios na vida política, económica e pública
5.6	Asegurar o acceso universal á saúde sexual e reprodutiva e os dereitos reprodutivos segundo o acordado de conformidade co Programa de Acción da Conferencia Internacional sobre a Poboación e o Desenvolvemento, a Plataforma de Acción de Beijing e os documentos finais das súas conferencias de exame
5.6	Asegurar o acceso universal á saúde sexual e reprodutiva e os dereitos reprodutivos segundo o acordado de conformidade co Programa de Acción da Conferencia Internacional sobre a Poboación e o Desenvolvemento, a Plataforma de Acción de Beijing e os documentos finais das súas conferencias de exame
5.a	Emprender reformas que outorguen ás mulleres igualdade de dereitos aos recursos económicos, así como acceso á propiedade e ao control da terra e outros tipos de bens, os servizos financeiros, a herdanza e os recursos naturais, de conformidade coas leis nacionais
5.b	Mellorar o uso da tecnoloxía instrumental, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións, para promover o empoderamento das mulleres
5.c	Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas a todos os niveis

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

En Galicia, no ano 2024 morreron 5 mulleres por violencia de xénero, continuando o incremento do ano 2023, se ben no que levamos de 2025 a cifra reduciuse a 2. En termos máis xerais, as denuncias por violencia de xénero incrementáronse de forma continua nos últimos anos. Sen embargo, o aumento non ten que estar derivado directamente dun incremento da violencia. O incremento de medios postos a disposición das vítimas e a concienciación da sociedade ao respecto tamén derivou nun afloramento do número de denuncias nos últimos anos.

Dentro dos indicadores empregados neste ODS para realizar o seguimento do cumprimento dos obxectivos, os seguinte é o de maior relevancia para Galicia:


Cadro 21. Indicadores relacionados co ODS 5.

Meta 5.5. Asegurar a participación plena e efectiva das mulleres e a igualdade de oportunidades de liderado en todos os ámbitos decisórios na vida política, económica e pública	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción de mulleres en cargos directivos	Galicia	Porcentaxe	30,2	31,3	33,3	34,2	32,1	32,8	30,0	30,7
	Es paña		30,6	32,1	33,2	35,0	33,3	34,7	34,6	34,4

Fonte: IGE

Tendo en conta a necesidade de seguir loitando activamente contra a violencia de xénero e a discriminación da figura da muller en todos os ámbitos da vida social, política e económica, os orzamentos do exercicio 2026 destinan ao ODS 5 **92,7 millóns de euros** o que supón o 1% da dimensión social e o 0,7% do total do orzamento.

Gráfico 9. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 5.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os esforzos concéntranse na meta 5.4 relativa a conciliación, onde se acadan 44 millóns de euros.

Tamén descata a contribución das metas 5.1, relativa á discriminación e 5.2, de violencia de xénero, onde se acumulan un total de 15,3 e 25 millóns de euros respectivamente.

Dentro da meta 5.1 destaca o Programa EMEGA, destinado ao fomento do autoemprego e o emprendemento feminino, con máis de 5 millóns de euros e 4 millóns de euros para accións de promoción da igualdade e prevención da violencia de xénero.

En canto á meta 5.2, para a loita contra a violencia de xénero, suma 25 millóns e destacan: 11 millóns de euros para o Pacto de Estado contra a violencia de xénero e 8,3 millóns para axudas económicas a mulleres vítimas de violencia de xénero.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 22. Programas de gasto relacionados co ODS 5.

Programa de gasto	Orzamento 2026
131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	355.818
312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	36.286.725
312E - PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES	287.800
312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	51.242
312G - APOIO Á CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL E PERSOAL E OUTROS SERVIZOS DE PROTECCIÓN SOCIAL	9.481.499
313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	261.138
313B - ACCIÓNS PARA A IGUALDADE, PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DA MULLER	16.508.859
313D - PROTECCIÓN E APOIO ÁS MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	23.739.097
322C - PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	4.066.667
324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	1.467.124
451B - ACCESO Á VIVENDA	185.383

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



ODS 10. Reducir a desigualdade nos países e entre eles

Reducir as desigualdades e garantir que ninguén queda atrás forma unha parte fundamental da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

A desigualdade dentro dos países e de estes entre si é un continuo motivo de preocupación para os dirixentes mundiais. A pesar da existencia dalgúns indicios positivos cara á redución da desigualdade nalgúns dimensións, como a redución da desigualdade de ingresos nalgúns países e o status comercial preferente que beneficia aos países de baixos ingresos, a desigualdade aínda continúa.

A COVID-19 intensificou as desigualdades existentes e afectou en maior proporción aos pobres e ás comunidades máis vulnerables. A crise mundial puxo en foco a importancia dos sistemas de protección social dos países e as súas carencias e dificultades para facer fronte aos seus efectos; adicionalmente.

Adicionalmente, os efectos das maiores tensións xeopolíticas e o establecemento de barreiras comerciais está a afectar ao crecemento dos países menos desenvolto, limitando a súa capacidade de reducir a fenda de riqueza co resto de países e tamén internamente.

Dentro do ODS 10, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 23. Obxectivos específicos dentro do ODS 10: redución das desigualdades.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
10.1	De aquí a 2030, lograr progresivamente e manter o crecemento dos ingresos do 40% máis pobre da poboación a unha taxa superior á media nacional
10.2	De aquí a 2030, potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición
10.3	Garantir a igualdade de oportunidades e reducir a desigualdade de resultados, incluso eliminando as leis, políticas e prácticas discriminatorias e promovendo lexislacións, políticas e medidas adecuadas a ese respecto
10.4	Adoptar políticas, especialmente fiscais, salariais e de protección social, e lograr progresivamente unha maior igualdade
10.5	Mellorar a regulamentación e vixilancia das institucións e os mercados financeiros mundiais e fortalecer a aplicación destes regulamentos
10.6	Asegurar unha maior representación e intervención dos países en desenvolvemento nas decisións adoptadas polas institucións económicas e financeiras internacionais para aumentar a eficacia, fiabilidade, rendición de contas e lexitimidade destas institucións
10.7	Facilitar a migración e a mobilidade ordenadas, seguras, regulares e responsables das persoas, mesmo mediante a aplicación de políticas migratorias planificadas e ben xestionadas
10.a	Aplicar o principio do trato especial e diferenciado para os países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, de conformidade cos acordos da Organización Mundial do Comercio
10.b	Fomentar a asistencia oficial para o desenvolvemento e as correntes financeiras, incluída o investimento estranxeiro directo, para os Estados con maiores necesidades, en particular os países menos adiantados, os países africanos, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países en desenvolvemento sen litoral, en consonancia cos seus plans e programas nacionais
10.c	De aquí a 2030, reducir a menos do 3% os custos de transacción das remesas dos migrantes e eliminar os corredores de remesas cun custo superior ao 5%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

En canto a situación actual en Galicia, con respecto aos indicadores empregados no seguimento da Axenda 2030, os datos son os seguintes:

Cadro 24. Indicadores relacionados co ODS 10.

Meta 10.1. De aquí a 2030, lograr progresivamente e manter o crecemento dos ingresos do 40 % máis pobre da poboación a unha taxa superior á media nacional										
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Taxa de crecemento per cápita dos ingresos dos fogares do 40% máis pobre da poboación	Galicia	Porcentaxe	2,7	4,4	5,3	4,7	4,7	5,7	5,6	6,5
	Es paña		2,3	3,7	4,7	3,4	4,6	5,1	5,8	2,5
Taxa de crecemento per cápita dos ingresos dos fogares da poboación total	Galicia	Porcentaxe	2,3	3,3	4,1	3,8	4,2	4,5	4,9	5,1
	Es paña		1,6	2,4	3,4	2,8	3,3	4,3	4,9	2,3
Meta 10.2. De aquí a 2030, potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición										
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción de persoas que viven por debaixo do 50% da mediana dos ingresos (considerando mediana autonómica en ambos casos)	Galicia	Porcentaxe	9,8	9,5	9,7	10,8	9,1	9,1	8,7	..
	Es paña		13,8	13,5	13,7	14,7	13,6	12,6	12,7	..
Meta 10.4. Adoptar políticas, especialmente fiscais, salariais e de protección social, e lograr progresivamente unha maior igualdade										
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción do PIB xerada polo traballo	Galicia	Porcentaxe	56,3	56,0	57,6	59,3	57,1	56,1	..	..
	Es paña		56,5	56,7	57,6	59,8	59,3	58,1	57,6	58,9


Fonte: IGE

Con respecto á dependencia, no ano 2023 (último dispoñible) había 111.929 persoas que se declaran en situación de dependencia en Galicia, o que supón un descenso dende o anterior dato dispoñible (2017), pero que, aínda así, supón un 18,75% máis que en 2011. Comparando esta cifra coa poboación de Galicia obtense que o 4,19% das persoas ten dependencia en 2023. A incidencia é menor nos homes que nas mulleres. Ademais, e como era de esperar, a incidencia aumenta a medida que se incrementa a idade da poboación.

Se temos en conta o indicador de desigualdade na distribución da renda S80/S20 (cociente entre o total do ingreso equivalente do quintil máis rico da poboación e o total do ingreso equivalente do quintil máis pobre dese ámbito) para o ano 2023 (último dispoñible) situábase no 3,7 en Galicia, mellorando os datos de 2022, 2021 e de 2020 e retomando a tendencia descendente mantida dende o ano 2013, só interrompida no 2020 pola pandemia do Covid-19.

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 aumentan os esforzos para tratar de reducir as desigualdades existentes na poboación galega, destinando a este ODS **1.082,5 millóns de euros**, o que supón un 10,8% respecto do total da dimensión social e un 7,6% respecto do total do orzamento.

Gráfico 10. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 10.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública.

Do total, a maior parte se concentra na consecución da *meta 10.2* relativa a potenciar e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, independentemente da súa idade, sexo, discapacidade, raza, etnia, orixe, relixión ou situación económica ou outra condición, con case 1.064 millóns de euros. Nesta meta, mais de 718 millóns están destinados ao Programa de atención á dependencia.

O resto, 17,2 millóns de euros contribuirán á *meta 10.7* relativo ás migracións, e 1,4 millóns á *meta 10.3* destinada a garantir a igualdade de oportunidades.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son o 312D de atención á dependencia, e o 312B de Programas de prestacións ás familias e á infancia.

Cadro 25. Programas de gasto relacionados co ODS 10.

Programa de gasto	Orzamento 2026
311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	48.653.368
312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	18.997.831
312B - PROGRAMAS DE PRESTACIÓNS ÁS FAMILIAS E Á INFANCIA	96.451.090
312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	22.650.060
312D - PROGRAMA DE ATENCIÓN Á DEPENDENCIA	744.598.962
312E - PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES	58.416.679
312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	970.349
313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	7.614.437
313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	30.129.951
322C - PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	1.390.000
324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	1.407.790
324C - PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL	690.001
423A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSINANZA	49.100.000
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	1.388.453

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

É importante salientar que o programa 312B integra proxectos relacionados coa dinamización demográfica en torno a 96 millóns de euros.

A dinamización demográfica está a ser un reto fundamental para a nosa comunidade autónoma pero non se recolle como meta específica dentro dos obxectivos de desenvolvemento sustentable. En realidade poderíamos considerar que o envellecemento da poboación e polo tanto o conseguinte esforzo na dinamización demográfica afecta á maioría dos ODS da Axenda 2030. Por exemplo:

- o feito de que un 22% das mulleres do mundo teñan máis de 50 anos incide sobre o ámbito da saúde (ODS 3) e dado 44,6% das persoas maiores son propensas a sufrir algún tipo de discapacidade e dependencia vese afectado o ODS 10 relacionado coas desigualdades.

- Por outra banda, os programas de dinamización demográfica, entre eles o galego, inclúen medidas de conciliación e corresponsabilidade no coidado de nenos e do fogar entre homes e mulleres, o que está directamente relacionado tamén co ODS 5.

- Os ingresos da poboación máis envellecida soen ser máis limitados, o que inflúe no risco de pobreza que poidan padecer (ODS 1)

- as infraestruturas e o transporte están a adaptarse cada vez máis ás necesidades da xente maior (ODS 9 e 11)

- o crecemento económico en xeral vese necesariamente afectado (ODS 8)

Tendo en conta o anterior, case poderíamos considerar que o envellecemento da poboación ten repercusión de xeito transversal na Axenda 2030. Sen embargo, por cuestións prácticas, dado que as actuacións se levan a cabo dende o eido da promoción social, incluímos estas actuacións no presente ODS 10.

IV.2.2. DIMENSIÓN ECONÓMICA

Neste grupo inclúense o seguintes seis obxectivos de desenvolvemento sustentable:



- ODS 8: Traballo decente e crecemento económico
- ODS 9: Industria, innovación e infraestruturas

O total orzamentado para os ODS pertencentes á dimensión económica sitúase en 1.632 millóns de euros, supoñendo o 11% do total dos orzamentos xerais para 2026.


Cadro 26. Orzamento exercicio 2026 destinado á consecución dos ODS da dimensión económica.

Dimensión económica	2026
8. Traballo decente e crecemento económico	908.122.182
9. Industria, innovación e infraestruturas	724.262.851
Total	1.632.385.033

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública


Tendo en conta o **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030**, os cinco eixes están relacionados coa Axenda 2030 do seguinte xeito: a maior contribución da estratexia do goberno galego á dimensión económica procede fundamentalmente dos **eixes 3 e 1**, pois é nestes eixes onde se aborda o relativo á competitividade, a I+D+i e TICs (eixe 3) e a promoción do emprego (eixe 1).

Gráfico 11. Relación dos eixes do PEG 22-30 coa dimensión económica da Axenda 2030. Orzamentos 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 12. Relación das prioridades de actuación do PEG 22-30 coa dimensión económica da Axenda 2030. Orzamentos 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Como é lóxico, son as prioridades de actuación relacionadas coas materias en cuestión (emprego, produción, I+D e TICs) as que acaparan unha maior contía económica.

A continuación, vanse avaliar con maior grado de detalle cada un dos ODS previstos nesta dimensión social.



ODS 8. Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sustentable, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos

Segundo as Nacións Unidas, un crecemento económico inclusivo e sustentable pode impulsar o progreso, crear empregos decentes para todos e mellorar os estándares de vida.

No ano 2020, a COVID-19 alterou miles de millóns de vidas e puxo en perigo a economía mundial, provocando unha importante caída do PIB mundial, recuperándose parcialmente no 2021, se ben a dita recuperación se viu ralentizada a un ritmo de entorno ao 2% de 2022 a 2024, derivado do incremento de tensións xeopolíticas e o incremento de barreiras comerciais.(16)

Mesmo antes do brote da COVID-19, era probable que un de cada cinco países (onde habitan miles de millóns de persoas que viven en situación de pobreza) visen os seus ingresos per cápita estancarse ou reducirse en 2020. A día de hoxe, as perturbacións económicas e financeiras derivadas da COVID-19 e das incrementadas tensións internacionais (como a introdución de barreiras comerciais, as tensións xeopolíticas que obrigan á reestruturación de cadeas de valor, as perturbacións climáticas...) están a desbaratar o xa de seu morno crecemento económico e empeorando os riscos acentuados doutros factores, mantendo o crecemento dos países menos desenvolvidos moi por debaixo do obxectivo da Axenda 2030 de acadar o 7% anual.(17)

Dentro do ODS 8, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

16 <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/economic-growth/>
17 <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/economic-growth/>

Cadro 27. Obxectivos específicos do ODS 8.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
8.1	Manter o crecemento económico per cápita de conformidade coas circunstancias nacionais e, en particular, un crecemento do produto interno bruto de polo menos o 7% anual nos países menos adiantados
8.2	Lograr niveis máis elevados de produtividade económica mediante a diversificación, a modernización tecnolóxica e a innovación, entre outras cousas centrándose nos sectores con gran valor engadido e un uso intensivo da man de obra
8.3	Promover políticas orientadas ao desenvolvemento que apoién as actividades produtivas, a creación de postos de traballo decentes, o emprendemento, a creatividade e a innovación, e fomentar a formulación e o crecemento das microempresas e as pequenas e medianas empresas, mesmo mediante o acceso a servizos financeiros
8.4	Mellorar progresivamente, de aquí a 2030, a produción e o consumo eficientes dos recursos mundiais e procurar desvincular o crecemento económico da degradación do medio ambiente, conforme ao Marco Decenal de Programas sobre Modalidades de Consumo e Produción sustentables, empezando polos países desenvolvidos
8.5	De aquí a 2030, lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, incluídos os mozos e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor
8.6	De aquí a 2020, reducir considerablemente a proporción de mozas que non están empregadas e non cursan estudos nin reciben capacitación
8.7	Adoptar medidas inmediatas e eficaces para erradicar o traballo forzoso, poñer fin ás formas contemporáneas de escravitude e trata de persoas e asegurar a prohibición e eliminación das peores formas de traballo infantil, incluídos o recrutamento e a utilización de nenos soldados, e, de aquí a 2025, poñer fin ao traballo infantil en todas as súas formas
8.8	Protexer os dereitos laborais e promover unha contorna de traballo seguro e sen riscos para todos os traballadores, incluídos os traballadores migrantes, en particular as mulleres migrantes e as persoas con empregos precarios
8.8	Protexer os dereitos laborais e promover unha contorna de traballo seguro e sen riscos para todos os traballadores, incluídos os traballadores migrantes, en particular as mulleres migrantes e as persoas con empregos precarios
8.9	De aquí a 2030, elaborar e poñer en práctica políticas encamiñadas a promover un turismo sustentable que cre postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais
8.10	Fortalecer a capacidade das institucións financeiras nacionais para fomentar e ampliar o acceso aos servizos bancarios, financeiros e de seguros para todos
8.a	Aumentar o apoio á iniciativa de axuda para o comercio nos países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, mesmo mediante o Marco Integrado Mellorado para a Asistencia Técnica aos Países Menos Adiantados en Materia de Comercio
8.b	De aquí a 2020, desenvolver e poñer en marcha unha estratexia mundial para o emprego dos mozos e aplicar o Pacto Mundial para o Emprego da Organización Internacional do Traballo

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O contexto económico en Galicia amosa as seguintes cifras:

Cadro 28. Indicadores relacionados co ODS 8.

Meta 8.1. Manter o crecemento económico per cápita de conformidade coas circunstancias nacionais e, en particular, un crecemento do produto interno bruto de polo menos o 7 % anual nos países menos adiantados	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Taxa de crecemento anual do PIB real per cápita	Galicia España	Porcentaxe	2,4 2,7	3,5 2,0	1,2 1,2	-8,4 -11,4	8,7 6,7	4,3 5,2	2,1 1,5	2,5 2,1
Meta 8.2. Lograr niveis máis elevados de produtividade económica mediante a diversificación, a modernización tecnolóxica e a innovación, entre outras cousas centrándose nos sectores con gran valor engadido e un uso intensivo da man de obra	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Taxa de crecemento anual do PIB real por posto de traballo equivalente a tempo completo	Galicia España	Porcentaxe	-0,4 0,1	2,1 0,9	-1,5 -1,1	-0,1 -4,1	1,7 -0,5	1,6 2,0	0,3 -0,5	1,5 0,7
Meta 8.5. De aquí a 2030, lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e os homes, incluídos os mozos e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Ingreso medio por hora de traballo dos homes	Galicia España	Euros	14,7 16,1	15,1 16,5	14,9 16,6	15,2 16,9	15,4 17,3	16,2 17,9	16,5 18,5	
Ingreso medio por hora de traballo das mulleres	Galicia España	Euros	12,6 13,9	13,2 14,4	13,4 14,9	13,8 15,2	14,0 15,6	14,4 16,3	15,4 17,1	
Taxa de desemprego dos homes	Galicia España	Porcentaxe	15,0 15,7	12,4 13,7	10,8 12,5	10,9 13,9	10,6 13,1	10,1 11,3	8,9 10,7	8,8 10,2
Taxa de desemprego das mulleres	Galicia España	Porcentaxe	16,4 19,0	14,4 17,0	12,8 16,0	13,3 17,4	12,8 16,7	12,0 14,8	10,5 13,9	10,0 12,7
Meta 8.6. De aquí a 2020, reducir considerablemente a proporción de mozos e mozas que non están empregados e non cursan estudos nin reciben capacitación	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción de mozos e mozas entre 15 e 24 anos que non cursan estudos, non están empregados nin reciben formación	Galicia España	Porcentaxe	10,9 13,3	9,3 12,5	8,6 12,1	9,2 13,9	6,7 11,0	8,6 10,5	7,2 9,9	8,9 10,1


Fonte: IGE

Como se pode observar, a recuperación da crise económica derivada da Covid-19, se ben se viu freada no 2023, estase a reflexar nos principais indicadores, cun notable aumento na taxa de crecemento e un descenso na taxa de paro.

Tendo en conta o contexto actual de crisis económica e social, os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 continúan os esforzos para a reactivar a economía destinando a esta materia **908,1 millóns de euros**, o que supón o 55,6% da dimensión económica.

Tendo en conta o reparto por metas, os esforzos orzamentarios centraranse nas consecucións das metas 8.3, encamiñada a promover políticas orientadas ao desenvolvemento que apoién as actividades produtivas, a creación de postos de traballo, o emprendemento, a creatividade e a innovación, e fomentar a formalización e o crecemento das microempresas e as pequenas e medianas empresas, mesmo mediante o acceso a servizos financeiros; meta 8.5- lograr o pleno emprego e a igualdade no mercado laboral- e meta 8.9 relativa ao fomento dun turismo sostible.

Gráfico 13. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 8.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Na meta 8.3 destacan importantes actuacións en materia de emprendemento (máis de 23 millóns de euros) así coma actuacións de apoio ao emprego autónomo por unha contía de mais de 40 millóns de euros. Tamén destacan actuacións, en zonas pesqueiras e comercialización de produtos pesqueiros, en torno a 32 millóns,

Na meta 8.5, destacan especialmente o proxecto que financia escolas-obradoiros de emprego (37 millóns de euros) e a certificación de formación, para que persoas sen titulación universitaria ou de Formación Profesional, poida obter acreditada a súa experiencia profesional. Amabas medidas contribúen ao fomento do emprego, por máis de 60 millóns de euros.

Ao fomento do turismo, meta 8.9 destinaranse máis de 127 millóns de euros, facendo especial incidencia en prácticas máis sostibles, que non poñan en perigo o patrimonio histórico e cultural galego, o tempo que se fomenta o emprego e o desenvolvemento das zonas rurais e costeiras.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 29. Programas de gasto relacionados co ODS 8.

Programa de gasto	Orzamento 2026
111E - RELACIÓNS EXTERIORES	59.340
313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	800.000
313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	32.960
321A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE EMPREGO	6.800.369
322A - MELLORA E FOMENTO DA EMPREGABILIDADE	71.866.628
322C - PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	132.254.809
323A - FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS	128.037.100
323B - FORMACIÓN PROFESIONAL DE OCUPADOS	20.660.745
324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	17.055.142
324B - MELLORA DOS SISTEMAS DE SAÚDE E SEGURIDADE NO TRABALLO	792.459
324C - PROMOCIÓN DA ECONOMIA SOCIAL	42.172.428
431A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE CULTURA	8.890.213
432B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS	28.160.724
433A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO ECULTURAL	133.334
461B - RADIODIFUSIÓN E TVG	3.140.858
541E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	1.221.269
551A - INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	21.513.753
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	42.090.717
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	3.223.764
613A - ORDENACIÓN , INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA	6.724.124
712B - MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	29.111.881
712C - FOMENTO DO ASOCIACIONISMO AGRARIO E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA AGRARIA	700.000
713C - IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS PRODUTIVOS AGRARIOS SUSTENTABLES	1.916.000
713D - MELLORA DA CALIDADE NA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA	11.395.238
713E - BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL	2.872.984
722A - PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.	764.000
723A - COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	4.634.500
723B - REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA	38.016.815
723C - DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZOAS DE PESCA	22.150.310
733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	1.250.000
734A - FOMENTO DA MINARÍA	4.558.459
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	164.180.151
751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA	6.679.551
761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	84.261.559

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



ODS 9. Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sustentable e fomentar a innovación

A industrialización inclusiva e sostible, xunto coa innovación e a infraestrutura, son as principais pancas que xeran o emprego e os ingresos. Ademais, desempeñan un papel chave á hora de introducir e promover novas tecnoloxías, facilitar o comercio internacional e permitir o uso eficiente dos recursos.

A innovación e o progreso tecnolóxico son claves para descubrir solucións duradeiras para os desafíos económicos e ambientais, como o aumento da eficiencia enerxética e de recursos. A nivel mundial, o investimento en investigación e desenvolvemento (I+D), como porcentaxe do PIB, aumentou dun 1,5 % no 2000 a un 1,7 % no 2015, e continuou case no mesmo nivel no 2017. En 2022 alcanzou o 1,95% do PIB mundial (18).

En termos de infraestrutura de comunicacións, máis da metade da poboación mundial está agora conectada e case toda a poboación global vive nunha área con cobertura de rede móbil. Estímase que, en 2019, o 96,5 % da poboación tiña cobertura de rede, como mínimo, 2 G, mentres que en 2024 alcanzouse o 98%, tendo o 51% cobertura 5G (19).

Dentro do ODS 9, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

18 <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es>
19 <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es>

Cadro 30. Obxectivos específicos ODS 9.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
9.1	Desenvolver infraestruturas fiables, sustentables, resiliéntes e de calidade, incluídas infraestruturas rexionais e transfronteiras, para apoiar o desenvolvemento económico e o benestar humano, facendo especial fincapé no acceso alcanzable e equitativo para todos
9.2	Promover unha industrialización incluída e sustentable e, de aquí a 2030, aumentar significativamente a contribución da industria ao emprego e ao produto interno bruto, de acordo coas circunstancias nacionais, e duplicar a contribución nos países menos adiantados
9.3	Aumentar o acceso das pequenas industrias e outras empresas, particularmente nos países en desenvolvemento, aos servizos financeiros, incluídos créditos alcanzables, e a súa integración nas cadeas de valor e os mercados
9.4	De aquí a 2030, modernizar a infraestruturas e converter as industrias para que sexan sustentables, utilizando os recursos con maior eficacia e promovendo a adopción de tecnoloxías e procesos industriais limpos e ambientalmente racionais, e logrando que todos os países tomen medidas de acordo coas súas capacidades respectivas
9.5	Aumentar a investigación científica e mellorar a capacidade tecnolóxica dos sectores industriais de todos os países, en particular os países en desenvolvemento, entre outras cousas fomentando a innovación e aumentando considerablemente, de aquí a 2030, o número de persoas que traballan en investigación e desenvolvemento por millón de habitantes e os gastos dos sectores público e privado en investigación e desenvolvemento
9.a	Facilitar o desenvolvemento de infraestruturas sustentables e resiliéntes nos países en desenvolvemento mediante un maior apoio financeiro, tecnolóxico e técnico aos países africanos, os países menos adiantados, os países en desenvolvemento sen litoral e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento
9.b	Apoiar o desenvolvemento de tecnoloxías, a investigación e a innovación nacionais nos países en desenvolvemento, incluído garantindo unha contorna normativa propicia á diversificación industrial e a adición de valor aos produtos básicos, entre outras cousas
9.c	Aumentar significativamente o acceso á tecnoloxía da información e as comunicacións e esforzarse por proporcionar acceso universal e alcanzable a Internet nos países menos adiantados de aquí a 2020

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

En Galicia, os datos económicos fundamentais para entender o contexto no que se atopa a comunidade na consecución deste ODS son os seguintes:

Cadro 31. Indicadores relacionados co ODS 9.

Meta 9.2. Promover unha industrialización incluída e sustentable e, de aquí a 2030, aumentar significativamente a contribución da industria ao emprego e ao produto interno bruto, de acordo coas circunstancias nacionais, e duplicar esa contribución nos países menos adelantados	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Valor engadido do sector manufactureiro en proporción ao PIB	Galicia	Porcentaxe	11,9	11,7	11,5	10,9	12,0	12,3	12,1	12,3
	Es paña		11,8	11,4	11,3	10,9	11,6	11,6	11,5	11,6
Proporción de persoas ocupadas no sector manufactureiro	Galicia	Porcentaxe	14,7	14,3	15,1	15,4	14,3	14,2	14,0	14,7
	Es paña		12,7	12,7	12,6	12,7	12,3	12,2	12,1	12,0
Meta 9.3. Aumentar o acceso das pequenas industrias e outras empresas, aos servizos financeiros, incluídos créditos asequibles, e a súa integración nas cadeas de valor e os mercados	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción do valor engadido total do sector manufactureiro correspondente ás pequenas empresas	Galicia	Porcentaxe	13,2	13,7	13,9	15,1	15,3	13,6	13,9	..
	Es paña		14,1	13,5	13,1	13,7	13,7	12,7	13,5	..
Meta 9.4. De aquí a 2030, modernizar a infraestrutura e reconverter as industrias para que sexan sustentables, utilizando os recursos con maior eficacia e promovendo a adopción de tecnoloxías e procesos industriais limpos e ambientalmente racionais, e logrando que todos os países tomen medidas de acordo coas súas capacidades respectivas	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Emisións de CO2 das unidades residentes por unidade de valor engadido do sector manufactureiro	Galicia	Kilogramos	0,7	0,7	0,6	0,6	0,5	0,4	0,3	..
	Es paña		0,6	0,6	0,6	0,6	0,5	0,4	0,4	..
Meta 9.5. Aumentar a investigación científica e mellorar a capacidade tecnolóxica dos sectores industriais de todos os países, en particular os países en desenvolvemento, entre outras cousas fomentando a innovación e aumentando considerablemente, de aquí a 2030, o número de persoas que traballan en investigación e desenvolvemento por millón de habitantes e os gastos dos sectores público e privado en investigación e desenvolvemento	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Gastos en investigación e desenvolvemento en proporción ao PIB	Galicia	Porcentaxe	0,96	0,95	0,98	1,1	1,1	1,1	1,3	..
	Es paña		1,21	1,24	1,25	1,4	1,4	1,4	1,5	..
Número de persoas investigadoras (en equivalente a tempo completo) por cada millón de habitantes	Galicia	Tanto por	2.266,6	2.419,4	2.491,4	2.564,2	2.773,2	2.963,1	3.355,2	..
	Es paña	1.000.000	2.862,8	2.998,6	3.056,4	3.069,8	3.256,8	3.385,2	3.622,6	..

Fonte: IGE


O valor engadido do sector manufactureiro en relación ao PIB aumentou entre os anos 2015 a 2019 pasou dun 11,3% a un 11,5%, sen embargo, como consecuencia de crise económica, o valor en 2020 regresou a niveis incluso lixeiramente inferiores ao ano 201, se ben se recuperou nos anos seguintes, marcando en 2024 un máximo do 12,3%. Cómpre mencionar que o valor engadido que proporciona este sector é superior á media de España.

Con respecto ás emisións de CO2 neste sector, sitúanse a niveis da media estatal, cunha redución de máis do 50% con respecto a 2015.

En relación coa I+D, os gastos en investigación e desenvolvemento en proporción ao PIB aumentaron nun 46% dende 2015, sen embargo, o número de persoas investigadoras por cada millón de habitantes aumentou un 70% con respecto a 2015.

Os orçamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 destinan á consecución do ODS 9 724,3 millóns de euros, o que supón un 44,4% do total da dimensión económica.

Gráfico 14. Distribución por metas do total de orçamento destinado ao ODS 9.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As principais metas ás que contribúen os orçamentos de 2026 son a 9.1 para o desenvolvemento de infraestruturas sostíbeis, fiables e resilientes (304,8 millóns de euros), 9.5 destinada a promover a investigación científica e a capacidade tecnolóxica (253 millóns de euros) e 9.c, relacionado coas tecnoloxías da información e as comunicacións (TICs) (109 millóns de euros).

Dentro da meta 9.1, os principais gastos están relacionados coa estrutura viaria e os portos de Galicia.

No caso da meta 9.5, destacan os 100 millóns en transferencias ás universidades galegas para financiar a I+D, así como case 30 millóns de euros en diferentes proxectos de I+D, incluíndo un proxecto de investigación sanitaria (19 millóns de euros).

No eido das TICs, destacan, con case 33 millóns, diversos proxectos para unha administración máis dixital e con case 22 millóns os gastos operativos de Amtega.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 32. Programas de gasto relacionados co ODS 9.

Programa de gasto	Orzamento 2026
131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	6.708.538
311A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE PROMOCIÓN SOCIAL	2.231.989
322C - PROMOCIÓN DO EMPREGO, DO EMPREGO AUTÓNOMO E DO MERCADO DE TRABALLO INCLUSIVO	575.000
323A - FORMACIÓN PROFESIONAL DESEMPREGADOS	3.953.045
331A - COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO	132.500
422C - ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	250.000
422M - ENSINANZA SECUNDARIA, FORMACIÓN PROFESIONAL E OUTRAS ENSINANZAS	7.000.000
511A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS	6.588.466
512B - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	233.026.600
513A - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	8.292.857
514A - INFRAESTRUTURAS PESQUEIRAS	9.500.000
531A - PROMOCIÓN DE SOLO PARA ACTIVIDADES ECONÓMICAS	10.521.283
541E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	1.275.806
551A - INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS NO MEDIO RURAL	15.570.056
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	136.461.586
561B - INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA	118.250.135
561C - INVESTIGACIÓN SANITARIA	31.111.988
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	99.274.590
611A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA	1.498.425
621A - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.	15.647.784
711A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	4.056.000
732A - REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL	7.774.737
733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	3.988.216
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	573.251

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.2.3. DIMENSIÓN MEDIOAMBIENTAL

Neste grupo inclúense o seguintes seis obxectivos de desenvolvemento sustentable:



- ODS 6: Auga limpa e saneamento.
- ODS 7: Enerxía accesible e sustentable
- ODS 11: Cidades e comunidades sustentables
- ODS 12: Produción e consumo responsables
- ODS 13: Acción polo clima
- ODS 14: Vida submarina
- ODS 15: Vida dos ecosistemas terrestres

O total orzamentado para os ODS pertencentes á dimensión medioambiental sitúase en 993,3 millóns de euros supoñendo un 8% do total dos orzamentos xerais para 2026.


Cadro 33. Orzamento exercicio 2026 destinado á consecución da dimensión medioambiental.

Dimensión medioambiental	2026
6. Auga limpa e saneamento	52.589.722
7. Enerxía asequible e sustentable	105.153.688
11. Cidades e comunidades sustentables	450.399.342
12. Produción e consumo responsables	24.462.828
13. Acción polo clima	257.679.533
14. Vida submarina	103.063.699
15. Vida dos ecosistemas terrestres	151.062.893
Total	993.348.812

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública


Tendo en conta o **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030**, todos os eixes contribúen en gran medida á consecución desta dimensión, agás o eixe 5 de gobernanza. É fundamentalmente o eixe 2 - Galicia verde e sostible o que contribúe en maior medida (45%) porque é neste eixo onde está prevista a planificación estratéxica relacionada co medio ambiente, o clima e a enerxía.

Gráfico 15. Relación dos eixes do PEG 22-30 coa dimensión medioambiental da Axenda 2030. Orzamentos 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 16. Relación das prioridades de actuación do PEG 22-30 coa dimensión medioambiental da Axenda 2030. Orzamentos 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As prioridades de actuación máis implicadas nesta dimensión son:

- a 3.5 relativa ao sector primario, pois nesta prioridade se abordan cuestións propias dos ODS 13 - cambio climático -, 14 - recursos mariños- e 15 - recursos terrestres

- a 2.3 de resposta ás emerxencias incluídas as relacionadas con catástrofes naturais e outros fenómenos climáticos extremos, cuestión intimamente relacionada coas metas dos ODS 13 e 15

- e a I.3 relacionada coa vivenda, cuestión abordada polo ODS 11

A continuación, vanse avaliar con maior grado de detalle cada un dos ODS previstos nesta dimensión social.



ODS 6. Garantir a dispoñibilidade e a xestión sustentable da auga e o saneamento para todos

Aínda que se conseguiu progresar de maneira substancial á hora de ampliar o acceso a auga potable e saneamento, existen miles de millóns de persoas (principalmente en áreas rurais) que aínda carecen destes servizos básicos.

A pandemia da COVID-19 puxo de manifesto a importancia vital do saneamento, a hixiene e un acceso adecuado a auga limpa para previr e conter as enfermidades; así, en 2024, o 74% da poboación mundial ten acceso a auga xestionada de xeito seguro, e o 80% acceso a servizos de hixiene básicos; a pesar disto, en termos absolutos, a cantidade de persoas sen acceso ás mesmas segue a ser elevado (20).

Dentro do ODS 6, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 34. Obxectivos específicos ODS 6.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
6.1	De aquí a 2030, lograr o acceso universal e equitativo á auga potable a un prezo asequible para todos
6.2	De aquí a 2030, lograr o acceso a servizos de saneamento e hixiene adecuados e equitativos para todos e poñer fin á defecación ao aire libre, prestando especial atención ás necesidades das mulleres e as nenas e as persoas en situacións de vulnerabilidade
6.3	De aquí a 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando o vertido e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando considerablemente a reciclaxe e a reutilización sen riscos a nivel mundial
6.4	De aquí a 2030, aumentar considerablemente o uso eficiente dos recursos hídricos en todos os sectores e asegurar a sustentabilidade da extracción e o abastecemento de auga doce para facer fronte á escaseza de auga e reducir considerablemente o número de persoas que sofren falta de auga
6.5	De aquí a 2030, implementar a xestión integrada dos recursos hídricos a todos os niveis, mesmo mediante a cooperación transfronteiriça, segundo proceda
6.6	De aquí a 2020, protexer e restablecer os ecosistemas relacionados coa auga, incluídos os bosques, as montañas, os humedais, os ríos, os acuferos e os lagos
6.a	De aquí a 2030, ampliar a cooperación internacional e o apoio prestado aos países en desenvolvemento para a creación de capacidade en actividades e programas relativos á auga e o saneamento, como os de captación de auga, desalminización, uso eficiente dos recursos hídricos, tratamento de augas residuais, reciclado e tecnoloxías de reutilización
6.b	Apoiar e fortalecer a participación das comunidades locais na mellora da xestión da auga e o saneamento


Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Na actualidade, non contamos con indicadores con datos homoxeneizados a nivel estatal e por CCAA neste ámbito, sen embargo, podemos ter en conta os seguintes datos para definir o contexto actual no que se desenvolven as actuacións.

Os orçamentos xerais destinan no exercicio 2026 á meta “Auga limpa e o saneamento” máis de 52,6 millóns de euros.

As principais metas ás que contribúe o orçamento son, como se pode observar no gráfico, as metas 6.1 (acceso universal) e 6.6 (protexer os ecosistemas relacionados coa auga) co 97% e 3% do total do ODS.

Gráfico 17. Distribución por metas do total de orçamento destinado ao ODS 6.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Como se pode observar no gráfico, o principal obxectivo está relacionado coa meta 6.1 de garantía de acceso á auga potable, a esta meta destínanse case 51 millóns de euros. A meta 6.6, de protexer e restablecer os ecosistemas relacionados coa auga, incluídos os ríos, os acuíferos e os lagos destinaranse 1,5 millóns.

O programa de gasto onde se recolle fundamentalmente o esforzo orzamentario é o 542A de planificación e xestión hidrolóxica.

Cadro 35. Programas de gasto relacionados co ODS 6.

Programa de gasto	Orçamento 2026
541E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	19.018
542A - PLANIFICACIÓN E XESTIÓN HIDROLÓXICA	51.035.317
712A - FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	1.535.387

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



ODS 7. Garantir o acceso a unha enerxía alcanzable, fiable, sustentable e moderna para todos

O mundo está a avanzar cara á consecución do Obxectivo 7 con indicios alentadores de que a enerxía se está volvendo máis sostible e amplamente dispoñible. O acceso á electricidade nos países máis pobres comezou a acelerarse, a eficiencia enerxética continúa mellorando e a enerxía renovable está a lograr resultados excelentes no sector eléctrico.

O informe de progreso en materia de enerxía proporciona un rexistro mundial do progreso relativo ao acceso á enerxía, a eficiencia enerxética e a enerxía renovable. Avalía o progreso conseguido por cada país nestes tres alicerces e ofrece unha panorámica do camiño que nos queda por percorrer para conseguir as metas dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030 (21).

A invasión de Rusia en Ucraína, así como o incremento das tensións xeopolíticas e o establecemento de barreiras comerciais está a ter importantes consecuencias a nivel económico en todo o panorama mundial, fundamentalmente derivado das no sector da enerxía, especialmente as de orixe fósil. O dito contexto puxo de manifesto a gran dependencia da Unión Europea respecto do exterior e a importancia de avanzar na xeración a través de fontes renovables e que permitan maior garantía no subministro.

Dentro do ODS 7, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 36. Obxectivos específicos do ODS 7.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
7.1	De aquí a 2030, garantir o acceso universal a servizos enerxéticos alcanzables, fiables e modernos
7.2	De aquí a 2030, aumentar considerablemente a proporción de enerxía renovable no conxunto de fontes enerxéticas
7.3	De aquí a 2030, duplicar a taxa mundial de mellora da eficiencia enerxética
7.a	De aquí a 2030, aumentar a cooperación internacional para facilitar o acceso á investigación e a tecnoloxía relativas á enerxía limpa, incluídas as fontes renovables, a eficiencia enerxética e as tecnoloxías avanzadas e menos contaminantes de combustíbeis fósiles, e promover o investimento en infraestrutura enerxética e tecnoloxías limpas
7.b	De aquí a 2030, ampliar a infraestrutura e mellorar a tecnoloxía para prestar servizos enerxéticos modernos e sustentables para todos nos países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países en desenvolvemento sen litoral, en consonancia cos seus respectivos programas de apoio


Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Ao igual que no obxectivo anterior, non se dispón de datos autonómicos en relación aos indicadores definidos na Axenda 2030. Pero recóllense a continuación indicadores alternativos que permiten facer unha diagnose da situación actual.

Os orçamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 destinan ao ODS 7 de enerxía asumible e sustentable 112,26 millóns de euros, en torno ao 9,5% do total da dimensión medioambiental.

As principais metas ás que contribúe o orzamento son, como se pode observar no gráfico, as metas 1 -de garantía de acceso á electricidade a prezos asumibles-, 2 - para potenciar a presenza de enerxías renovables e 3 - relacionada co aumento da eficiencia enerxética.

Gráfico 18. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 7.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Na meta 7.2 destacan 22 millóns de euros en distintas axudas e incentivos para fomentar o uso de enerxías renovables e 4,7 millóns para incentivar a fabricación de compoñentes para enerxías renovables e almacenamento, así como 1,2 millóns para o fomento do almacenamento de enerxía.

En materia de eficiencia enerxética (meta 7.3) están previstas actuacións por importe de 52,8 millóns de euros.

Na meta 7.1, sobre o acceso universal á enerxía a prezos asumibles, están previstos case 22 millóns de euros para o bono social térmico.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 37. Programas de gasto relacionados co ODS 7.

Programa de gasto	Orzamento 2026
121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMON XERAL E PERIFERICA DA XUNTA DE GALICIA	7.500.000
131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	6.816.667
312A - PROTECCIÓN E INSERCIÓN SOCIAL	20.423.157
312C - SERVIZOS SOCIAIS RELATIVOS ÁS MIGRACIÓNS	150.000
324A - MELLORA DA ORGANIZACIÓN E ADMINISTRACIÓN DAS RELACIÓNS LABORAIS E DA PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	1.913.138
541B - CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	71.329
541E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	2.330.011
723A - COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	1.400.000
732A - REGULACIÓN E SOPORTE DA ACTIVIDADE INDUSTRIAL	604.800
733A - EFICIENCIA ENERXÉTICA E ENERXÍAS RENOVABLES	52.277.919
761A - POTENCIACIÓN E PROMOCIÓN DO TURISMO	11.666.667

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Á consecución deste ODS contribúen numerosos programas de gasto, posto que o aforo enerxético está presente en todas as políticas de gasto que poden incidir neste eido, podendo consideralo un obxectivo transversal.

Como se pode apreciar no cadro anterior, o programa 733A relativo á eficiencia enerxética e enerxía renovables é o que concentra un maior esforzo orzamentario, con 52 millóns de euros, seguido do programa 312A, relativo á protección e inserción social, onde se recolle o bono social térmico.



ODS 11. Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sustentables

Nas últimas décadas estase a experimentar un importante proceso de urbanización. Dende 2007, máis da metade da poboación mundial vive en cidades, e espérase que esta proporción aumente ata o 70 % para 2050.

As cidades e as áreas metropolitanas son centros neurálxicos do crecemento económico, xa que contribúen ao 60 % aproximadamente do PIB mundial. Con todo, tamén representan ao redor do 70 % das emisións de carbono mundiais e máis do 60 % do uso de recursos.

A rápida urbanización está a dar como resultado un número crecente de habitantes en barrios pobres, infraestruturas e servizos inadecuados e sobrecargados (como a recoillida de residuos e os sistemas de auga e saneamento, estradas e transporte), o cal está a empeorar a contaminación do aire e o crecemento urbano incontrolado.

Ademais, será necesario tomar medidas para mitigar os efectos do cambio climático, xa que os incrementos de temperatura, así como os riscos de inundación serán máis preocupantes e difíciles de atallar en zonas urbanas; ademais, a adaptación das estruturas das cidades aos desafíos do cambio climático incrementará o custe das vivendas, nun contexto no que a capacidade de pagar o antedito custe xa está a meter en dificultades a unha parte da poboación, incluso nos países máis ricos (22).

Dentro do ODS 11, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 38. Obxectivos específicos do ODS 11.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
11.1	De aquí a 2030, asegurar o acceso de todas as persoas a vivendas e servizos básicos adecuados, seguros e alcanzables e mellorar os barrios marxinais
11.2	De aquí a 2030, proporcionar acceso a sistemas de transporte seguros, alcanzables, accesibles e sustentables para todos e mellorar a seguridade viaria, en particular mediante a ampliación do transporte público, prestando especial atención ás necesidades das persoas en situación de vulnerabilidade, as mulleres, os nenos, as persoas con discapacidade e as persoas de idade
11.3	De aquí a 2030, aumentar a urbanización inclusiva e sustentable e a capacidade para a planificación e a xestión participativas, integradas e sustentables dos asentamentos humanos en todos os países
11.4	Redobrar os esforzos para protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural do mundo
11.5	De aquí a 2030, reducir significativamente o número de mortes causadas polos desastres, incluídos os relacionados coa auga, e de persoas afectadas por eles, e reducir considerablemente as perdas económicas directas provocadas polos desastres en comparación co produto interno bruto mundial, facendo especial fincapé na protección dos pobres e as persoas en situacións de vulnerabilidade
11.6	De aquí a 2030, reducir o impacto ambiental negativo per cápita das cidades, incluído prestando especial atención á calidade do aire e a xestión dos refugallo municipais e doutro tipo
11.7	De aquí a 2030, proporcionar acceso universal a zonas verdes e espazos públicos seguros, inclusivos e accesibles, en particular para as mulleres e os nenos, as persoas de idade e as persoas con discapacidade
11.a	Apoiar os vínculos económicos, sociais e ambientais positivos entre as zonas urbanas, periurbanas e rurais fortalecendo a planificación do desenvolvemento nacional e rexional
11.b	De aquí a 2020, aumentar considerablemente o número de cidades e asentamentos humanos que adoptan e implementan políticas e plans integrados para promover a inclusión, o uso eficiente dos recursos, a mitigación do cambio climático e a adaptación a ele e a resiliencia ante os desastres, e desenvolver e poñer en práctica, en consonancia co Marco de Sendai para a Redución do Risco de Desastres 2015-2030, a xestión integral dos riscos
11.c	Proporcionar apoio aos países menos adiantados, mesmo mediante asistencia financeira e técnica, para que poidan construír edificios sustentables e resistentes utilizando materiais locais

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Este é posiblemente o ODS que incorpora unha maior variedade de metas de diversa índole, xa que se incorpora o tema do sistema de transporte, o acceso á vivenda, a urbanización e os asentamentos, pero tamén cuestións coma a protección do patrimonio natural e cultural ou a redución do impacto das cidades no medio ambiente, especialmente a calidade do aire. Son todas elas cuestións que están estreitamente relacionadas con outros ODS, coma o 13 (acción polo clima), 9 (infraestruturas) ou o 15 (ecosistemas terrestres).

O IGE recolle os seguintes indicadores relacionados con este ODS, en concreto coas metas 11.1, 11.5 e 11.6.

Cadro 39. Indicadores relacionados co ODS 11.

Meta 11.1. De aquí a 2030, asegurar o acceso de todas as persoas a vivendas e servizos básicos adecuados, seguros e alcanzables e mellorar os barrios marginais											
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	
Proporción de persoas que viven en fogares con determinadas deficiencias na vivenda	Galicia	Porcentaxe	..	..	22,00	24,4	..	..	..	24,4	
	Es paña		11,5	15,9	14,7	19,7	..	..	23,0	..	
Meta 11.5. De aquí a 2030, reducir significativamente o número de mortes causadas polos desastres, incluídos os relacionados coa auga, e de persoas afectadas por eles, e reducir considerablemente as perdas económicas directas provocadas polos desastres en comparación co produto interno bruto											
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	
Número de persoas mortas directamente atribuído a desastres por cada 100.000	Galicia	Tanto por	0,0	0,2	0,07	0,1	0,0	0,3	..	..	
	Es paña	100.000	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1	0,3	0,2	..	
Meta 11.6. De aquí a 2030, reducir o impacto ambiental negativo per cápita das cidades, incluso prestando especial atención á calidade do aire e a xestión dos refugallios municipais e doutro tipo											
	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	
Residuos urbanos recollidos per cápita	Galicia	Kilogramos	414,0	421,7	435,50	415,6	431,0	419,2	..	..	
	Es paña		484,1	485,6	483,4	472,7	494,1	492,4	..	..	

Fonte: IGE

Como se pode observar no cadro anterior, no ano 2024 en Galicia un 24,4% da poboación vive en fogares con deficiencias na vivenda, 1,4 puntos porcentuais por encima da media española (tomada do 2023, último dato dispoñible), aínda que esta porcentaxe é notablemente inferior á de 2015 (un 20,2% inferior).

Con respecto á meta 11.5, as mortes atribuídas a desastres en Galicia supoñen unha porcentaxe moi baixa, sen cambios nos últimos anos. Esta meta concreta está estreitamente relacionada coa seguridade da cidadanía á que se refire a meta 16.1 de redución de todas as formas de violencia e as correspondentes taxas de mortalidade e coa meta 13.1 relativo á resiliencia e capacidade de adaptación aos desastres naturais e causados polo clima. Dada a interrelación que existe, e para tratar de esclarecer a contribución a un ODS, a vinculación realizouse tendo en conta o seguinte criterio:

- todos aqueles proxectos que teñen por obxecto a prevención de desastres especificamente naturais (fundamentalmente incendios e inundacións), teñen unha vinculación directa ao ODS 13.1 e contribúen de xeito secundario ao ODS 11.5

- o resto de proxectos destinados á protección civil da cidadanía vincúlanse directamente ao ODS 16.

Con respecto á meta 11.6, relativo á redución do impacto ambiental das cidades, o indicador tomado como referencia é os quilogramos de residuos urbanos que se recollen per cápita, sen embargo, é importante matizar que o relativo á economía circular e a reciclaxe de residuos están tamén vinculados ao ODS 12, polo que a maior parte das actuacións vinculadas cos residuos terían máis implicación no mesmo.

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 destinan ao ODS 11 un total de 450,4 millóns de euros, o que supón en torno o 39,4% do total da dimensión medioambiental e un 3,2% do total do orzamento.


As principais metas ás que contribúe o orzamento son, como se pode observar no gráfico, as metas 11.1- acceso á vivenda (223,6 millóns de euros), 11.2 - transporte e mobilidade sustentable (153,8 millóns de euros)- e 11.a - destinada a apoiar os vínculos económicos, sociais e ambientais entre as zonas urbanas, periurbanas e rurais, fortalecendo a planificación do desenvolvemento rexional (16,8 millóns de euros).

No caso da meta 11.1, destacan cae a 109 millóns de euros para o alugueiro (onde 95,5 se destinarán a axudas a construción de vivendas en alugueiro social).

No caso da meta 11.2, relacionada coa mobilidade, destaca con 75,5 millóns o proxecto de servizo integrado de transporte, actuacións de intermodalidade na estación de Lugo (7,9 millóns); 14,2 millóns para a tarxeta de transporte interurbano Xente Nova, e 10,8 millóns de euros para a política tarifaria de transporte.

En relación coa meta 11.4, destacan 9,2 millóns de euros en investimentos en bens do patrimonio cultural.

Gráfico 19. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 11.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 40 . Programas de gasto relacionados co ODS 11.

Programa de gasto	Orzamento 2026
111 D - ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	68.500
121 A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMON XERAL E PERIFERICA DA XUNTA DE GALICIA	1.503.540
141 A - ADMINISTRACIÓN LOCAL	7.773.000
312 E - PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E PREVENCIÓN DA DEPENDENCIA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE E AS PERSOAS MAIORES	7.122.146
313 A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	3.000.000
313 C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	30.000
423 A - SERVIZOS E AXUDAS COMPLEMENTARIAS DA ENSEÑANZA	75.591.429
432 A - BIBLIOTECAS, ARQUIVOS, MUSEOS E EQUIPAMENTOS CULTURAIS	500.000
432 B - FOMENTO DAS ACTIVIDADES CULTURAIS	1.500.000
433 A - PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DO PATRIMONIO HISTÓRICO, ARTÍSTICO ECULTURAL	13.779.469
451 A - FOMENTO DA REHABILITACIÓN E DA CALIDADE DA VIVENDA	63.497.873
451 B - ACCESO Á VIVENDA	157.295.985
512 A - ORDENACIÓN E INSPECCIÓN DO TRANSPORTE	63.283.514
512 B - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN DE ESTRADAS	6.936.344
521 A - URBANISMO	17.696.008
541 D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	2.743.841
541 E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	5.643.086
571 A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	5.621.256
712 A - FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	16.813.351

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os programas de maior importancia en termos de contía son os relacionados coa mobilidade e a vivenda.

No primeiro caso as actuacións se concentran non só nos programas de gasto 512A senón tamén no 312E onde se atopa recollida parte da actividade do Servizo Galego de apoio á mobilidade persoal (23) (por un importe de mais de 6 millóns de euros), e no 423A, que recolle o servizo integrado de transporte.

No que respecta á vivenda, as actuacións encamiñadas a garantir a todos os galegos unha vivenda segura e adecuada están recollidas nos programas de gasto 451A e B fundamentalmente, programas que contribúen ao ODS 11 en torno a 220 millóns.

23

O Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal é un servizo de transporte adaptado, programado e non urxente, para traslados puntuais, que ten como finalidade facilitar a mobilidade das persoas que se encontran en situación de discapacidade e/ou dependencia e imposibilidade de utilización de transporte público colectivo e favorecer o seu acceso, en condicións de igualdade efectiva, aos servizos e recursos que faciliten a promoción da súa autonomía persoal, así como a súa participación no contorno habitual.



ODS 12. Garantir modalidades de consumo e produción sustentables

O consumo e a produción mundiais dependen do uso do medio natural e dos recursos dunha maneira que continúa tendo efectos destrutivos sobre o planeta.

O progreso económico e social conseguido durante o último século estivo acompañado dunha degradación ambiental que está a poñer en perigo os mesmos sistemas dos que depende o noso desenvolvemento.

O consumo e a produción sostibles consisten en facer máis e mellor con menos. Tamén se trata de desvincular o crecemento económico da degradación ambiental, aumentar a eficiencia de recursos e promover estilos de vida sostibles. O consumo e a produción sostibles tamén poden contribuír de maneira substancial á mitigación da pobreza e á transición cara a economías verdes e con baixas emisións de carbono.(24)

Dentro do ODS 12, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 41. Obxectivos específicos do ODS 12.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
12.1	Aplicar o Marco Decenal de Programas sobre Modalidades de Consumo e Produción sustentables, coa participación de todos os países e baixo o liderado dos países desenvolvidos, @teniendo en cuenta o grao de desenvolvemento e as capacidades dos países en desenvolvemento
12.2	De aquí a 2030, lograr a xestión sustentable e o uso eficiente dos recursos naturais
12.3	De aquí a 2030, reducir á metade o desperdicio de alimentos per cápita mundial na venda polo miúdo e a nivel dos consumidores e reducir as perdas de alimentos nas cadeas de produción e subministración, incluídas as perdas posteriores á colleita
12.4	De aquí a 2020, lograr a xestión ecoloxicamente racional dos produtos químicos e de todos os refugallos ao longo do seu ciclo de vida, de conformidade cos marcos internacionais convindos, e reducir significativamente a súa liberación á atmosfera, a auga e o chan a fin de minimizar os seus efectos adversos na saúde humana e o medio ambiente
12.5	De aquí a 2030, reducir considerablemente a xeración de refugallos mediante actividades de prevención, redución, reciclado e reutilización
12.6	Alentar ás empresas, en especial as grandes empresas e as empresas transnacionais, a que adopten prácticas sustentables e incorporen información sobre a sustentabilidade no seu ciclo de presentación de informes
12.7	Promover prácticas de adquisición pública que sexan sustentables, de conformidade coas políticas e prioridades nacionais
12.8	De aquí a 2030, asegurar que as persoas de todo o mundo teñan a información e os coñecementos pertinentes para o desenvolvemento sustentable e os estilos de vida en harmonía coa natureza
12.a	Axudar aos países en desenvolvemento a fortalecer a súa capacidade científica e tecnolóxica para avanzar cara a modalidades de consumo e produción máis sustentables
12.b	Elaborar e aplicar instrumentos para vixiar os efectos no desenvolvemento sustentable, a fin de lograr un turismo sustentable que cre postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais
12.c	Racionalizar os subsidios ineficientes aos combustíbles fósiles que fomentan o consumo antieconómico eliminando as distorsións do mercado, de acordo coas circunstancias nacionais, mesmo mediante a reestruturación dos sistemas tributarios e a eliminación gradual dos subsidios prexudiciais, cando existan, para reflectir o seu impacto ambiental, tendo plenamente en conta as necesidades e condicións específicas dos países en desenvolvemento e

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Moitos dos indicadores de referencia da Axenda 2030 para avaliar a consecución das metas deste ODS non están dispoñibles na actualidade para Galicia.

Cadro 42. Indicadores relacionados co ODS 12.

Meta 12.5. De aquí a 2030, reducir considerablemente a xeración de refugallos mediante actividades de prevención, redución, reciclado e	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción de residuos municipais reciclados en relación ao total de residuos municipais xerados	Galicia España	Porcentaxe	19,1 36,1	19,7 35,0	21,4 38,0	22,3 40,4	22,0 43,7	24,4 43,2		

Fonte: IGE


Con respecto á reciclaxe, a proporción de residuos municipais reciclados aumentou con respecto a 2015 pero de forma pouco significativa, sendo a proporción moi inferior á

media nacional. Este dato pon de manifesto o principal reto que ten Galicia neste ámbito da economía circular.

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 destinan a este ODS 24,4 millóns de euros.

As principais metas ás que contribúe o orzamento son, como se pode observar no gráfico, as metas 12.2 (xestión sostible e eficiente dos recursos naturais) e 12.3 (desperdicio de alimentos) e 12.5 (reciclaxe e xestión de residuos) co 14,4%, 10,6% e 68,4% respectivamente do total do ODS.

Gráfico 20. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 12.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os proxectos de maior importancia en termos de contía son os relacionados coa meta xestión de residuos, fundamentalmente a achega para nivelar o canon de tratamento de residuos urbanos, polo que a Xunta asume o 60% da subida aos concellos con 10 millóns de euros.

Na meta 12.2 e 12.3 destaca con 2,8 millóns de euros unha actuación dirixida o comercio e as PEMES comerciais.

Cadro 43. Programas de gasto do ODS 12.

Programa de gasto	Orzamento 2026
313A - SERVIZOS Á XUVENTUDE	261.138
422L - CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	373.959
541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	14.341.141
571A - FOMENTO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E DO COÑECEMENTO	388.806
613A - ORDENACIÓN, INFORMACIÓN E DEFENSA DO CONSUMIDOR E DA COMPETENCIA	508.407
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVIDADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	131.926
751A - ORDENACIÓN, REGULACIÓN E PROMOCIÓN DO COMERCIO INTERIOR DE GALICIA	8.457.452

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O programa de gasto onde se concentran as actuacións para a consecución deste ODS é o 541D de Control ambiental e xestión de residuos.



ODS 13. Adoptar medidas urgentes para combatir el cambio climático y sus efectos

O cambio climático está a afectar a todos os países de todos os continentes. Está a alterar as economías nacionais e afectando a distintas vidas. Os sistemas meteorolóxicos están a cambiar, os niveis do mar están a subir e os fenómenos meteorolóxicos son cada vez máis extremos.

A pesar dos acordos de París de 2015, as emisións de gases de efecto invernadoiro marcaron en 2023 un novo máximo, crescendo un 1,3% respecto do 2022, por riba da media de crecemento do período 2010-2019, de un 0,8% anual; así, para cumprir coas metas de 2035, as emisións deberían descender un 7,5% anual, co obxectivo de reducir o incremento das temperaturas globais a un 1,5°C, mentres se estima que, coas actuais políticas climáticas, as temperaturas subirían 3,1°C(25).

Dentro do ODS 13, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 44. Obxectivos específicos do ODS 13.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
13.1	Fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais en todos os países
13.2	Incorporar medidas relativas ao cambio climático nas políticas, estratexias e plans nacionais
13.3	Mellorar a educación, a sensibilización e a capacidade humana e institucional respecto da mitigación do cambio climático, a adaptación a el, a redución dos seus efectos e a alerta temperá
13.a	Cumprir o compromiso dos países desenvolvidos que son partes na Convención Marco das Nacións Unidas sobre o Cambio Climático de lograr para o ano 2020 o obxectivo de mobilizar conxuntamente 100.000 millóns de dólares anuais procedentes de todas as fontes a fin de atender as necesidades dos países en desenvolvemento respecto da adopción de medidas concretas de mitigación e a transparencia da súa aplicación, e poñer en pleno
13.b	Promover mecanismos para aumentar a capacidade para a planificación e xestión eficaces en relación co cambio climático nos países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, facendo particular fincapé nas mulleres, os mozos e as comunidades locais e marxinadas

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Con respecto ás emisións, o seguinte cadro amosa a evolución ata 2023, último ano con datos dispoñibles.

25 <https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/>
<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/>

Cadro 45. Indicadores relacionados co ODS 13.


Meta 13.2. Incorporar medidas relativas ao cambio climático nas políticas, estratexias e plans nacionais	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Emisións totais de gases de efecto invernadoiro das unidades residentes por unidade de PIB	Galicia	kilogramos por euro	0,4	0,4	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	..
	España		0,3	0,3	0,3	0,3	0,3	0,2	0,2	..
Emisións totais de gases de efecto invernadoiro das unidades residentes per cápita	Galicia	Toneladas	7,6	7,3	4,6	3,5	3,7	3,9	3,3	..
	España		6,0	5,9	5,5	4,6	5,0	5,1	4,5	..

Fonte: IGE

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 destinan á consecución deste ODS 257,7 millóns de euros que supón en torno o 22,5% do total do orzamento destinado á dimensión medioambiental.

As principais metas ás que contribúe o orzamento son, como se pode observar no gráfico, as metas 13.1 (aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático e desastres naturais) e 13.2 (medidas para loitar contra o cambio climático) co 86,9% e 11,2% respectivamente.

Gráfico 21. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 13.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

A meta 13.1 sobre resiliencia fronte ao cambio climático e desastres naturais está composta fundamentalmente por partidas para a loita e prevención dos incendios forestais en Galicia (184 millóns de euros).

En materia de accións de loita fronte ao cambio climático, meta 13.2 á que se destinan 28,7 millóns, tamén recolle gastos operativos da consellería de medio ambiente e partidas destinadas o mantemento de redes ambientais.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 46. Programas de gasto relacionados co ODS 13.

Programa de gasto	Orzamento 2026
141A - ADMINISTRACIÓN LOCAL	5.542.500
212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	30.006.665
422L - CAPACITACIÓN E EXTENSIÓN AGROFORESTAL	373.959
541A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	5.152.264
541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	7.655.558
541E - COÑECEMENTO DO MEDIO AMBIENTE E FOMENTO DA SUSTENTABILIDADE	15.465.223
551B - ACCIÓNS PREVENTIVAS E INFRAESTRUTURA FORESTAL	187.858.089
711A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DO MEDIO RURAL	2.204.000
712B - MODERNIZACIÓN E DIVERSIFICACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO RURAL	3.172.547
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	248.728

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os proxectos de maior importancia en termos de contía son os relacionados coa resiliencia e capacidade de adaptación aos riscos e catástrofes naturais (sobre todo no ámbito forestal), recollidos tanto nos programas 551B e 212A e 541E.



ODS 14. Conservar e utilizar sustentablemente os océanos, os mares e os recursos mariños para o desenvolvemento sustentable

Na actualidade, existe unha deterioración continua das augas costeiras debido á contaminación e á acidificación dos océanos que está a ter un efecto adverso sobre o funcionamento dos ecosistemas e a biodiversidade. Así mesmo, tamén está a ter un impacto prexudicial sobre as pesqueiras de pequena escala.

Protexer os océanos debe seguir sendo unha prioridade. A biodiversidade mariña é vital para a saúde das persoas e do planeta. As áreas mariñas protexidas deben ser xestionadas de maneira efectiva, do mesmo xeito que os seus recursos, e débense poñer en marcha regulamentos que reduzan a sobrepesca, a contaminación mariña e a acidificación dos océanos (26).

Dentro do ODS 14, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:


Cadro 47. Obxectivos específicos ODS 14.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
14.1	De aquí a 2025, previr e reducir significativamente a contaminación mariña de todo tipo, en particular a producida por actividades realizadas en terra, incluídos os detritos mariños e a polución por nutrientes
14.2	De aquí a 2020, xestionar e protexer sustentablemente os ecosistemas mariños e costeiros para evitar efectos adversos importantes, incluso fortalecendo o seu resiliencia, e adoptar medidas para restauralos a fin de restablecer a saúde e a produtividade dos océanos
14.3	Minimizar e abordar os efectos da acidificación dos océanos, mesmo mediante unha maior cooperación científica a todos os niveis
14.4	De aquí a 2020, regular eficazmente a explotación pesqueira e poñer fin á pesca excesiva, a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada e as prácticas pesqueiras destrutivas, e aplicar plans de xestión con fundamento científico a fin de restablecer as poboacións de peixes no prazo máis breve posible, polo menos alcanzando niveis que poidan producir o máximo rendemento sustentable de acordo coas súas características biolóxicas
14.5	De aquí a 2020, conservar polo menos o 10% das zonas costeiras e mariñas, de conformidade coas leis nacionais e o dereito internacional e sobre a base da mellor información científica dispoñible
14.6	De aquí a 2020, prohibir certas formas de subvencións á pesca que contribúen á sobrecapacidade e a pesca excesiva, eliminar as subvencións que contribúen á pesca ilegal, non declarada e non regulamentada e absterse de introducir novas subvencións desa índole, recoñecendo que a negociación sobre as subvencións á pesca no marco da Organización Mundial do Comercio debe incluír un trato especial e diferenciado, apropiado e efectivo para os
14.7	De aquí a 2030, aumentar os beneficios económicos que os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países menos adiantados obteñen do uso sustentable dos recursos mariños, en particular mediante a xestión sustentable da pesca, a acuicultura e o turismo
14.a	Aumentar os coñecementos científicos, desenvolver a capacidade de investigación e transferir tecnoloxía mariña, tendo en conta os Criterios e Directrices para a Transferencia de Tecnoloxía Mariña da Comisión Oceanográfica Intergobernamental, a fin de mellorar a saúde dos océanos e potenciar a contribución da biodiversidade mariña ao desenvolvemento dos países en desenvolvemento, en particular os pequenos Estados insulares en desenvolvemento e os países menos adiantados
14.b	Facilitar o acceso dos pescadores artesanais aos recursos mariños e os mercados
14.c	Mellorar a conservación e o uso sustentable dos océanos e os seus recursos aplicando o dereito internacional reflectido na Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar, que constitúe o marco xurídico para a conservación e a utilización sustentable dos océanos e os seus recursos, como se lembra no parágrafo 158 do documento "O futuro que queremos"

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Tendo en conta o contexto actual os orçamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 destinan 103 millóns de euros ao ODS 14.

Gráfico 22. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 14.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As principais metas ás que contribúe o orzamento son, como se pode observar no gráfico, as metas 14.a (ciencias mariñas), 14.2 (protección do ecosistema mariño) e 14.04 (explotación pesqueira) cun 39,2%, 30,7% e 23,6% respectivamente.

Na meta 14.2 hai cuestións de diversa índole como medidas de protección do medio mariño entre os que cómpre destacar o investimento de 6,5 millóns de euros na conservación de recursos biolóxicos acuáticos.

Na meta 14.a destinaranse case 30 millóns de euros a investimentos produtivos e creación de empresas na acuicultura. Destinaranse case 5 millóns de euros o programa 561A de investigación mariña.

O servizo de gardacostas encádrase na meta 14.4 e destínanse 12,7 millóns de euros.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 48. Programas de gasto relacionados co ODS 14.

Programa de gasto	Orzamento 2026
513A - CONSTRUCCIÓN, CONSERVACIÓN E EXPLOTACIÓN PORTUARIA	3.972.859
541B - CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	605.778
541C - PROTECCIÓN, CONTROL TÉCNICO- SANITARIO DOS PRODUTOS DO MAR, MELLORA DO MEDIO NATURAL MARIÑO E SALVAMENTO MARÍTIMO	21.970.429
561A - PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA	4.973.685
721A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE POLÍTICAS PESQUEIRAS	10.038.446
722A - PROMOCIÓN SOCIAL E DIVULGACIÓN DA TECNOLOXÍA PESQUEIRA.	2.569.467
723A - COMPETITIV. E MELLORA DA CALIDADE DA PROD. PESQUEIRA E DA ACUICULTURA	58.093.035
723B - REGULACIÓN DAS PRODUCIÓNS E DOS MERCADOS DA PESCA	65.000
723C - DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DAS ZOAS DE PESCA	775.000

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os programas de maior importancia en termos de contía son os relacionados coa protección do medio mariño e os produtos do mar e a regulación da pesca, recollido fundamentalmente nos programas 541C e 723A e B. No programa 561A recóllense os proxectos vinculados coa consecución da meta relativa á investigación mariña, por 4,9 millóns de euros (é o único caso xunto coa investigación en fármacos onde a actividade de investigación non está recollida no ODS 9).



ODS 15. Protexer, restablecer e promover o uso sustentable dos ecosistemas terrestres, xestionar sustentablementee os bosques, loitar contra a desertificación, deter e investir a degradación das terras e deter a perda de biodiversidade

O brote da COVID-19 resalta a necesidade de abordar as ameazas ás que se enfrontan as especies silvestres e os ecosistemas.

En 2016, o Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente (PNUMA) alertou de que un aumento mundial das epidemias zoonóticas era motivo de preocupación. En concreto, sinalou que o 75 % de todas as enfermidades infecciosas novas en humanos son zoonóticas e que ditas enfermidades están estreitamente relacionadas coa saúde dos ecosistemas (27).

Neste sentido é destacable como a deforestación se está a frear, se ben ao ritmo actual aínda tardaría 25 anos en pararse completamente; pola contra, a proporción de terra degradada incrementouse entre 2015 e 2019 dende o 11,3 ao 15,5%, polo que alcanzar a neutralidade na degradación de terras para 2030 requiriría restaurar 1.500 millóns de hectáreas a nivel mundial.

Dentro do ODS 15, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:


Cadro 49. Obxectivos específicos do ODS 15.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
15.1	De aquí a 2020, asegurar a conservación, o restablecemento e o uso sustentable dos ecosistemas terrestres e os ecosistemas interiores de auga doce e os seus servizos, en particular os bosques, os humidaís, as montañas e as zonas áridas, en consonancia coas obrigacións contraídas en virtude de acordos internacionais
15.2	De aquí a 2020, promover a posta en práctica da xestión sustentable de todos os tipos de bosques, deter a deforestación, recuperar os bosques degradados e aumentar considerablemente a forestación e a reforestación a nivel mundial
15.3	De aquí a 2030, loitar contra a desertificación, rehabilitar as terras e os chans degradados, incluídas as terras afectadas pola desertificación, a seca e as inundacións, e procurar lograr un mundo con efecto neutro na degradación das terras
15.4	De aquí a 2030, asegurar a conservación dos ecosistemas montañosos, incluída a súa diversidade biolóxica, a fin de mellorar a súa capacidade de proporcionar beneficios esenciais para o desenvolvemento sustentable
15.5	Adoptar medidas urxentes e significativas para reducir a degradación dos hábitats naturais, deter a perda de biodiversidade e, de aquí a 2020, protexer as especies ameazadas e evitar a súa extinción
15.6	Promover a participación xusta e equitativa nos beneficios derivados da utilización dos recursos xenéticos e promover o acceso adecuado a eses recursos, segundo o convindo internacionalmente
15.7	Adoptar medidas urxentes para poñer fin á caza furtiva e o tráfico de especies protexidas de flora e fauna e abordar tanto a demanda como a oferta de produtos ilegais de flora e fauna silvestres
15.8	De aquí a 2020, adoptar medidas para previr a introdución de especies exóticas invasoras e reducir significativamente os seus efectos nos ecosistemas terrestres e acuáticos e controlar ou erradicar as especies prioritarias
15.9	De aquí a 2020, integrar os valores dos ecosistemas e a biodiversidade na planificación, os procesos de desenvolvemento, as estratexias de redución da pobreza e a contabilidade nacionais e locais
15.a	Mobilizar e aumentar significativamente os recursos financeiros procedentes de todas as fontes para conservar e utilizar de forma sustentable a biodiversidade e os ecosistemas
15.b	Mobilizar recursos considerables de todas as fontes e a todos os niveis para financiar a xestión forestal sustentable e proporcionar incentivos adecuados aos países en desenvolvemento para que promovan dita xestión, en particular con miras á conservación e a reforestación
15.c	Aumentar o apoio mundial á loita contra a caza furtiva e o tráfico de especies protexidas, incluso aumentando a capacidade das comunidades locais para perseguir oportunidades de subsistencia sustentables

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 destinan 151,1 millóns de euros ao ODS 15.

Gráfico 23. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 15.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As principais metas ás que contribúe o orzamento son, como se pode observar no gráfico, as metas 15.1 (conservación de ecosistemas terrestres) e 15.2 (erradicar a deforestación e recuperación de bosques degradados) co 22% e 50,8% respectivamente.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 50. Programas de gasto relacionados co ODS 15

Programa de gasto	Orzamento 2026
141A - ADMINISTRACIÓN LOCAL	7.939.674
312F - PROGRAMAS DE SOLIDARIEDADE	81.442
541A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE MEDIO AMBIENTE	2.654.197
541B - CONSERVACIÓN DA BIODIVERSIDADE E POSTA EN VALOR DO MEDIO NATURAL	42.058.802
541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	6.408.800
712A - FIXACIÓN DE POBOACIÓN NO MEDIO RURAL	1.400.000
713B - ORDENACIÓN DAS PRODUCCIÓNS FORESTAIS	85.710.980
713E - BENESTAR ANIMAL E SANIDADE VEXETAL	2.931.398
734A - FOMENTO DA MINARÍA	1.877.601

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

IV.2.4. DIMENSIÓN INSTITUCIONAL.

Finalmente, neste grupo inclúense o seguintes dous obxectivos de desenvolvemento sustentable:



- ODS 16. Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sustentable, facilitar o acceso á xustiza para todos e construír a todos nivelelos institucións eficaces e inclusivas que rendan contas

- ODS 17. Fortalecer os medios de implantación e revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento sustentable

Cadro 51. Orzamento exercicio 2026 destinado á consecución da dimensión institucional.


Dimensión institucional	2026
16. Paz, xustiza e institucións sólidas	266.154.558
17. Alianzas para cumprir os obxectivos	23.919.962
Total	290.074.520

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

O total orzamentado para os ODS pertencentes á dimensión institucional sitúase preto dos 290 millóns de euros, supoñendo un 2% do total dos orzamentos xerais para 2026.


Tendo en conta o **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030**, os cinco eixes agás o I de reto demográfico están relacionados coa Axenda 2030. A maior contribución da estratexia do goberno galego á dimensión institucional procede, como era de esperar, do eixe 5 de gobernanza (concentrando a contorna do 94% do total da mesma).

Gráfico 24. Relación dos eixes do PEG 22-30 coa dimensión institucional da Axenda 2030. Orzamentos 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 25. Relación das prioridades de actuación do PEG 22-30 coa dimensión social da Axenda 2030. Orzamentos 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Son as prioridades de actuación relacionadas coas materias en cuestión (institucións e autogoberno, función pública e transparencia da administración) as que acaparan unha maior contía económica, sen embargo, hai que ter en conta que hai actuacións que teñen relación directa cos ODS 16 e 17 pero se atopan recollidas en PA propias da inclusión social ou da economía dixital. Isto último ten a súa xustificación en que a aplicación das TIC á Administración contribúe dunha maneira directa na eficacia e transparencia das institucións, unha das principais metas desta dimensión.

Imos ver a continuación, con maior grao de detalle, cada un dos obxectivos de desenvolvemento sustentable recollidos nesta dimensión institucional.



ODS 16. Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sustentable, facilitar o acceso á xustiza para todos e construír a todos nivelelos institucións eficaces e inclusivas que rendan contas

Os conflitos, a inseguridade, as institucións débiles e o acceso limitado á xustiza contiñúan supoñendo unha grave ameaza para o desenvolvemento sostible de todos os países.

Dentro do ODS 16, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 52. Obxectivos específicos do ODS 16

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
16.1	Reducir significativamente todas as formas de violencia e as correspondentes taxas de mortalidade en todo o mundo
16.2	Poñer fin aos malos tratos, a explotación, trátas e todas as formas de violencia e tortura contra os nenos
16.3	Promover o estado de dereito nos planos nacional e internacional e garantir a igualdade de acceso á xustiza para todos
16.3	Promover o estado de dereito nos planos nacional e internacional e garantir a igualdade de acceso á xustiza para todos
16.4	De aquí a 2030, reducir significativamente as correntes financeiras e de armas ilícitas, fortalecer a recuperación e devolución dos activos roubados e loitar contra todas as formas de delincuencia organizada
16.5	Reducir considerablemente a corrupción e o suborno en todas as súas formas
16.6	Crear a todos nivelelos institucións eficaces e transparentes que rendan contas
16.7	Garantir a adopción en todos os niveis de decisións inclusivas, participativas e representativas que respondan as necesidades
16.8	Ampliar e fortalecer a participación dos países en desenvolvemento nas institucións de gobernanza mundial
16.9	De aquí a 2030, proporcionar acceso a unha identidade xurídica para todos, en particular mediante o rexistro de nacementos
16.10	Garantir o acceso público á información e protexer as liberdades fundamentais, de conformidade coas leis nacionais e os acordos internacionais
16.a	Fortalecer as institucións nacionais pertinentes, mesmo mediante a cooperación internacional, para crear a todos os niveis, particularmente nos países en desenvolvemento, a capacidade de prever a violencia e combater o terrorismo e a delincuencia
16.b	Promover e aplicar leis e políticas non discriminatorias en favor do desenvolvemento sustentable

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Con respecto a meta 16.1, os datos de Galicia e España son os seguintes:


Cadro 53. Indicadores relacionados co ODS 16.

Meta 16.1. Reducir significativamente todas as formas de violencia e as correspondentes taxas de mortalidade en todo o mundo	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción de persoas de 16 e máis anos que se senten seguras ao camiñar soas na súa zona de residencia	Galicia	Porcentaxe	..	..	74,4	..	...	...	...	80,4
	España		..	..	..	..	...	...	...	...

Fonte: IGE

Os orçamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 destinan á consecución do ODS 16 un total de 266,2 millóns de euros, supoñendo en torno o 91,8% do total da dimensión institucional.

Gráfico 26. Distribución por metas do total de orçamento destinado ao ODS 16.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As principais metas ás que contribúe o orçamento son, como se pode observar no gráfico, as metas 16.3 (garantir un estado de dereito, a seguridade e igualdade de acceso á xustiza universal), 16.6 (institucións eficaces, transparentes e que renden contas) e 16.7 (adopción de decisións inclusivas), cun 68,1%, 17,4% e 12,1% respectivamente.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 54. Programas de gasto relacionados co ODS 16.

Programa de gasto	Orçamento 2026
111C - CONTROL EXTERNO DO SECTOR PÚBLICO	23.705
111D - ALTO ASESORAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.	85.000
121A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE ADMON XERAL E PERIFERICA DA XUNTA DE GALICIA	25.473.149
121C - RELACIÓNS INSTITUCIONAIS	722.992
122A - AVALIACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	3.168.125
131A - ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA	181.168.693
141A - ADMINISTRACIÓN LOCAL	5.147.014
212A - PROTECCIÓN CIVIL E SEGURIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	8.140.854
313C - SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS	3.122.000
461A - COBERTURA INFORMATIVA E APOIO Á COMUNICACIÓN SOCIAL	3.483.302
581A - ELABORACIÓN E DIFUSIÓN ESTATÍSTICA	3.808.567
611A - DIRECCIÓN E SERVIZOS XERAIS DE FACENDA	15.322.774
612A - PLANIFICACIÓN, ELABORACIÓN DE ORZAMENTOS E COORDINACIÓN ECONÓMICA	3.108.416
621A - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.	13.379.967

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Os programas de maior importancia en termos de contía son os relacionados coa administración de xustiza (131A), coa dirección e servizos xerais da administración xeral (121A). A protección civil que non ten que ver especificamente con desastres naturais (que se vinculan directamente ao ODS 13) estaría recollida neste obxectivo de desenvolvemento.



ODS 17. Fortalecer os medios de implementación e revitalizar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento sustentable

Os ODS só se poden conseguir con asociacións mundiais sólidas e a cooperación de todos os países e institucións. Para que un programa de desenvolvemento se cumpra satisfactoriamente é necesario establecer asociacións inclusivas (a nivel mundial, rexional, nacional e local) sobre principios e valores, así como sobre unha visión e uns obxectivos compartidos que se centren primeiro nas persoas e o planeta.

O incremento das tensións a nivel mundial e o establecemento de barreiras comerciais dificultan a cooperación no seo das anteditas asociacións, obstaculizando o seu necesario funcionamento para a consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Polo anterior, agora máis que nunca é necesario fortalecer a asociación e colaboración entre distintos países, tentando reducir o impacto dos novos obstáculos creados.

Así, e en relación coas metas establecidas neste ODS, observase como a participación dos países en vías de desenvolvemento nas exportacións mundiais se mantén sen cambios dende o 2015, lonxe do obxectivo de duplicar a súa participación.

No mesmo sentido, as cantidades destinadas a asistir ao desenvolvemento de outros países están a sufrir nos últimos anos importantes reducións, derivadas dos recortes orzamentarios en materia de asistencia exterior levados a cabo por diferentes países. (28)

Dentro do ODS 17, as metas específicas recóllense na táboa seguinte:

Cadro 55. Obxectivos específicos do ODS 17.

Obxectivos	Denominación obxectivos específicos
17.1	Fortalecer a mobilización de recursos internos, mesmo mediante a prestación de apoio internacional aos países en desenvolvemento, co fin de mellorar a capacidade nacional para recadar ingresos fiscais e doutra índole
17.2	Velar por que os países desenvolvidos cumpran plenamente os seus compromisos en relación coa asistencia oficial para o desenvolvemento, incluído o compromiso de numerosos países desenvolvidos de alcanzar o obxectivo de destinar o 0,7% do ingreso nacional bruto á asistencia oficial para o desenvolvemento dos países en desenvolvemento e entre o 0,15% e o 0,20% do ingreso nacional bruto á asistencia oficial para o desenvolvemento
17.3	Mobilizar recursos financeiros adicionais de múltiples fontes para os países en desenvolvemento
17.4	Axudar aos países en desenvolvemento a lograr a sustentabilidade da débeda a longo prazo con políticas coordinadas orientadas a fomentar o financiamento, o alivio e a reestruturación da débeda, segundo proceda, e facer fronte á débeda externa dos países pobres moi endebedados a fin de reducir o endebedamento excesivo
17.5	Adoptar e aplicar sistemas de promoción dos investimentos en favor dos países menos adiantados
17.6	Mellorar a cooperación rexional e internacional Norte-Sur, Sur-Sur e triangular en materia de ciencia, tecnoloxía e innovación e o acceso a estas, e aumentar o intercambio de coñecementos en condicións mutuamente convida, incluso mellorando a coordinación entre os mecanismos existentes, en particular a nivel das Nacións Unidas, e mediante un mecanismo mundial de facilitación da tecnoloxía
17.6	Mellorar a cooperación rexional e internacional Norte-Sur, Sur-Sur e triangular en materia de ciencia, tecnoloxía e innovación e o acceso a estas, e aumentar o intercambio de coñecementos en condicións mutuamente convida, incluso mellorando a coordinación entre os mecanismos existentes, en particular a nivel das Nacións Unidas, e mediante un mecanismo mundial de facilitación da tecnoloxía
17.7	Promover o desenvolvemento de tecnoloxías ecoloxicamente racionais e a súa transferencia, divulgación e difusión aos países en desenvolvemento en condicións favorables, mesmo en condicións concesionarias e preferentes, segundo o convido de mutuo acordo
17.8	Poñer en pleno funcionamento, como moi tarde en 2017, o banco de tecnoloxía e o mecanismo de apoio á creación de capacidade en materia de ciencia, tecnoloxía e innovación para os países menos adiantados e aumentar a utilización de tecnoloxías instrumentais, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións
17.9	Aumentar o apoio internacional para realizar actividades de creación de capacidade eficaces e específicas nos países en desenvolvemento a fin de apoiar os plans nacionais de implementación de todos os Obxectivos de Desenvolvemento sustentable, mesmo mediante a cooperación Norte-Sur, Sur-Sur e triangular
17.10	Promover un sistema de comercio multilateral universal, baseado en normas, aberto, non discriminatorio e equitativo no marco da Organización Mundial do Comercio, mesmo mediante a conclusión das negociacións no marco do Programa de Doha para o Desenvolvemento
17.11	Aumentar significativamente as exportacións dos países en desenvolvemento, en particular con miras a duplicar a participación dos países menos adiantados nas exportacións mundiais de aquí a 2020
17.12	Lograr a consecución oportuna do acceso aos mercados libre de dereitos e contínxentes de maneira duradeira para todos os países menos adiantados, conforme ás decisións da Organización Mundial do Comercio, incluso velando por que as normas de orixe preferentes aplicables ás importacións dos países menos adiantados sexan transparentes e sinxelas e contribúan a facilitar o acceso aos mercados
17.13	Aumentar a estabilidade macroeconómica mundial, mesmo mediante a coordinación e coherencia das políticas
17.14	Mellorar a coherencia das políticas para o desenvolvemento sustentable
17.15	Respectar a marxe normativa e o liderado de cada país para establecer e aplicar políticas de erradicación da pobreza e desenvolvemento sustentable
17.16	Mellorar a Alianza Mundial para o Desenvolvemento sustentable, complementada por alianzas entre múltiples interesados que mobilicen e intercambien coñecementos, especialización, tecnoloxía e recursos financeiros, a fin de apoiar o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento sustentable en todos os países, particularmente os países en desenvolvemento
17.17	Fomentar e promover a constitución de alianzas eficaces nas esferas pública, público-privada e da sociedade civil, aproveitando a experiencia e as estratexias de obtención de recursos das alianzas
17.18	De aquí a 2020, mellorar o apoio á creación de capacidade prestado aos países en desenvolvemento, incluídos os países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, para aumentar significativamente a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de gran calidade desagregados por ingresos, sexo, idade, raza, orixe étnica, status migratorio, discapacidade, localización xeográfica e outras características pertinentes nos contextos
17.18	De aquí a 2020, mellorar o apoio á creación de capacidade prestado aos países en desenvolvemento, incluídos os países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, para aumentar significativamente a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de gran calidade desagregados por ingresos, sexo, idade, raza, orixe étnica, status migratorio, discapacidade, localización xeográfica e outras características pertinentes nos contextos
17.18	De aquí a 2020, mellorar o apoio á creación de capacidade prestado aos países en desenvolvemento, incluídos os países menos adiantados e os pequenos Estados insulares en desenvolvemento, para aumentar significativamente a dispoñibilidade de datos oportunos, fiables e de gran calidade desagregados por ingresos, sexo, idade, raza, orixe étnica, status migratorio, discapacidade, localización xeográfica e outras características pertinentes nos contextos
17.19	De aquí a 2030, aproveitar as iniciativas existentes para elaborar indicadores que permitan medir os progresos en materia de desenvolvemento sustentable e complementen o produto interno bruto, e apoiar a creación de capacidade estatística nos países en desenvolvemento

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Cadro 56. Indicadores relacionados co ODS 17.


Meta 17.8. Póñer en pleno funcionamento, como moi tarde en 2017, o banco de tecnoloxía e o mecanismo de apoio á creación de capacidade en materia de ciencia, tecnoloxía e innovación para os países menos adelantados e aumentar a utilización de tecnoloxías instrumentais, en particular a tecnoloxía da información e as comunicacións	Espazo	Unidade	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024
Proporción de persoas entre 16 e 74 anos que utilizaron Internet nos últimos tres meses	Galicia	Porcentaxe	78,4	80,1	85,6	87,7	89,4	89,3	91,5	93,9
	España		84,6	86,1	90,7	93,2	93,9	94,5	95,5	95,8

Fonte: IGE

Por outra banda, a proporción de persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses no ano 2024 foi do 93,9%, experimentando un incremento de máis dun 32% con respecto a 2016. A pesar de que esta meta está encadrada no ODS 17, parte dos esforzos para acadar a meta están intimamente relacionados co ODS 9, que aborda a dixitalización e o aumento das competencias profesionais.

Os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026 destinan á consecución do ODS 17 ó redor de 24 millóns de euros.

Gráfico 27. Distribución por metas do total de orzamento destinado ao ODS 17.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

As metas que se perseguen son cinco, destacando as metas 17.14 sobre políticas para o desenvolto sostible e a 17.03, sobre mobilización de recursos para cooperación internacional e a solidariedade.


Os proxectos de maior importancia en termos de contía son os relacionados coas acordos de cooperación con países terceiros.

Os programas de gasto onde se recolle o esforzo orzamentario son:

Cadro 57. Programas e gasto relacionados co ODS 17.

Programa de gasto	Orzamento 2026
111E - RELACIÓNS EXTERIORES	2.232.656
331A - COOPERACIÓN EXTERIOR E AO DESENVOLVEMENTO	10.215.478
541D - CONTROL AMBIENTAL E XESTIÓN DE RESIDUOS	443.656
621A - ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA, TRIBUTARIA, PATRIMONIAL E DE CONTROL.	10.700.000
741A - APOIO Á MODERNIZACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E MELLORA DA COMPETITIVADE, INNOVACIÓN E PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	328.172

Fonte: Consellería de Facenda e Administración P



ORZAMENTO EN VERDE

V. ORZAMENTO EN VERDE

V.1. INTRODUCCIÓN

No presente apartado, e continuando o análise iniciado cos orzamentos do 2026, exporase a vinculación das cifras orzamentarias cos principais obxectivos medioambientais establecidos no ámbito comunitario.

A finalidade perseguida é avaliar o aliñamento dos Orzamentos Xerais do Comunidade Autónoma de Galicia co marco de referencia da transición ecolóxica da Unión Europea a medio prazo, mediante a identificación dos programas e proxectos de gasto que contribúen positivamente á consecución dos obxectivos ambientais.

V.2. ALCANCE E MÉTODO EMPREGADO

A nivel estatal, a contribución dos Orzamentos Xerais do Estado á loita contra o cambio climático e á transición enerxética, realízase nos termos definidos na *Lei 7/2021, do 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética*.

Esta lei ten por obxecto asegurar o cumprimento, por parte de España, dos obxectivos do Acordo de París (29), facilitar a descarbonización da economía española, a súa transición a un modelo circular, de modo que se garanta o uso racional e solidario dos recursos; e promover a adaptación aos impactos do cambio climático e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible que xere emprego decente e contribúa á redución das desigualdades.

A mencionada lei tamén establece expresamente que “A Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais, no ámbito das súas respectivas competencias, darán cumprimento ao obxecto desta lei, e cooperarán e colaborarán para a súa consecución”.

A contribución dos recursos públicos estatais á consecución dos obxectivos realízase en concreto nos termos previstos no artigo 30.1 da lei 7/2021, de xeito que “unha porcentaxe equivalente ao acordado no Marco Financeiro Plurianual da Unión Europea dos Orzamentos Xerais do Estado deberá contribuír aos obxectivos establecidos en materia de cambio climático e á transición enerxética, de acordo con a metodoloxía e os prazos que se establezan regulamentariamente. Desta obrigaón exceptuaranse os recursos transferidos ás Administracións territoriais, así como os gastos que, pola súa propia natureza, non teñen incidencia directa no cambio climático”.

En definitiva, aínda que o cumprimento dos obxectivos se asume a nivel estatal, todas as Comunidades Autónomas darán cumprimento da normativa estatal e contribuírán á consecución dos obxectivos en materia de cambio climático e transición enerxética.

Para realizar esta análise seguiu-se a liña empregada no “Informe de alineamiento de los Presupuestos Generales del Estado con la Transición Ecológica. 2023”, sendo o exercicio 2023 o primeiro no que os Orzamentos Xerais do Estado inclúen este informe.

A avaliación dos gastos realízase utilizando os seis obxectivos da taxonomía europea para actividades sostíbeis, recollida no Regulamento UE 2020/852, do 18 de xuño (en diante, a taxonomía), pola que se establecen os criterios comúns que deben rexer á hora de fixar o grao de sustentabilidade ambiental dunha determinada actividade.

A taxonomía define como sostíbeis aquela actividade económica que contribúa substancialmente á consecución dun ou máis dos seis obxectivos ambientais establecidos e que, á súa vez, non cause un prexuízo significativo a outro. Estes seis obxectivos son os seguintes (en diante, obxectivos da taxonomía):

1. Mitigación do cambio climático.
2. Adaptación ao cambio climático.
3. Uso sostíbeis e protección dos recursos hídricos e mariños.
4. Transición cara a unha economía circular.
5. Prevención e control da contaminación.
6. Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas.

A continuación detállanse estes obxectivos medioambientais, especificando cando unha actividade se considera que contribúe a cada un deles.

Ilustración 4. Obxectivos medioambientais da Taxonomía Europea.

OBXECTIVOS MEDIOAMBIENTAIS

- 1** **Mitigación do cambio climático**
 Considérase que unha actividade económica contribúe de forma substancial a mitigar o cambio climático cando dita actividade contribúa de forma substancial a estabilizar as concentracións de gases de efecto invernadoiro na atmosfera
- 2** **Adaptación ao cambio climático**
 Considérase que unha actividade contribúe á adaptación ao cambio climático se conduce a un menor impacto adverso do clima actual e futuro, sobre a propia actividade ou sobre as persoas, a natureza ou os activos
- 3** **Emprego sostible e protección dos recursos mariños**
 Considérase que unha actividade contribúe ao uso sostible e á protección dos recursos hídricos e mariños se non é prexudicial para o bo estado ou o bo potencial ecolóxico das masas de auga, incluídas as augas superficiais e subterráneas, ou ao bo estado ambiental das augas mariñas
- 4** **Transición cara unha economía circular**
 Considérase que unha actividade contribúe á transición cara unha economía circular se conduce a eficiencias significativas no uso de materiais ou no uso directo ou indirecto de recursos naturais, ou se diminúe a xeración, incineración ou eliminación de residuos, ou se no longo prazo a eliminación de refugallo non causa danos ambientais importantes
- 5** **Prevención e control da contaminación**
 Considérase que unha actividade contribúe á prevención e o control da contaminación se conduce a unha diminución significativo das emisións de contaminantes ao aire, á auga ou ao chan
- 6** **Protección e recuperación da biodiversidade e os ecosistemas**
 Considérase que unha actividade contribúe á protección e restauración da biodiversidade e os ecosistemas se é significativamente prexudicial para o bo estado e a resiliencia dos ecosistemas, ou prexudicial para o estado de conservación dos hábitats e especies

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Ademais, no citado informe establécense relacións entre os obxectivos medioambientais e os obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, do xeito que se amosa a continuación:

Ilustración 5. Relación entre os obxectivos medioambientais da Taxonomía Europea e os ODS da Axenda 2030.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Na táboa anterior figuran os ODS que contribúen directamente aos obxectivos, pero non van a contribuír todas as metas destes ODS, senón as que se detallan a continuación:

Táboa I. Metas que contribúen directamente aos obxectivos medioambientais.

	2	3	6	7	8	9	11	12	13	14	15
1. Mitigación do cambio climático	2.4			7.2 7.3 7a 7b	8.4	9.1, 9.4	11.2 11.3 11c	12.1 12.3 12.4 12c	13.1 13.2 13.3 13a 13b		15.5 15.b
2. Adaptación ao cambio climático	2.4					9.1, 9a			13.1, 13.2 13.3 13a 13b		15.3 15.5
3. Recursos hídricos e mariños: emprego sostible e protección			6.1 6.2 6.3 6.4 6.5 6a 6b				11.5	12.2 12.5		14.3 14.5 14.7 14.a 14.c	
4. Transición cara unha economía circular	2.4				8.4	9.1 9.4	11.6 11b	12.1 12.2 12.5			
5. Prevención e control da contaminación		3.9	6.3				11.6	12.4 12.5 12c		14.1	
6. Protección da biodiversidade e os ecosistemas	2.4		6.6				11.7 11a	12.2 12.4		Todo 14	

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Tendo en conta esta relación existente, estamos en condicións de poder coñecer cal é o grado de contribución dos orçamentos de 2026 aos obxectivos medioambientais, tomando como base os datos analizados anteriormente por ODS.

V.3. ANÁLISE DOS RESULTADOS

Cómpre ter en conta que, posto que hai ODS que se repiten en varios obxectivos medioambientais, a suma da contribución a todos eles non pode terse en conta como total, pois hai duplicidade nas cifras.


Táboa 2. Contribución directa dos orçamentos de 2026 aos obxectivos medioambientais.

Obxectivos medioambientais	TOTAL	% sobre orçamentos 2026
1. Mitigación do cambio climático	1.048.870.621	7,4%
2. Adaptación ao cambio climático	734.130.869	5,2%
3. Recursos hídricos e mariños: emprego sostible e protección	113.267.160	0,8%
4. Transición cara unha economía circular	533.330.631	3,7%
5. Prevención e control da contaminación	28.150.388	0,2%
6. Protección da biodiversidade e os ecosistemas	265.310.195	1,9%

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública


Nos seguintes gráficos pódese apreciar cales son os ODS que máis contribúen a cada obxectivo medioambiental así coma os que máis contribúen ao conxunto de todos eles.

Gráfico 28. Contribución dos ODS por obxectivo medioambiental. Orçamentos 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Gráfico 29. Contribución dos ODS ao conxunto dos obxectivos medioambientais Orzamentos 2026.



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Como se pode apreciar, son os ODS 9, 2 e 13 os que máis contribúen á consecución dos obxectivos medioambientais.



ANEXO I

VI. ANEXO I


Como xa se adiantou, para levar a cabo a análise da contribución dos orzamentos á consecución dos ODS, identificáronse as políticas de gasto coas prioridades de actuación que recolle o novo **Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030**, aprobado no Parlamento de Galicia, o 13 de setembro de 2022.

As prioridades de actuación deste plan se recollen na seguinte táboa, distribuídas en 5 eixes:

Táboa 3. Estructura novo Plan Estratéxico de Galicia 22-30.

	Prioridades de actuación
Eixe 1	1.1. Acadar un nivel de emprego elevado e de calidade, que garanta o equilibrio entre a vida profesional e a privada 1.2. Mellorar a atención ao benestar e á calidade de vida das familias 1.3. Mellorar o acceso á vivenda e as súas condicións de habitabilidade 1.4. Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade
Eixe 2	2.1. Fomentar dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade as fontes de enerxía renovables. Potenciar a eficiencia enerxética en todos os sectores: público, industrial e doméstico 2.2. Garantir unha mobilidade sustentable 2.3. Garantir unha resposta integral ás necesidades da cidadanía en materia de emerxencias, incluídos os efectos do cambio climático, e aumentar a resiliencia fronte aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais 2.4. Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural
Eixe 3	3.1. Mellorar as capacidades de investigación e innovación e a adopción de tecnoloxías avanzadas 3.2. Impulsar unha transformación dixital inclusiva e sostible 3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das PEMES, a transición industrial e o emprendemento 3.4. Promover as infraestruturas produtivas e as de rede 3.5. Aproveitar as potencialidades de Galicia cara a un sector primario moderno e competitivo 3.6. Fomentar o turismo sustentable e de calidade
Eixe 4	4.1. Promover unha educación inclusiva e de calidade 4.2. Facer que o crecemento chegue a toda a cidadanía, en particular ás persoas máis desfavorecidas e apoiar a integración socioeconómica da poboación retornada e inmigrante 4.3. Potenciar a cultura e a lingua galega como elementos clave para construír unha sociedade inclusiva e cohesionada e que contribúa á calidade de vida da cidadanía 4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única
Eixe 5	5.1. Unha boa administración, que avance na prestación de servizos e xeración de valor engadido á cidadanía, baseada na planificación e a avaliación das políticas públicas. Empregando procedementos sinxelos, accesibles e áxiles que redunden nunha atención eficiente e de calidade 5.2. Unhas finanzas sustentables para un crecemento sano 5.3. Reforzo do autogoberno e coordinación interadministrativa

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



O ORZAMENTO 2026 DENDE A PERSPECTIVA DA INFANCIA E ADOLESCENCIA

VII. O ORZAMENTO 2026 DENDE A PERSPECTIVA DA INFANCIA E ADOLESCENCIA

VII.1. XUSTIFICACIÓN DO INFORME

Co gallo da conmemoración en 2014 dos 25 anos da aprobación pola Organización das Nacións Unidas (ONU) da Convención sobre os Dereitos do Neno, botouse unha ollada retrospectiva sobre a súa aplicación nos nenos e nenas de todo o mundo. Daquela evidenciáronse aínda moitas debilidades no financiamento das políticas públicas orientadas á infancia.

Por outra banda, tras a crise económica a partires de 2008 e de acordo co documento de traballo elaborado por UNICEF Comité Español da “Medición do investimento Orzamentario na Infancia”, quedou patente que os propósitos lexislativos e políticos só protexen efectivamente os dereitos dos nenos se van acompañados de medidas orzamentarias ou de gasto público acorde cos resultados que se pretenden obter.

O Comité dos Dereitos do Neno da ONU publicou en marzo de 2018 o documento “Observacións finais sobre os informes periódicos quinto e sexto combinados en España dirixidas ás Comunidades e Cidades Autónomas”. Este informe, se ben recoñece os avances realizados en España en relación ás medidas de seguimento adoptadas e os progresos realizados, establece a necesidade de introducir unha serie de melloras. Este é o caso das medidas xerais de aplicación, xa que o Comité, no punto 9, “insta ao Estado a adoptar medidas para promover, en todas as CCAA, una avaliación integral das necesidades orzamentarias relacionadas coa infancia, co obxecto de redistribuír os recursos destinados a facer efectivos os dereitos dos nenos e nenas, particularmente en relación co aumento dos investimentos en educación e a prestación de servizos públicos”.

Ademais, indícase a necesidade de “adoptar un criterio baseado nos dereitos do neno a hora de elaborar os orzamentos públicos nos que se especifiquen claramente as asignacións para os nenos e nenas, con inclusión de indicadores específicos e dun sistema de seguimento que permita supervisar e avaliar a adecuación, eficiencia e equidade da distribución de recursos asignados para a aplicación da Convención”. Sinálase tamén a necesidade de “definir partidas orzamentarias dedicadas a nenos desfavorecidos ou marxinados, que poidan requirir medidas sociais afirmativas, e vele por que esas partidas orzamentarias estean protexidas, incluso en situacións de crise económica, desastres naturais e outras emerxencias”.

O orzamento resulta unha ferramenta clave para poder coñecer a intensidade das políticas públicas sobre os cidadáns, xa que permite determinar cal é o grao de intensidade que teñen os xestores públicos sobre cada colectivo. Na observación xeral número 19 do citado documento, sobre a elaboración dos orzamentos públicos para facer efectivos os dereitos do neno, sinálanse un conxunto de recomendacións que buscan garantir a

eficiencia, equidade, transparencia e a correcta toma de decisións en todo o proceso de elaboración dos orzamentos relacionados coa infancia.

Dende a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública, enténdese como un traballo indispensable para o desenvolvemento dunha metodoloxía orzamentaria dende a perspectiva da infancia, o establecemento dun procedemento consensuado para identificar e cuantificar o esforzo económico que se fai dende a Administración nos dereitos e no benestar da infancia, e lograr o cumprimento das recomendacións do CDN da ONU, en termos de mellora da inversión en educación e provisión de servizos públicos, fixación de indicadores de infancia e seguimento, transparencia dos recursos ou, entre outros, realizar informes de avaliación do impacto sobre as medidas legais e políticas que afecten aos dereitos do neno. En derradeiro termo, e a modo de recomendación, resulta necesario, tal e como sinala o CDN, que se desenvolva unha batería de indicadores económicos e financeiros que permitan coñecer a devandita asignación orzamentaria. Só desta forma, se poderá determinar o tipo de gasto aprobado, a súa desagregación por conceptos, o importe de cada partida orzamentaria, a quen vai destinado e, na medida do posible, os resultados e beneficios obtidos.

Todo o anterior ten como obxectivo elaborar o Informe do impacto orzamentario na infancia e na adolescencia, que permita a análise do noso orzamento como unha ferramenta para a protección, incremento e mellora da eficacia e eficiencia dos recursos destinados aos nenos e nenas. Para elo, apróbase unha Instrución da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico; esta instrución define o procedemento para a identificación, ponderación e categorización do gasto en infancia nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, como base para a elaboración do Informe.

Este informe elabórase por primeira vez no ano 2019, para os Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2020, e dende ese momento incorpórase a tódolos Orzamentos Xerais da CAG na Serie Violeta.

Ata o orzamento do 2023, para a realización do informe, as principais ferramentas empregadas eran unha Ficha e un indicador (INFAN) que, xunto coa información desprendida da ficha amosaba a incidencia en tanto por 100 de cada proxecto de gasto na infancia e adolescencia.


Como consecuencia da experiencia acumulada e de cara a mellorar a obtención de información, nos orzamentos do 2024 procedeuse a MODIFICAR A METODOLOXÍA empregada, desaparecendo o indicador “INFAN” e a Ficha de Impacto na infancia e adolescencia.

Para elo creouse unha Pestana no aplicativo informático empregado na xestión dos orzamentos, que ten como finalidade determinar o impacto que teñen os proxectos de gasto nos dereitos da infancia e a mocidade galega, recordando que comprendería o conxunto de nenos e nenas menores de 18 anos.

O primeiro paso consiste en determinar se o proxecto de gasto afecta a toda a poboación ou a un determinado colectivo. Como consecuencia desta elección:

- se o proxecto de gasto afecta a toda á poboación, asignarase de xeito automático, unha porcentaxe de contribución ou impacto, que será a porcentaxe que representan os menores de idade no conxunto da poboación galega, tendo en conta o último dato dispoñible á data de elaboración dos orzamentos

- se afecta a un subconxunto da poboación, o xestor do proxecto de gasto deberá establecer, se existe, a porcentaxe do total do proxecto que impacta nos menores de idade.



Como se pode observar na ilustración anterior, será necesario determinar a porcentaxe, podendo ser do 0% ao 100%, e tendo en conta que se o subconxunto son familias, a porcentaxe de incidencia na infancia e adolescencia se considerará do 100%.

O segundo paso é determinar, sempre que o impacto na infancia sexa maior que cero, o tipo de gasto (ou dereito básico) que se ve afectado. Estes dereitos agrúpanse por grandes áreas: supervivencia, desenvolvemento pleno, protección e información fundamentalmente, e foron definidos pola Comité dos Dereitos do Neno (CDN) da ONU. Esta análise dos dereitos da infancia non supón unha novidade con respecto aos anos anteriores.

Táboa 1. Dereitos dos nenos e nenas CDN-ONU.

	SUBTIPO DE DEREITO/GASTO
SUPERVIVENCIA	1.1 Alimentación 1.2 Vivenda e infraestruturas básicas 1.3 Saúde 1.4 Asistencia social 1.5 Benestar económico
DESENVOLVEMENTO PLENO	2.1 Educación 2.2 Cultura e ocio 2.3 Políticas de xuventude 2.4 Desenvolvemento económico e medioambiental
PROTECCIÓN	3.1 Dereitos básicos 3.2 Protección 3.3 Seguridade 3.4 Xustiza
INFORMACIÓN	4.1 Información 4.2 Participación
OUTROS	5. Outros bens públicos

Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública.



SITUACIÓN DA INFANCIA EN GALICIA

VIII. SITUACIÓN DA INFANCIA EN GALICIA

A Axenda 2030, impulsada pola Organización das Nacións Unidas (ONU) estableceu, en 2015, os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) que é preciso alcanzar nos próximos anos. Algúns dos ODS tratan de potenciar os dereitos da infancia e mocidade, contando para iso con programas específicos orientados a erradicar a pobreza, garantir unha boa saúde, acadar unha educación de calidade, posibilitar un emprego digno nunha contorna de crecemento económico e reducir a desigualdade.

Isto supuxo que os países asinantes dos ODS teñan comezado a prestar maior atención á incidencia das políticas públicas destinadas á infancia e a mocidade. Para o caso español, este exercicio de responsabilidade debe contar, como non podía ser doutro xeito, coas Comunidades Autónomas (CCAA), posto que dende este nivel de goberno deséñanse e executan unha parte moi importante das actuacións públicas para os nenos e novos.

Neste senso, a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, dependente da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta é o departamento autonómico responsable en Galicia de deseñar e executar as políticas de atención á infancia e adolescencia; esta tarefa realízase a través da Subdirección Xeral de Política Familiar Infancia e Adolescencia.

O goberno autonómico aprobou, en 2019, a Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia (EGIA), un ambicioso proxecto onde se recollen 227 actuacións, cunha dotación económica de 105 millóns de euros. Esta iniciativa artéllase en catro liñas estratéxicas: i) a promoción dos dereitos e a participación dos nenos e mozos dende unha óptica activa; ii) o crecemento equilibrado e saudable, mellorando o benestar físico, psíquico, emocional e social da infancia e mocidade a través de hábitos de vida saudable; iii) a intervención ante situacións de dificultade, risco e conflito que poidan afectar á infancia e mocidade, prestando unha especial atención aos escenarios máis vulnerables; e iv) mellora da calidade do sistema e práctica institucional, reforzando a calidade dos recursos por medio da investigación, formación e cooperación en materia de infancia e mocidade.

Ademais, e como importante novidade para 2019, dende a Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia (agora Política Social e Igualdade) decidiuse incorporar nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma un informe sobre o impacto que teñen na infancia e adolescencia as dotacións consignadas nos orzamentos autonómicos. Dito informe inclúese na Serie Violeta dos libros dos orzamentos.


Se nos fixamos nos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE) podemos obter unha ampla visión da situación e dos indicadores relacionados coa infancia e adolescencia en Galicia.

En relación a poboación, a 1 de xaneiro do ano 2024, dos 2.705.833 habitantes de Galicia, o 13,6% tiñan menos de 18 anos (dos que un 10,9% eran persoas de ata 14 anos incluídos). No que respecta a porcentaxe de poboación de 0 a 17 anos sobre o total de poboación, segundo o sexo, o dato para 2024 foi de 14,6% homes e 12,7% mulleres.

Tendo en conta os datos provisionais para 2025 publicados, do total de habitantes de Galicia neste período o 13,4% terían menos de 18 anos. Sendo a porcentaxe de homes do 14,4 e a de mulleres do 12,6 sobre o total da poboación.

O seguinte gráfico mostra a previsión sobre a evolución do peso deste grupo no conxunto da poboación. A tendencia é descendente acadando unha porcentaxe do 11,1% en 2039 (un 2,3% menos que o dato provisional de 2025).

Gráfico 1. % poboación de 17 anos ou menos (2023-2039)



Fonte: IGE


Con respecto o número de nacementos a tendencia é que vaia aumentando progresivamente. O IGE proxecta unha taxa bruta de natalidade en lixeiro ascenso, dende os 5,1 nacementos por cada 1.000 habitantes en 2024, os 5,2 en 2030 e finalmente 5,8 en 2038. Por outro lado, a proxección relativa ao saldo vexetativo amosa que no 2024 son 20.548 habitantes menos en Galicia, reducíndose aos 20.253 en 2038. O saldo vexetativo por 1.000 habitantes situaríase no (-7,6) para 2024 e (-7,5) para 2038.

Con respecto o saldo migratorio, o dato proxectado polo IGE para 2038 é de 14.777.

Con respecto as zonas onde se concentra a poboación entre 0 e 17 anos, no ano 2024, o 38,5% da poboación vive en zonas densamente poboadas (ZDP), un 40,6% en zonas intermedias (ZIP) e un 20,9% en zonas pouco poboadas (ZPP). As taxas brutas de natalidade máis elevadas corresponden ás ZDP e as ZIP con 5,6 nacementos por 1.000 habitantes e 5,4 respectivamente para 2023, mentres que nas ZPP a cifra é de 4,4 nacementos por 1.000 habitantes.

No que atinxe á **composición dos fogares** en Galicia, en 2023 o 6,24% dos fogares tiña unha ou máis persoas menores de 5 anos, mostrando unha redución de 3,46 puntos respecto de 2007 (9,7%). En 2023, a porcentaxe de fogares cunha persoa menor de 16 anos era do 12,66% (15,97% en 2007), e acadaba o 7,67% (8,19% en 2007) no caso de fogares con dous ou máis persoas menores de 16 anos.


Gráfico 2. Fogares segundo o número de persoas menores de 16 e de 5 anos. 2023



Fonte: IGE

En función da tipoloxía dos fogares en 2023, o 28,5% estaba formado por parellas con fillos, mostrando unha redución de 6,3 puntos respecto ao dato de 2007 (34,8%). En sentido contrario increméntase a porcentaxe dos fogares unipersoais ao pasar do 18,8% en 2007 ao 23,8% en 2023. A porcentaxe dos fogares monoparentais sitúase en 2023 no 10,4%, 1,4 puntos porcentuais por enriba da porcentaxe rexistrada en 2007.


Gráfico 3. Fogares segundo a tipoloxía do fogar. Comparativa 2007 e 2023



Fonte: IGE

Segundo o sexo da persoa sustentadora principal obsérvase unha maior porcentaxe de fogares monoparentais cando a muller é a sustentadora principal (17,33%) en comparación cos homes sustentadores principais (5,8%).

Gráfico 4. Tipoloxía do fogar segundo o sexo da persoa sustentadora principal. 2023



Fonte: IGE

Con respecto os indicadores de infancia e adolescencia que publica o IGE, os principais **indicadores educativos** mostran que a porcentaxe de abandono educativo temperán foi do 10,8% en 2024 aumentando con respecto o do ano anterior, aínda que se mantén máis de 2,2 puntos por debaixo da media nacional (13%) e é lixeiramente superior o dato do conxunto da UE27 (9,4%). Esta porcentaxe é moi superior nos homes, 15%, fronte ás mulleres, 6,5%.

Os estudantes de 15 anos con baixo rendemento nas probas de lectura sitúase para 2022 (último dato dispoñible) no 18,8%, 5,6 puntos porcentuais inferior que no conxunto do Estado, por sexo a porcentaxe nas mulleres é do 14 e nos homes do 23,4.

En 2023, último dato dispoñible, a taxa neta de escolarización aos 0 e 1 anos sitúase no 56,4% . A taxa aos 2 anos ascende ata o 78,6% e a taxa aos 3 anos é do 97,1%. Estas taxas rexistran un incremento positivo nos últimos 5 anos, tendo un lixeiro descenso no ano 2021.


En 2022, a porcentaxe do alumnado de 6º de primaria promovido para pasar ao curso seguinte foi do 99,3% e a taxa de idoneidade escolar na idade teórica de inicio de curso, 12 anos, en 1º curso de ESO, segundo o xénero en 2023 rexistra un valor do 89,2%. Para 2022, a porcentaxe de alumnado de 4º de ESO promovido para pasar ao curso seguinte é do 91,4%.

No ámbito sanitario destaca que a elevada cobertura da vacinación, así a cobertura da primovacinação da poboación de 0-1 anos en 2023 acada o 100% na Pneumocócica conxugada, o 99,8% na Poliomielite, DTPa, Hib, e Hepatite B, o 98,6% na Meninxite C, o 96,7% no caso da triple vírica.

A cobertura da vacinación de reforzo da poboación de ata 3 anos de idade descende ata o 92,2% para a triple vírica, ata o 93,2% no Hib, na poliomielite, DTPa e Pneumocócica conxugada e é do 99,9% para Meninxite C.

A situación económica das familias marca claramente o **benestar social da infancia** e adolescencia. En 2023 o ingreso medio por unidade de consumo do fogar con nenos e mozos ao seu cargo era de 1.471 euros, (o dato para 2007 foi de 1.113) fronte aos 1.670 euros (1.114 euros en 2007) dos fogares sen nenos e mozos ao seu cargo. Estas cifras permiten sinalar os inferiores ingresos dos fogares con nenos e mozos a cargo e como se ampliou a diferenza entre o ingreso mensual dos fogares sen nenos e mozos respecto dos que os teñen, pasando de 1 euros en 2007 aos 199 euros en 2023 por unidade de consumo e mes. Esta diferenza é superior se consideramos os fogares formados por dous adultos con nenos ou mozos a cargo e o comparamos cos fogares con dous adultos sen nenos ou mozos a cargo, neste caso a diferenza de ingresos en 2007 era de -13 euros que se incrementan a 225 en 2023. En consecuencia, móstrase un empeoramento relativo das condicións económicas das familias con nenos e mozos, respecto daquelas que non teñen fillos.

Gráfico 5. Ingreso medio mensual por unidade de consumo segundo o fogar teña ou non nenos e mozos a cargo e diferenzas entre fogares sen e con nenos e mozos a cargo . 2023




Fonte: IGE

Outra das cuestións que afectan ao benestar económico e social da infancia e adolescencia é a existencia de altos niveis de pobreza. Un indicador elevado de pobreza é a secuela inmediata tras unha crise económica. O indicador AROPE, de taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europea 2030), segundo limiar de pobreza autónomo, en Galicia resulta inferior á media nacional. O dato para 2023 en Galicia, segundo os datos do IGE, era do 17,29% (19,9% en 2020) sendo o valor medio nacional en 2024 do 25,8% (27% en 2020).

Considerando a composición do fogar, a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) para fogares con nenos e mozos a cargo foi en 2023 do 19,29% (3,04 puntos menos que en 2020), mentres que caeu a 15,83% para os fogares sen nenos e mozos ao seu cargo. En 2015, o indicador anterior era do 25,66% e 23,07%, respectivamente. Xa que logo, a situación entre 2015 e 2023 mellorou notablemente tanto para os fogares sen nenos e mozos ao seu cargo como para os fogares con nenos e mozos.

Gráfico 6. Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2030) segundo o fogar teña ou non nenos e mozos a cargo 2023.



Estes datos amosan a necesidade de seguir orientando adecuadamente o gasto público autonómico cara á nosa infancia e adolescencia. Non se pode obviar que os resultados mostrados esixen aumentar os esforzos por parte das administracións públicas con competencias en materia de infancia e adolescencia, como mellor ferramenta para combater a pobreza infantil e xuvenil. Isto implica un esforzo orzamentario maior, tanto dende a óptica da eficiencia como a equidade. O primeiro paso para acadar ambos obxectivos é cuantificar o que se está facendo e poñer en valor as políticas aplicadas, introducindo aquelas melloras que nos garantan maiores cotas de benestar para infancia e adolescencia.

Estratexia do Goberno galego

A Estratexia Galega para a Infancia e a Adolescencia, inspírase nunha serie de principios que orientan a determinación dos obxectivos operativos e a definición das medidas incluídas en cada liña estratéxica de intervención. Estes principios son:

- **A supremacía do interese da persoa menor de idade.** As medidas que se adopten en aplicación desta estratexia, tanto por parte das institucións públicas como privadas, realízanse cunha consideración primordial do interese superior da persoa menor de idade. Este concepto defínese desde un contido triplo. Por unha parte, é un dereito substantivo no sentido de que a persoa menor ten dereito a que, cando se adopte unha medida que lle afecte, os seus mellores intereses tivesen sido avaliados e, no caso de que haxa outros intereses en presenza, se ponderaran á hora de chegar a unha solución.

Por outra, é un principio xeral de carácter interpretativo, de maneira que se unha disposición xurídica pode ser interpretada en máis dunha forma débese optar pola interpretación que mellor responda aos intereses da persoa menor. Pero ademais, en último lugar, este principio é unha norma de procedemento. Nestas tres dimensións, o interese

superior da persoa menor ten unha mesma finalidade: asegurar o respecto completo e efectivo de todos os seus dereitos, así como o seu desenvolvemento integral.

- **A promoción dos dereitos e do benestar de todos os nenos, nenas e adolescentes.** É necesario que teña lugar un cambio, tanto a nivel teórico como práctico, desde un enfoque centrado na prevención-protección a outro centrado na promoción dos dereitos da infancia e adolescencia, baseado no fomento da autonomía da persoa menor, como suxeito de pleno dereito. Para iso é necesario superar, desde o deseño mesmo das actuacións, o habitual enfoque de “protección á persoa menor de idade” cara a outro máis integrador de “promoción e desenvolvemento dos seus dereitos”. Esta é a base que debe orientar o deseño e execución de medidas e a toma de decisións en relación á infancia e á adolescencia.

- **A prevención e apoio no propio medio do neno, nena ou adolescente: apoio familiar.** Todas as accións preventivas e o apoio no medio do neno, nena ou adolescente deben ser as medidas prioritarias para evitar as situacións de risco e desamparo. Ao falar de infancia e adolescencia é preciso referirse tamén á familia, sinalando como mellor política neste ámbito o fortalecemento da capacidade dos pais e as nais para atender aos seus fillos e fillas. Cando isto non sexa posible débese buscar outra alternativa familiar, facendo fincapé na prestación de servizos similares á familia, como o acollemento familiar, a adopción e outras solucións análogas. O obxectivo é evitar, na medida do posible, o desarraigamento e o cambio de ámbito social de nenos, nenas e adolescentes en situación de especial vulnerabilidade.

- **A participación.** Todos os nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a ser escoitados en relación cos asuntos que lles atinxen e a que a súa opinión se teña en conta, en consonancia á súa idade e grao de madurez. Así, tenderase a promover a autonomía e participación da infancia e da adolescencia nos distintos ámbitos da vida social, cultural e deportiva, a través do fomento do asociacionismo e o voluntariado, de forma adaptada ás distintas etapas evolutivas e con criterios de igualdade, non discriminación e respecto pola súa diversidade.

- **A perspectiva da infancia e da adolescencia como enfoque transversal.** A consideración dos dereitos dos nenos e nenas converteuse nun asunto verdadeiramente transversal para o Consello de Europa e outras entidades e organismos. A perspectiva da infancia e da adolescencia debe trasladarse aos instrumentos de planificación e de actuación dos estados membros e, no caso español, tamén ás comunidades autónomas.

Isto implica valorar de que maneira o deseño e desenvolvemento de todas as políticas públicas pode afectar e contribuír á garantía dos dereitos e á satisfacción das necesidades do neno, nena e adolescente e a telo en consideración na toma de decisións.

- **O respecto pola diversidade.** Promoverase un modelo social inclusivo, de respecto pola diversidade, no que se fomenten valores como a igualdade e a tolerancia e no que as diferenzas se integren como un factor de enriquecemento. Este modelo supón poñer en valor a presenza de diferenzas de distinta natureza en nenos, nenas e adolescentes: diversidade cultural, étnica, racial, de orientación e identidade sexual, etc.

- **A inclusión da perspectiva da discapacidade de maneira transversal.** A consideración transversal da discapacidade no deseño e posta en marcha das actuacións supón incorporar o principio de respecto pola diversidade das persoas con discapacidade e que todas as actuacións deseñadas para os nenos, nenas e adolescentes contemplan a consideración das súas necesidades específicas. O obxectivo é conseguir a súa participación en condicións de igualdade co resto da poboación e a súa plena inclusión social.

- **A transversalidade da perspectiva de xénero.** Considérase a igualdade de xénero como un elemento transversal en todas as políticas e accións da Administración Pública Galega. A transversalidade de xénero, ademais de ser un imperativo legal, constitúe unha ferramenta esencial no deseño de políticas públicas non discriminatorias nas que se atende ás diferenzas entre homes e mulleres e se avalían o seus efectos en función do xénero. Na práctica, este enfoque permite, por exemplo, que no traballo coa infancia e adolescencia e as súas familias se persiga unha participación equitativa na toma de decisións, libre da asignación de visións e roles estereotipados; se eduque desde a igualdade, tendo en conta as diferentes necesidades, expectativas e intereses de mulleres e de homes; se avalíen plans, programas e servizos utilizando indicadores de xénero previamente establecidos etc.

Ademais destes principios inspiradores, cómpre enumerar unha serie de criterios que rexerán o desenvolvemento das actuacións:

- A universalidade, na medida en que se dirixe a todos os nenos, nenas e adolescentes, ás administracións públicas e á sociedade en xeral.
- A igualdade, sustentada no principio de non discriminación e que implica que todos os nenos, nenas e adolescentes son destinatarios das distintas actuacións en igualdade de condicións.
- A equidade, de xeito que se priorice a atención a aqueles nenos, nenas e adolescentes en situacións de vulnerabilidade ou desvantaxe social.
- A coordinación, entendida nun sentido amplo como cooperación e deseño de actuacións entre as distintas administracións públicas e entidades de iniciativa social que traballan neste ámbito, e como establecemento de sinerxías entre os sistemas máis directamente implicados no benestar da poboación infantil e adolescente: sistema educativo, sanitario, social e xudicial.

- A accesibilidade universal, criterio que se traduce na procura de servizos e espazos adaptados para o seu uso pola poboación infantil e adolescente da maneira máis autónoma e natural posible e no acceso á información e á comunicación.
- A proximidade, entendida como o impulso ao desenvolvemento de intervencións e á prestación de servizos desde o medio máis preto ao lugar de residencia do neno, nena ou adolescente.
- A calidade e a eficiencia, no sentido de optimizar os recursos existentes comprometéndose coa calidade dos servizos prestados.

Entre estes principios orientadores destaca “A perspectiva da infancia e da adolescencia como enfoque transversal. Propoñéndose integrar a perspectiva da infancia e da adolescencia no conxunto de políticas públicas que desenvolve o goberno galego: A consideración dos dereitos dos nenos e nenas converteuse nun asunto verdadeiramente transversal que debe trasladarse aos instrumentos de planificación e de actuación o que implica valorar de que maneira o deseño e desenvolvemento de todas as políticas públicas pode afectar e contribuír á garantía dos dereitos e á satisfacción das necesidades do neno, nena e adolescente e a telo en consideración na toma de decisións”.

Para materializar o obxectivo estratéxico denominado “PARA A PROMOCIÓN DOS DEREITOS E A PARTICIPACIÓN” establécense un total de seis obxectivos de carácter operativo, dous dos cales fan referencia expresamente a perspectiva da infancia e da adolescencia nas distintas políticas públicas co que se permitirá situar o interese superior da persoa menor de idade no deseño e aplicación destas, do que este informe constitúe o seu primeiro paso.

Da análise dos datos contidos neste informe pódese afirmar que os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes en Galicia, son tidos en conta nestes Orzamentos.

Unha primeira valoración evidencian a aposta do goberno pola infancia e que as partidas orzamentarias están reflectindo que a infancia é unha prioridade para a axenda política.

Non basta destinar recursos a sectores sociais específicos, senón que é necesario que cada investimento teña un impacto potencial na infancia que busque reducir desigualdades e poña aos nenos e nenas no centro da actuación da Administración Autonómica. Isto non poderá facerse sen partir dos principios de participación, transparencia, accesibilidade e universalidade.

A medición e identificación do gasto público destinado á infancia nos orzamentos, que desenvolve este informe, ten un valor en si mesmo para coñecer as cifras xerais (e por sectores) e mellorar a súa trazabilidade, seguimento e monitoreo, para identificar incrementos ou diminucións das partidas relevantes para a infancia e analizar a maior ou menor orientación do orzamento cara aos nenos, nenas e adolescentes.

Pero, ademais, a medición é un primeiro paso necesario para poder realizar outras análises como a avaliación da eficacia, a eficiencia, a suficiencia de recursos, a sostibilidade e a transparencia das contas públicas que teñen que ver coa infancia.



ANÁLISE DA INFORMACIÓN


IX. ANÁLISE DA INFORMACIÓN

IX.1. Resultados xerais

A porcentaxe que supón o gasto en infancia e adolescencia nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia en 2026 é do 27,5% (1). En termos absolutos isto supón máis de 3.912 millóns de euros, e representa un incremento interanual do 0,7% respecto o ano anterior.

Se nos fixamos no gasto realizado polas consellerías, estas acumulan o 74,56% do total do orzamento destinado a infancia e a adolescencia e é a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a que representa unha maior porcentaxe co 82% do total deste gasto, seguida da Consellería de Política Social e Igualdade, con un 8% (Gráfico 7).

Gráfico 7. Gasto en infancia e adolescencia por Consellería (en porcentaxe respecto ao total das consellerías).




Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Se temos en conta o gasto destinado a infancia respecto do orzamento total de cada consellería, (Gráfico 8.) vemos que, novamente, é a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a que destina unha maior parte do seu orzamento a infancia e adolescencia (80,2%), seguida da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (20,3%), e da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude que destina o 18% do seu

¹ Porcentaxe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os capítulos de gasto VIII e IX de activos e pasivos financeiros.

orçamento a infancia e adolescencia. Pola contra, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración é a que amosa un menor porcentaxe de gasto infancia sobre o total da Consellería (3%).

Gráfico 8. Porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia por Consellería
(en porcentaxe respecto ao total de gasto de cada Consellería)




Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

Dereitos da infancia

Atendendo á clasificación do gasto segundo os dereitos da infancia, as partidas da Xunta de Galicia con maior volume de recursos corresponden ao dereito ao Desenvolvemento pleno, que con mais de 2.740 millóns representa o 70% do total do gasto en infancia e adolescencia sendo o máis elevado.

O dereito a Supervivencia, con 938,5 millóns, representa o 24%, do orzamento de infancia e adolescencia. Cun menor peso sitúase o gasto en Outros bens públicos (3,4%) e finalmente o gasto en Protección (2,4%) e o gasto en Información (0,2%).

Gráfico 9. Porcentaxe de gasto segundo os dereitos da infancia e adolescencia



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública

No que atinxe o gasto en Desenvolvemento pleno é fundamental para que os nenos podan desenvolver as súas habilidades e talentos, sendo as partidas que mais destacan as que están relacionadas co subtipo Educación.

Con respecto a Supervivencia, este dereito recolle todos aqueles recursos, aptitudes e contribucións necesarias para o benestar dos nenos, destacando o gasto destinado os subtipos de Saúde e Vivenda e infraestruturas

O dereito de Protección orientase en accións destinadas a eliminar todo tipo de violencia e explotación, sendo neste caso o subtipos Xustiza, Protección e Dereitos Básicos aos que se destina o maior porcentaxe.

O dereito de Información agrupa as accións encamiñadas a proporcionar as ferramentas necesarias para que podan tomar decisións informadas e participar na sociedade.

IX.2. A estrutura por categoría principal de gasto

Como se menciona no apartado anterior, o dereito Desenvolvemento Pleno é o de mais peso dentro dos orçamentos, seguido de Supervivencia e xuntos representan o 94% do total do gasto.

Unha maior desagregación destes dous dereitos mostra que, en relación o Desenvolvemento pleno, dos mais de 2.740 millóns que a Xunta destina a este dereito, o 95% concéntrase no subdereito educación, con máis de 2.590 millóns de euros. O subdereito Desenvolvemento económico e medioambiental destínanse 108 millóns, o que representa o 4%.

Para atender o dereito de Supervivencia, destínanse case 938,5 millóns sendo o subdereito Saúde o que representa o 83% do gasto con 783 millóns e o gasto relacionado co dereito Vivenda e infraestruturas básicas representa o 7% con mais de 62,6 millóns de euros. Tamén destaca Asistencia Social con 42,4 millóns e Alimentación con case 31,5 millóns.

No que atinxe ao dereito á Protección, o importe orzamentado en 2026 ascende a 93,6 millóns de euros, neste apartado a meirande parte do gasto corresponde a Xustiza, con 36 millóns - que, entre outros gastos, recolle programas destinados a menores infractores - e a Dereitos básicos e Protección con un importe de mais de 24, 3 e 24,5 millóns respectivamente.

Por último, na categoría de Información, divídese o gasto entre as subcategorías información e participación, os que se destinan 4,2 e 2,3 millóns respectivamente. Así, o orzamento de 2026 previsto para este apartado supera os 6,5 millóns de euros.

IX.3. Clasificación dos proxectos

Clasificando os proxectos segundo a porcentaxe do gasto que se destina a infancia pódense distinguir os seguintes grupos:


- i) Proxectos sen gasto en infancia
- ii) Proxectos con gasto en infancia e adolescencia inferior á porcentaxe da poboación menor de 18 anos (13,6% (2))
- iii) Proxectos con gasto en infancia e adolescencia igual á porcentaxe da poboación menor de 18 anos (13,6%)
- iv) Proxectos con gasto en infancia e adolescencia superior á porcentaxe da poboación menor de 18 anos (13,6%) pero menor do 100% do gasto do proxecto

v) Proxectos co 100% do gasto destinado a infancia e adolescencia.

A partires desta clasificación, o Gráfico 10 resume os resultados.

Ao 61,7% do total do orzamento estéselle a imputar un gasto en infancia e adolescencia segundo a porcentaxe que esta poboación supón sobre o total (13,6%), un 15,5% non ten gasto asociado a infancia e adolescencia e un 17,8% do gasto do orzamento está destinado exclusivamente a este colectivo.

Gráfico 10. Porcentaxe do orzamento segundo categorías dos proxectos



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



ORZAMENTO EN INFANCIA E ADOLESCENCIA SEGUNDO O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG)

X. ORZAMENTO EN INFANCIA E ADOLESCENCIA SEGUNDO O PLAN ESTRATÉXICO DE GALICIA (PEG)

O PEG 22-30 distribúe o orzamento da Xunta de Galicia (orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os gastos do capítulo VIII e do IX nin o apartado 95 de amortización da débeda pública)) en cinco grandes Eixes:


- Eixe I: O reto demográfico
- Eixe II: Galicia verde e sostible
- Eixe III: Competitividade e crecemento
- Eixe IV: Cohesión social e territorial
- Eixe V: Gobernanza

Se temos en conta a porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia de cada un dos eixes observamos que é no Eixe IV de Cohesión social e territorial onde a porcentaxe é mais elevada, case un 65% - posto que é neste eixe onde se encadra a educación- seguido do Eixe I, co 26%, -que recolle o gasto en saúde e temas relacionados coa conciliación (tanto actividades enmarcadas na campaña de verán como actuacións nas escolas infantis e casas niño)-.


No eixe 3 a porcentaxe é de algo máis do 4% - recolle gasto en actuacións en materia de ciberseguridade-.

O eixe 2 e 5 son os que representan unha menor porcentaxe do gasto, co 2,03% e 3,01% respectivamente.

Gráfico III.1. Porcentaxe de gasto segundo as Eixes do PEG



Fonte: Consellería de Facenda e Administración Pública



CONCLUSIÓN

XI. CONCLUSIÓNS

O obxectivo deste informe é analizar, dende a perspectiva da infancia e adolescencia, a política de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026. A necesidade de contar con ferramentas que avalíen axeitadamente o esforzo destinado aos nenos precisa dispoñer de información sobre os esforzos autonómicos que se están a facer.

Polo tanto, é preciso ter en conta os orzamentos dedicados a infancia e adolescencia para medir o grado de adecuación dos mesmos as necesidades. O anterior, garante un exercicio de transparencia sobre os procedementos de asignación dos orzamentos para comprobar a incidencia real sobre a infancia e adolescencia.

Para estes orzamentos realizouse un exercicio de estimación pomenorizado de políticas relacionadas coa infancia por parte da Xunta de Galicia. Con este traballo cúmprese unhas das recomendacións feitas pola ONU para coñecer a incidencia das actuacións orzamentarias, dende a perspectiva do gasto. Do análise das actuacións, derívanse as seguintes conclusións:

A porcentaxe que supón o gasto en infancia e adolescencia nos Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia en 2026 é do 27,48% (3). En termos absolutos isto supón máis de 3.912 millóns de euros. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional protagoniza o 82% do total deste gasto, seguida da Consellería de Política Social e Igualdade con un 8%.


Se temos en conta o gasto destinado a infancia respecto do orzamento total de cada consellería, novamente, é a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a que destina unha maior parte do seu orzamento a infancia e adolescencia (80,24%), seguida da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (20,34%). Pola contra a Consellería de Comercio, Emprego e Emigración é a que amosa un menor porcentaxe de gasto (3,05%).

Atendendo á clasificación do gasto segundo os dereitos da infancia (Desenvolvemento pleno, Supervivencia, Protección, Información e Outros bens públicos) o gasto en *Desenvolvemento pleno* é o máis elevado (70%), seguido do gasto en Supervivencia (24%). O subdereito que, con diferenza, concentra maior gasto é o de Educación. Este subdereito encádrase dentro do Desenvolvemento pleno e representa o 95% de este.

Se temos en conta o tipo de proxecto (clasificados segundo a seu grao de incidencia na infancia e adolescencia) ao 61,7% do orzamento estéselle a imputar un gasto en infancia e adolescencia segundo a porcentaxe que esta poboación supón sobre o total (13,6%), un 15,5% non ten gasto asociado a infancia e adolescencia e *un 17,8% do gasto do orzamento está destinado exclusivamente a este colectivo.*

3 Porcentaxe referido ao orzamento consolidado, que comprende o das entidades con orzamento limitativo (Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas autonómicas e entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta) e no que non se contemplan os capítulos de gasto VIII e IX de activos e pasivos financeiros.

Se temos en conta a porcentaxe de gasto en infancia e adolescencia de cada un dos eixes do *Plan Estratégico de Galicia 2022-2030*, observamos que é no Eixe IV de Cohesión social e territorial onde a porcentaxe é mais elevada, un 64,9%, dado que é neste eixe onde se encadra a educación, seguido do Eixe I (26%), -que recolle o gasto en saúde, e temas relacionados coa conciliación.



BIBLIOGRAFÍA

XII. BIBLIOGRAFÍA

Comité de los Derechos de Niño (2010). Observaciones finales sobre los informes periódicos quinto y sexto combinados de España dirigidas a las Comunidades y Ciudades Autónomas, Convención de los Derechos del Niño, /c/ESP/CO/5-6 [consultado o 19 de setembro de 2019] Disponible en <https://www.aepap.org/sites/default/files/noticia/archivos-adjuntos/observaciones-finales-v-iv-informes-aplicacion-convencion-derechos-nino-en-espana.pdf>

ONU (2003). Observaciones Generales del Comité de los derechos de los niños, UNICEF, CRC/GC/2003/5, novembro [consultado o 19 de setembro de 2019]. Disponible en <https://www.unicef.org/ecuador/UNICEF-ObservacionesGeneralesDelComiteDe-LosDerechosDelNino-WEB.pdf>

UNICEF- Comité Español (2015). Cuadernos para el debate 4. La infancia de los presupuestos. Estimación de la inversión en políticas relacionadas con la infancia en España y su evolución entre 2007 y 2013. Madrid.

UNICEF-Comite Español (2006). Convención sobre los derechos del niño, Plan de Acción de la Cumbre Mundial a favor de la Infancia, 30 de setembro de 1990 [consultado o 19 de setembro de 2019]. Disponible en <http://www.un.org/es/events/childrenday/pdf/derechos.pdf>

UNICEF-Comité Español (2018). Medición de la inversión presupuestaria en la infancia. Propuesta metodológica y primeros resultados en España, Madrid [consultado o 19 de setembro de 2019]. Disponible en <https://www.unicef.es/publicacion/medicion-de-la-inversion-presupuestaria-en-la-infancia-propuesta-metodologica>

